

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 20**

### **SESION ORDINARIA DO 26 DE NOVEMBRO DE 2012**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Veloso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### **NON ASISTE:**

Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta e oito minutos do día vinte e seis de novembro do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades

Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno en sesión ordinaria convocada para o día de hoxe ao rematar o Pleno extraordinario de comparecencia do Valedor do Cidadán. Estamos en sesión pública, constátase quórum e iniciamos o Pleno ordinario de acordo coa orde do día.

1.-(232).- ACTAS ANTERIORES. (ACTAS EXT. 25.10 E ORD. 29/31.10.12)

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas do Pleno correspondentes ás sesións extraordinaria do 25 de outubro e ordinaria dos días 29 e 31 de outubro de 2012.

2.-(233).- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.1.(234).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO GALLO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES. EXPTE. 553/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de novembro, núm. 553/1101, a xefa do Servizo de Igualdade, coa conformidade da

concelleira delegada, achega proposta de texto para declaración institucional co gallo do día 25 de novembro, Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, elaborado polo Consello Municipal da Muller, para a súa lectura perante o Pleno da Corporación.

A Xunta de Voceiros, na súa sesión do día 22 de novembro, aproba a inclusión do citado texto, que se transcribe deseguido, na orde do día do Pleno ordinario correspondente ao mes de novembro, para ser lido pola membro do Consello municipal da Muller, dona Elena Rodríguez Giráldez.

“Un ano máis, lembramos esta data con sensibilidade e impotencia porque, malia todos os recursos, leis e demais medidas, non damos eliminado esta lacra social.

A desigualdade nas relacións de poder entre mulleres e homes necesita dun compromiso permanente do conxunto da sociedade civil, as administracións e institucións, con actuacións que fagan posible un cambio nos valores e pautas culturais, engadindo un novo escenario social baseado no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade entre mulleres e homes.

Nesta situación xeneralizada, é urxente responder axeitadamente e de maneira efectiva para eliminar esta lacra social que, no que vai de ano, lles custou a vida a cincuenta e tres mulleres.

Son moitas as causas polas que as mulleres sofren vexacións e todo tipo de violencia machista, sobre todo neste tempo de crise, porque a pobreza é tamén causa de violencia, pois non dispor de recursos propios fai que moitas mulleres non se atrevan a dar un paso adiante porque as perspectivas de futuro son terribles.

Neste apartado reivindicamos que a crise non a padezan as persoas máis vulnerables. Non se pode permitir que as mulleres vítimas de violencia estean sufrindo atrasos nos trámites e nas resolucións de axudas.

Constatamos unha inqueda común: existe moita demora na percepción de axudas, máis salientable se cabe nas destinadas a alugueiro de vivenda, o que atranca en moitos casos a normalización da vida cotiá destas mulleres.

As políticas que se están aplicando nestes momentos tampouco axudan a reducir a situación que sofren cada vez máis mulleres, e cada vez son máis novas as vítimas do machismo, sen esquecermos das nenas e nenos que conviven nun ambiente violento que lles afecta directamente e prexudica gravemente ao seu futuro.

Uns anos despois da entrada en vigor da Lei integral contra a violencia de xénero e a Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, obtivéronse importantes avances. Non obstante, adoptamos unha necesaria posición crítica e construtiva a prol da revisión permanente nos recursos e medidas para avanzar en melloras que nos leven ao obxectivo da lei: evitar ese dramático

goteo de novas vítimas que pesan na sociedade coma unha lousa.

Unha aplicación eficaz debe visualizar os déficits existentes, e debe reforzar os recursos materiais e humanos así como procurar unha maior eficacia nos mecanismos de protección e coordinación xudicial, policial e institucional, tanto no ámbito das comunidades autónomas como dos concellos.

Para que as medidas dos plans contra a violencia de xénero acaden os seus obxectivos, cómpre que os e as profesionais que asisten e asesoran ás vítimas poidan desenvolver eficaz e efectivamente o seu traballo, de xeito que redunde en beneficio do amparo, protección e seguridade das agredidas.

É imprescindible que as administracións públicas garantan os recursos suficientes en formación, infraestruturas e servizos. É importante unha análise dos distintos mecanismos e elos que faltan na cadea de protección, xa que os datos constatan que, malia as ordes de protección, as mulleres son asasinadas.

Hai que garantir a asistencia xurídica e social para que a muller estea informada dos dereitos e medidas que pode solicitar. Ao mesmo tempo, reivindicamos a ampliación do Equipo de vixilancia e apoio policial (EVAP), existente na cidade de Vigo, ás grandes cidades galegas.

O traballo de prevención é prioritario, e nel toda a sociedade ten responsabilidade: poden detectarse casos próximos, que se deben denunciar e implicar ás institucións e gobernos para erradicar de vez a violencia machista.

Dende o Consello Municipal da Muller, onde estamos representadas a maior parte das organización feministas, políticas e sindicais, este 25 de novembro desexamos para todas as mulleres que están a sufrir agresións psíquicas e físicas un futuro máis feliz e que non perdan a esperanza de vivir, porque todas e todos seguiremos traballando, demandando todos os recursos necesarios para conseguilo. Por iso, nesta data, necesitamos a implicación de todos os estamentos públicos para que día a día se supere esta lacra social que cómpre erradicar.”

*A anterior declaración institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.*

### 3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1.(236).- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS POR DESAFECTACIÓN DO CAMIÑO DA VERDELLA R-2, NA PARROQUIA DE OIA, EN CUMPRIMENTO DE SENTENZA. EXPTE. 17630/240 (558/1101)

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 9 de novembro o xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis da concelleira delegada, emite o seguinte informe:

“1º.- No Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo Plenario do 4 de maio de 1993, consta no seu epígrafe I-Vías Públicas, a seguinte rúa: Camiño Verdella R-2 con orixe no camiño Verdella e remate en finca particular, dunha lonxitude de 200 m., situada na parroquia de Oia e grafiada como vía pública na folla 6-36 da cartografía de viais.

2º.- O Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no procedemento ordinario 114/2008, seguido no recurso contencioso administrativo interposto por Dª María Juana González Alonso e outros, ditou sentenza en data 23 de maio do 2012 na que, estimando dito recurso, anula o acordo impugnado e condena a esta administración a rectificar o Inventario municipal no senso de excluír do mesmo dito camiño ao considerar non xustificada a inclusión, procedendo a súa baixa inventarial.

Sentenza firme da que se deu conta á Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 29 de xuño do 2012.

3º.- A teor do contido da sentenza, estimando a rectificación inventarial instada polos recorrentes, o que ven afectar a consideración de vía pública que resulta do Inventario municipal dese ramal 2 do camiño Verdella, interesouse do servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo proposta de rectificación da cartografía municipal de viais (folla 6-36) aos efectos de proceder á rectificación inventarial en cumprimento e execución desa resolución xudicial.

O topógrafo municipal, emite informe o pasado 7 de novembro, achegando plano da folla cartográfica 6-36 do Inventario municipal de bens-viais, coa rectificación gráfica resultante.

4º.- Consecuentemente co que antecede, e dado o deber das administracións públicas e demais entidades públicas e privadas do respecto e cumprimento das sentenzas e demais resolucións xudiciais que sexan firmes ou executivas de acordo coas leis, tal e como dispón o art. 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, cumpre nos termos sinalados na sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, proceder a rectificación no IMBD do seu epígrafe I- Vías, dando de baixa ao camiño. Verdella R-2 e rectificando a grafía da folla 6-36 de acordo coa proposta do Servizo de Cartografía que consta no expediente.

5º.- Resulta competente para a adopción do acordo de rectificación do Inventario municipal o Pleno Municipal, de acordo co disposto no artigo 34 do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais.”

Por todo o anterior, o xefe do Servizo de Patrimonio emite a proposta que se contén

na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda, Educación e Patrimonio, na súa sesión do 19 de novembro, por maioría, ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a rectificación do Epígrafe I Vías Publicas do Inventario municipal de bens e dereitos, dando de baixa ao camiño Verdella R-2, situado na parroquia de Oia (C. Rueiro 04910), e anulando súa grafía reflectida na folla 6-36 da cartografía de viais, de acordo coa proposta do servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo de data 7 de novembro do 2012.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados, servizos municipais correspondentes e á Xerencia Municipal de Urbanismo.

3.2.-(237).- ADOPCIÓN DE ACORDO POR IMPERATIVO LEGAL DECLARANDO A INDISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS NO CAPÍTULO I, CORRESPONDENTES Á PAGA EXTRAORDINARIA DE DECEMBRO DE TODOS OS EMPREGADOS PÚBLICOS DO CONCELLO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 102034/140 (560/1101)

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 29 de outubro de 2012, o interventor xeral emite o seguinte informe:

“Normativa

- Real Decreto Lei 20/2012, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.
- Lei 2/2012, do 29 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento parcial da Lei 39/1988

- Nota informativa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do 05/09/2012
- Criterios para a aplicación do Título I do Real Decreto Lei 20/2012, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

#### Informe-proposta

O apartado 1 do artigo 2 do Real Decreto-lei 20/2012, "Paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público", establece a obriga de reducir as retribucións anuais de 2012 do persoal ao servizo do sector público, no importe correspondente á paga extraordinaria a percibir no mes de decembro, nos seguintes termos:

*"No ano 2012 o persoal do sector público definido no artigo 22.Un da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado, verá reducida as súas retribucións nas contías que corresponda percibir no mes de decembro como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do devandito mes".*

Adicionalmente, o artigo 22 da Lei 2/2012, de Presupostos Xerais do Estado para 2012, establece no seu apartado Dous, que:

*"No ano 2012, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar ningún incremento respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2011, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo".*

A aplicación do disposto nestas normas, obriga ás entidades locais, ao igual que ao resto do sector público, a cumprir cunha tripla obriga en relación ás retribucións a percibir, no presente ano 2012, polo persoal ao seu servizo:

- 1.- Supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais de complemento de destino ou equivalentes, correspondentes ao mes de decembro.
- 2.- Redución das retribucións anuais previstas, no importe correspondente ás citadas pagas.
- 3.- Que os importes das retribucións a percibir polo persoal no presente ano, non superen, en ningún caso e en termos de homoxeneidade, aos aboados no ano 2011, minorados na contía das pagas a suprimir.

Segundo o apartado 4 do precitado artigo 2 do Real Decreto-lei 20/2012, *"as cantidades derivadas da supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, de acordo co disposto neste artigo, destinaranse en exercicios futuros a realizar achegas a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, con suxeición ao establecido na Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes leis de presupostos".*

Este apartado establece a obriga de: inmovilizar, no presente exercicio, os créditos

previstos para o aboamento das citadas pagas.

De igual xeito, encomenda afectar estes créditos ao fin que no propio artigo se cita (achegas a plans de pensións ou similares), sen que poidan destinarse a ningún outro obxecto, nin no presente exercicio, nin en exercicios futuros.

Co fin de declarar como non dispoñibles estes créditos, cuxa inmovilización e destino estableceu a Lei, as Entidades locais, deberán ditar polo importe correspondente, acordo de non dispoñibilidade, de conformidade co disposto no artigo 33 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

A circular laboral 2/2012 do Ministerio de Xustiza en relación coa supresión da paga extraordinaria de decembro de 2012, caracterízase pola súa universalidade, afectando a todo o persoal laboral (alta dirección, sometido a convenio e o non acollido a convenio), establecendo ademais a redución íntegra e non na proporción ao tempo xa transcorrido ata a entrada en vigor da medida 15/07/2012. Na mesma liña, se recolle nos criterios publicados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a aplicación do título I do Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade, no ámbito das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais.

En aplicación da nota informativa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, solicitouse da técnica responsable do programa de nómina, a avaliación da paga extraordinaria de decembro, polo que se está a obrigar a súa retención para incorporar como remanente ao exercicio do ano 2013 e seguintes en tanto non se adopta polo Goberno da Nación a regulamentación para a súa aplicación.

Para facer o cálculo da mesma, pola técnico informática, elaborouse unha ferramenta que permitise o mesmo, ter en conta a todos os traballadores, ao marxe da súa condición xurídica, coa excepción daqueles que as súas retribucións non alcanzasen 1,5 veces o salario mínimo interprofesional establecido no Real Decreto 1888/2011, do 30 de decembro, é dicir, aplícase o principio de universalidade.

O mesmo criterio estableceuse para os organismos autónomos, sobre os que se fixeron retencións polo importe equivalente a paga extraordinaria do mes de xullo.

A non dispoñibilidade do crédito derívase do acto mediante o cal inmoviliza a totalidade ou parte do saldo de unha ou varias aplicacións orzamentarias, declarando o mesmo non susceptible de utilización. Con cargo aos devanditos créditos non poderán acordarse autorizacións de gastos nin transferencias. O mesmo artigo, tamén establece que o mesmo non poderá ser incorporado ao orzamento do ano seguinte. A declaración de indispoñibilidade corresponde ao Pleno da entidade.

A nota informativa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, ven regulamentar o tratamento dos créditos, dándolle a cualificación de créditos afectados, polo que, tendo esta consideración, aínda que impropia xa que o gasto non é afectado senón o ingreso, a consideración da non incorporación, queda



suspendida. O artigo 47.5 do RD 500/1990, establece que os proxectos financiados con recursos afectados, deberán ser incorporados obrigatoriamente, salvo que se desista da súa execución, suposto que non se dá neste caso, é máis, estase a obrigar a destinar os mesmos a un plan de pensións unha vez que se regulamente o procedemento pola administración estatal.

En consecuencia co anterior, ao obxecto de dar cumprimento ao apartado 1 do artigo 2 do Real Decreto-lei 20/2012, "*Paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público*", polo que se establece a obriga de reducir as retribucións anuais do ano 2012 do persoal ao servizo do sector público, no importe correspondente á paga extraordinaria a percibir no mes de decembro, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar indispoñibles os créditos correspondentes ao capítulo I do estado de gastos, por unha contía de 3.068.156,90 euros, correspondente ao importe da paga extraordinaria do mes de decembro de todos os traballadores ao servizo do Concello de Vigo e dos seus organismos autónomos, que teñan unhas retribucións superiores a 1,5 veces o salario mínimo interprofesional, co seguinte detalle e contías:

Entidade	Importe
Concello	2.737.466,31 €
Xerencia Municipal de Urbanismo	160.248,92 €
Escola das Ciencias Vigo Zoo	41.634,16 €
Instituto Municipal de Urbanismo	91.016,04 €
Escola Municipal de Artes e Oficios	37.791,47 €
Total	3.068.156,90 €

Segundo.- Os créditos destinaranse en exercicios futuros a realizar achegas a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, con suxeición ao establecido na Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes leis de presupostos.

Terceiro.- Os citados créditos serán incorporados como remanentes ao exercicio seguinte e sucesivos en tanto non se regula a súa aplicación, tendo a consideración de afectados aos efectos de manter a incorporación dos mesmos."

A comisión informativa de Economía e Facenda, Educación e Patrimonio, na súa sesión do 19 de novembro, ditamina o anterior informe-proposta.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Debo aclararlle ao Pleno que traio este punto por imperativo legal. Estou obrigado a traelo e polo tanto o teño que traer, senón non o

faría. Tamén quero adiantar o noso voto en contra deste punto.

SRA. VELOSO RÍOS: Efectivamente hai que traer este punto por imperativo legal cumprindo o decreto que todos coñecemos polo que os traballadores e traballadoras do sector público quedan sen paga extra este ano.

Esta é unha medida sobre a que nós manifestamos en múltiples ocasións que nos parece que é evidente que non ten intención nin efecto de solucionar nin a crise económica nin nada que se lle pareza e, pola contra, mingua a capacidade adquisitiva dunha parte importante da poboación en detrimento da recuperación económica.

Ademais é unha medida na lóxica do deterioro, do desprestixio do sector público que está defendendo ideoloxicamente o Partido Popular. Medidas coma estas de hoxe son a materialización dun programa ideolóxico. O Partido Popular non está reducindo en gastos militares, gastos coa igrexa, reducindo ou suprimindo as deputacións, non fai unha reforma fiscal xusta e progresiva, senón que elabora unha reforma laboral que deixa sen dereitos aos traballadores e ás traballadoras e agora tamén deixa sen paga extra para este Nadal aos empregados e empregadas públicas.

Isto tamén vai ter consecuencias directas negativas sobre a hostalaría da nosa cidade, sobre o pequeno e mediano comercio, sobre a economía local en xeral.

Estamos falando de que hoxe deixamos indispoñibles algo máis de tres millóns de euros que non van estar circulando polos petos das persoas durante este Nadal. A opción para estes tres millóns e pico de euros que nos dá este decreto é levalos nun futuro a un plan de pensións, polo tanto xa nos van avanzando que quen non teña plan de pensións que o vaia facendo. É curioso que con este tipo de medidas ao final sempre saen beneficiados os mesmos.

Hoxe temos que traer a Pleno por imperativo legal este auténtico despropósito porque así o é. Esta medida é completamente surrealista, evidentemente é un ataque máis ás competencias municipais que teremos que votar.

Votaremos en contra porque cada grupo vai votar en función non só do respecto á legalidade, senón que tamén en función do seu programa ideolóxico.

O programa ideolóxico do Partido Popular é claro como tamén o é o do BNG. De feito nós xa trouxemos a este Pleno unha moción e queremos lembrar hoxe que

aquí se aprobou unha moción, hai un acordo plenario para compensar a perda de poder adquisitivo das empregadas e empregados públicos. Pero a día de hoxe o noso grupo municipal non ten coñecemento de cales son as medidas do goberno local para compensar esta perda de poder adquisitivo que, insisto, nos parece moi grave.

Ademais de saber como se vai aplicar este decreto que supón que por imperativo legal hoxe haxa que votar esta indispoñibilidade de crédito no Capítulo I, tamén nos gustaría saber e gustaríanos que o goberno local nos explicase cales son as medidas que vai adoptar para compensar a perda de poder adquisitivo dos empregados e empregadas públicas.

SR. LÓPEZ FONT: Precisamente ter que traer este punto da orde do día ao Pleno da Corporación demostra a gran chapuza que supón o que fixo o goberno do Partido Popular recortando unha vez máis e quitándolles a paga extra aos funcionarios.

É unha medida que non ten lóxica e non só é unha agresión aos funcionarios que son os primeiros directamente implicados, senón que evidentemente é un ataque ao consumo.

Cando se debateu a moción á que se refería a Sra. Veloso, dixemos claramente que esta cidade, cun nivel de funcionarios moi importante, deixaría de consumir e deixarían de circular uns trinta millóns de euros.

O sorprendente é que ata o presidente da Xunta de Galicia agora, unha vez que se adoptou a medida e pasaron as eleccións, literalmente dixo: "Paréceme que probablemente coa supresión da paga extra de Nadal non fixemos o correcto porque ten unha relación directa co consumo".

Sr. Núñez Feijóo e dirixentes do Partido Popular, a boas horas decátanse do dano que lle fai a medida que tomaron á economía dunha cidade de Galicia ou a calquera de España. Outros, como o presidente de Extremadura, decatouse da situación e buscou trécolas relacionadas cun recurso que no seu momento non apoiaron para lles pagar a paga extra aos funcionarios de Extremadura. Todo isto crea un tremendo agravio comparativo. Desta medida é responsable única e exclusivamente o Partido Popular. Tamén dixemos naquel debate onde conduce esta medida.

Hoxe tense que adoptar, se é que se adopta, un acordo por imperativo legal sobre

inmobilizar estes fondos.

Esta medida non serviu para nada, única e exclusivamente para causar un prexuízo a todos os sectores sociais relacionados co consumo nesta cidade. Pero agora resulta que, como xa denunciámos, a autonomía municipal vese vulnerada dobremente porque se nos obriga, ou preténdese, a que neste Pleno teñamos que tomar unha decisión.

Concelleiros do Partido Popular e responsables do goberno do Estado, non somos cómplices desta decisión de seu porque non estamos de acordo e porque da situación que se está producindo aquí só hai un culpable que é o Partido Popular e tería un gran valor simbólico que os concelleiros do Partido Popular deste Concello apoiasen aos funcionarios municipais, ao consumo desta cidade e a inxección económica que suporía seguir mantendo a paga extra dos funcionarios. Pero coma sempre, os trece concelleiros do Partido Popular deste Concello o único que fan é ser o paraugas, ser os que apoian as decisións de goberno claramente contrarias á cidade.

Nós, evidentemente por imperativo legal, incluimos este asunto na orde do día pero imos votar en contra porque non somos cómplices, porque non estamos de acordo e porque é o momento de denunciar que cada un dos recortes que vai facendo o Partido Popular aos únicos que afectan é aos que menos teñen, mentres se adoptan outro tipo de medidas que precisamente favorecen aos que máis teñen. Estivemos, estamos e estaremos en contra de todo tipo de recortes.

Como se dixo aquí nun anterior debate e como é compromiso do goberno e do alcalde, estanse buscando solucións para o mantemento do poder adquisitivo dos empregados públicos porque este poder adquisitivo de todos os funcionarios do Estado, pero en concreto o dos empregados municipais que nos compete a nós, foi gravemente agredido polo Partido Popular. Esta é unha agresión que pagan directamente os funcionarios deste Concello e ademais, como dicía antes e como xa dixen no debate dunha anterior moción, son en torno a trinta millóns de euros os que deixan de circular economicamente nesta cidade. Disto só hai un responsable que é o Partido Popular e só hai uns cómplices que son os trece concelleiros do Grupo municipal Popular que votaron a favor.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Presentaron este expediente na Comisión de Economía e

Facenda fóra da orde do día para o traer hoxe a este Pleno. Ademais é curioso que na orde do día do Pleno municipal que levaron á Xunta de Voceiros non aparecía a apostila “por imperativo legal”.

Supoñemos que foi o Sr. Alcalde quen corrixiu a orde do día, como fai sempre logo das reunións da Xunta de Voceiros, para apostilar o imperativo legal. Vese efectivamente como o Sr. López Font reitera o “imperativo legal”.

A realidade é que este é un Real decreto que non gusta pero que é obxecto da herdanza que recibiu o Partido Popular: 900.000 millóns de euros de débeda e un déficit do 9%. Pero isto xa se sabía no mes de setembro. O que vostedes traen hoxe ao Pleno é dicirlles aos funcionarios municipais que non lles van aboar a paga extra de Nadal.

O que cambiou logo da moción do Bloque Nacionalista Galego do día 10 de setembro apoiada polo Partido Socialista foi que daquela estaban previstas unhas eleccións autonómicas para o mes de outubro, había unha campaña electoral e aínda que xa se sabía que non ían pagar a paga extra tentaron aproveitar ese engano para rabuñar algún ca outro voto. Pero a verdade é que rematou a campaña e semella que tampouco rabuñaron moitos votos.

Non se decatán de que os funcionarios municipais son moito máis listos do que vostedes cren? Vostedes fixeron un “*paripé*”, un teatro como fan sempre coa conivencia dos sindicatos e do Comité de empresa que aplaudían coas orellas no Pleno e enchían de carteis os corredores do Concello dicindo que cobrarían a paga extra.

Daquela o Sr. Alcalde, tan solemne como adoita ser falando, dicía no Pleno: “Hoxe mesmo convocarei ao Comité de empresa, despois á Mesa de Negociación e manteremos contacto co BNG para os efectos de atopar unha solución a este problema”. Tamén os xornais da cidade facíanse eco da nova: “PSOE e BNG aproban retribuír a paga extra aos funcionarios”, cando sabían que non se podía pagar por imperativo legal. Sr. López Font, lembra que nun debate eu lle dixen que non poderían pagar esa paga extra?

No xornal “Faro de Vigo” tamén se dicía: “Caballero e os sindicatos do Concello exploran varias vías para compensar a extra. O alcalde convocará unha mesa de traballo nas próximas semanas para concretar a fórmula legal”. Pero, Sr. Alcalde, a vostedes que tanto saben de economía, que son tan amigos de premios Nobel,

como non se lles ocorreu coller o teléfono e chamar ao Sr. Obama ou a algún deses catedráticos que lles fan eses informes ao ditado para lles encargan un informe para dar con esa fórmula máxica para aboar a paga extra?

Sr. Caballero, vostedes volveron estafar e enganar, esta vez aos funcionarios municipais pero, o que é peor, a xogar coas súas ilusións porque nun momento eses mil cincocentos funcionarios municipais crían que cobrarían esa paga extra. Por iso son vostedes uns irresponsables e xa ninguén lles cre. Iso acábanlle de dicir novamente as urnas.

A PRESIDENCIA: Sr. Fidalgo, o primeiro que hai que facer para falar con premios Nobel é coñecerlos e, por exemplo, ter traballado con algúns ou con bastantes como por exemplo Arrow, Krugman, Stiglitz. Algúns tivemos a posibilidade de traballar con eles, outros nin coñecen o nome. En terceiro lugar, Sr. Fidalgo, para falar con Obama primeiro habería que falar en inglés e vostede non podería.

Ao día seguinte eu convoquei ao Comité de empresa deste Concello e reunímonos e polo tanto estamos traballando. O que sucede é que estamos concretando como o imos facer. O que pasa é que vostede non se decata, iso é o que lle sucede.

Aínda a semana a pasada houbo reunións co Comité de empresa para resolver o recorte do Sr. Rajoy da paga extra dos funcionarios deste Concello que efectivamente non se pode pagar porque o di unha lei, pero imos compensar o poder adquisitivo que é o que acordamos nós e tamén o BNG, tratar de que o que vostedes presenten non teña efecto neste Concello onde a xente traballa moi duramente, con moita eficacia e moi ben. Nós non estamos dispostos a que a traballadores que cumpren co seu traballo de xeito adecuado se lles recorte unha paga extra. Por iso estamos facendo todo este traballo.

Non queremos ser cómplices con absolutamente nada que teña que ver con isto e por iso imos votar en contra, porque a liberdade de voto impera neste Pleno e nós votaremos en contra da proposta que me vexo obrigado a traer por imperativo legal.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal

do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte ACORDO:

Rexeitar a proposta formulada polo interventor xeral, por escrito de data 29 de outubro, co texto que se transcribe nos antecedentes.

### 3.3.-(238).- DETERMINACIÓN DA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO COMPLEXO DEPORTIVO NAVIA. EXPTE. 11743/333 (557/1101)

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 6 de novembro de 2012, o director deportivo da Concellaría de Deportes, coa conformidade do concelleiro delegado, emite o seguinte informe proposta:

“Desde hai varios anos, a demanda de equipamentos deportivos vinculados a instalacións de auga experimentaron un notable incremento, sendo cada día máis elevado o número de persoas de calquera idade que están interesadas en acceder, dentro dunha contorna urbana próxima, a centros deportivos desta clase. Esta tendencia determina que por parte do Concello se expoña, dentro das competencias que ostenta en materia de servizos deportivos, a implantación de novos centros con estas características, así como a modernización dos espazos existentes, de acordo cunha planificación ordenada e a través de fórmulas contractuais que, nun contexto económico coma o actual, permitan recorrer ao financiamento externo, para evitar que o investimento esixido repercuta directamente sobre o orzamento municipal.


Neste escenario, a Concellaría de Deportes do Concello de Vigo está interesada en completar os actuais servizos deportivos municipais mediante a implantación de novas instalacións deportivas que posibiliten o crecemento da rede de Centros Deportivos Municipais, co cal poder atender con suficiencia a demanda de instalacións destas características, co piscina, ximnasio, e outros servizos

deportivos complementarios como eixo central.

En concreto, a construción de novas infraestruturas e a posibilidade de reforma e mellora de outras existentes configúrase baixo a denominación do proxecto “Centros deportivos Municipais: augaésaude”, e comprende, entre outras, a seguinte actuación:

- Novo Complexo Deportivo de Navia, formado polas actuacións de nova construción consistentes nun centro de auga, zona deportiva exterior e aparcadoiro.

Situación da parcela para a actuación:



## FUNDAMENTOS.

1º.- Os servizos deportivos como prestación de servizo público.

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (en diante, LBRL), enumera as competencias que son propias das entidades locais, atopándose entre as mesmas a correspondente ás actividades ou instalacións culturais e deportivas. O artigo 25.2.m. da LBRL establece: “O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: m) Actividades ou instalacións culturais e deportivas: ocupación do tempo libre; turismo”.

Á súa vez, o artigo 85.1 da LBRL dispón que “Son servizos públicos locais os que prestan as entidades locais no ámbito das súas competencias”, concepto que foi explicado pola doutrina xurisprudencial no sentido de que, no ámbito das entidades locais, por servizo público ha de entenderse aquel servizo que tende á consecución dos fins que son competencia das referidas entidades.

Pola súa banda, o artigo 26 da LBRL establece un réxime de servizos mínimos de



prestación obrigatoria para os municipios, esenciais para a vida en sociedade, de forma que o propio precepto decláraos implicitamente como servizos públicos, dos cales uns serán servizos públicos monopolísticos, mentres que outros serán servizos públicos non esenciais que poden prestarse en concorrencia co sector privado.

Centrándonos xa nas instalacións deportivas, o artigo 26.1.c) da LBRL, establece que os municipios, por si ou asociados con outros, a condición de que conten con máis de 20.000 habitantes, teñen a obriga de prestar o servizo de instalacións deportivas de uso público, servizo que, de acordo co manifestado con anterioridade, sería cualificado como servizo público de prestación obrigatoria.

Por outra banda, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en diante, LALG), alude en dous momentos distintos ás competencias dos municipios en materia de instalacións deportivas. Así, no artigo 80.2 considera como competencia propia de todo municipio a de instalacións deportivas, sinalando a continuación no seu artigo 81 c) que os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes están obrigados a prestar o servizo de instalacións deportivas de uso público.

Ademais, o artigo 8 da recente Lei 3/2012, do 12 de abril, do Deporte de Galicia, establece que os municipios exercerán no seu correspondente ámbito territorial, entre outras, as competencias consistentes en fomentar, promover e difundir o deporte, construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e velar pola plena utilización das existentes no seu termo, coidando as súas condicións de hixiene e seguridade.

No caso concreto do termo municipal de Vigo, ao superar a súa poboación o número de 20.000 habitantes, é un municipio que se atopa obrigado a prestar o servizo de instalacións deportivas de uso público, dentro das cales se encadran os centros deportivos de titularidade municipal con instalacións de piscina e servizos complementarios, como as referidas ás actuacións "Centros deportivos Municipais: augaésaude".

2º.- A potestade dos municipios de auto-organizar os seus servizos públicos.

Os municipios teñen plena potestade para decidir acerca da organización dos servizos da súa competencia, tal e como con claridade se recolle no artigo 4.1. a) da LBRL, que dispón o seguinte: "Na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, corresponden en todo caso aos municipios, as provincias e as illas: a) As potestades administrativas e de auto-organización".

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (en diante, RSCL), indica que, "As corporacións locais terán plena potestade para constituír, organizar, modificar e suprimir os servizos da súa competencia, tanto na orde persoal como no económico ou en calquera outros aspectos, con arranxo á Lei de Réxime Local e os seus Regulamentos e demais disposicións de aplicación."

Esa potestade de auto-organización outorga á administración local a facultade de discrecionalidade para decidir acerca da forma na que se vai prestar o concreto servizo público de acordo coa legalidade vixente.

### 3º.- Modelo contractual de xestión do servizo público.

Exposto que a prestación do servizo municipal de instalacións e actividades deportivas é un servizo público de competencia municipal, corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, conforme ao establecido no artigo 123.1 k) da LBRL, a competencia para adoptar o acordo que determine a forma de organización do servizo público cualificando a natureza xurídica do contrato e o modelo de xestión que se adopte.

O criterio mantido polo Concello para a construción e xestión desta clase de instalacións é a fórmula do contrato de xestión de servizo público, na modalidade indirecta de concesión, como así se xustificou no expediente 6078/33 relativo á construción e explotación das piscinas de Barreiro e Florida.

Como se acreditou no marco do devandito expediente, esta fórmula encaixa plenamente nos supostos previstos no noso ordenamento xurídico para a xestión indirecta de servizos públicos e, en particular, para a xestión das instalacións deportivas de uso municipal como as que se pretenden por en marcha polo Concello.

Na contratación da xestión do servizo público na modalidade de concesión, o empresario xestiona o servizo ao seu propio risco e ventura, de forma que, a diferenza da xestión directa, o risco económico da explotación non sería asumido pola administración. Neste caso, o obxecto do contrato esténdese á construción da obra que serve de soporte do servizo a prestar, así como á realización das obras de reforma proxectadas nas instalacións municipais.

Nos contratos de xestión de servizos públicos que comprendan a execución de obras, como son as actuacións proxectadas neste caso, a tramitación do expediente de contratación irá precedida, como actuación preparatoria, da elaboración e aprobación administrativa do anteproxecto de construción e explotación das obras, con especificación das prescricións técnicas relativas á súa utilización de acordo co contido establecido no artigo 129 do TRLCSP (memoria, planos, orzamento e estudo económico relativo ao réxime de utilización e explotación da obra). O artigo 133.2 do TRLCSP establece que en tal suposto, serán aplicables os preceptos establecidos na propia Lei para o contrato de concesión de obra pública. O devandito anteproxecto de explotación e de obra deberá ser sometido a información pública polo prazo dun mes, de acordo coa regulación establecida no TRLCSP para o contrato de concesión de obra pública.

O obxecto do contrato non está, polo tanto, limitado á xestión e mantemento das instalacións deportivas de auga incluídas no seu obxecto, senón que se estende, ademais, á execución das obras de construción, polo que esta actuación esixe un investimento importante que xustifica a aplicación da fórmula de xestión indirecta

mediante o concesionario que asuma o risco e ventura tanto na fase de execución das obras, como na posterior explotación, compensada, polo menos, co dereito que lle asiste á percepción das tarifas aprobadas, que deberán aboar os usuarios do servizo. Deste xeito, o concesionario ten dereito a percibir as contraprestacións económicas previstas no contrato, entre as que se incluírá, para facer efectivo o seu dereito á explotación do servizo, unha retribución fixada en función da súa utilización, que se percibirá directamente dos usuarios (tarifas aprobadas) ou da propia administración.

Ademais, o concesionario deberá prestar o servizo público con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e proceder á execución das obras conforme ao proxecto aprobado polo órgano de contratación.

E pola concorrencia da execución de obras e explotación do servizo no obxecto do contrato, o prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas poderá ser de cincuenta (50) anos.

A regulación do contrato de xestión de servizos públicos inclúe o mantemento do equilibrio económico do contrato, entendido este mecanismo como a técnica que pretende conciliar o principio de risco e ventura que asume o contratista ante a eventual aparición de circunstancias imprevisibles, anormais ou non esperadas durante a súa execución, que determinan unha creba ou ruptura na base das prestacións do negocio. Os límites ao risco que asume o concesionario fixaranse no prego regulador da concesión.

Neste sentido, tomando como punto de partida o criterio adoptado polo Concello no expediente 6078/33 referido á construción e explotación das piscinas de Barreiro e Florida, seguindo os razoamentos expostos, en aplicación da normativa citada e conforme ao establecido no artigo 123.1 k) da LBRL, e previo os informes xurídicos necesarios, propónse ao Pleno da Corporación, órgano competente, a adopción do seguinte...”

Deseguido o director deportivo formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 8 de novembro, o secretario xeral do Pleno emite informe que di o que segue:

“Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- RD Lexislativo 3/2001, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. (TRLCSP).

Antecedentes:

Con data de 5 de novembro de 2012 o Concelleiro Delegado de Deportes solicita desta Secretaría Xeral do Pleno informe xurídico sobre a proposta que consta no

expediente referente á determinación da forma de xestión do servizo público denominado “*Novo Complexo Deportivo de Navia*”, integrado por actuacións de nova construción consistentes nun centro de auga (piscina e fitness), zona deportiva exterior e aparcadoiro.

A esta petición de informe élle aplicable o previsto no art. 122.5.e) 1º da LBRL. De conformidade co precepto estes informes deben ser ordenados pola Presidencia da Corporación, non obstante cabe entender que este requisito se cumpre cando tal petición de informe efectúase por unha concellería en relación coas materias nela delegadas, polo que procede emitir o seguinte,

### INFORME

I.- Similar cuestión, aínda que referida a dúas piscinas cubertas, xa foi informada por esta secretaría xeral en informes de data 15.2.2006 e 24.03 2006, este informe é actualización e adecuación dos citados.

II.- Sobre o que significa “servizo público” existen múltiples definicións doutriniais, case tantas como autores abordaron o seu estudo, sendo clásica a distinción entre un concepto amplo e outro estrito. O lexislador local na LBRL -que a súa vez distingue entre servizos públicos xerais (art. 25), obrigatorios (art. 26) e reservados (art. 86.3)-, seguindo a definición do art. 156 da LRL de 1955, apúntase ao concepto amplo ao indicar no art. 85.1: “Son servizos públicos locais cantos tenden á consecución dos fins sinalados como da competencia das Entidades Locais”.

Pódese dicir que o servizo público é unha manifestación das competencias; dende esta perspectiva encaixan na idea de servizo público, ou mellor dito na de “servizo ao público”, dende as prestacións culturais ou deportivas, ata os servizos funerarios, pasando polos transportes urbanos, o abastecemento de auga potable, a ordenación do tráfico de vehículos nas vías urbanas ou a extinción de incendios.

En definitiva, e no que agora interesa, a actividade municipal de asumir a construción e explotación dunhas instalacións deportivas de uso público, para prestar a través delas dun xeito regular e continuo unha actividade dirixida a satisfacer as necesidades deportivas e lúdicas da comunidade veciñal, debe ser considerada, sen lugar a dúbidas, como un servizo público de competencia propia municipal. É mais, expresamente o art. 25.2.m) da LBRL advirte que os municipios exercerán, en todo caso, competencias nas seguintes materias “Actividades ou instalacións ... deportivas e ocupación do tempo libre...” Por outra banda o artigo 26.1.c) da mesma norma sinala que os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, caso de Vigo, prestarán, en todo caso (competencia obrigatoria), o servizo de “instalacións deportivas de uso público”.

É de destacar a relación inmediata que manteñen as actividades previstas no “*Novo Complexo Deportivo de Navia*” coa competencia e co servizo público citado. Tampouco debemos esquecer que son competencias municipais “cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal”. Neste sentido, non se pode descoñecer que entre as necesidades actuais da poboación urbana da cidade de Vigo en xeral, e de San Paio de Navia en

particular, figuran en lugar destacado as de dispoñer de servizos deportivos, de recreo e espaxemento público.

III.- Sendo evidente que as actividades pretendidas se integran plenamente na idea de servizo público, corresponde ao Pleno Municipal determinar a súa forma de xestión tal e como sinala o art. 123.1.k) da LBRL.

O art. 85.2 da LBRL indica que os servizos públicos de competencia local poderán xestionarse directa ou indirectamente. Son modos de xestión directa os que se efectúan a través de órgano indiferenciado; a través dun organismo autónomo local; a través dunha entidade pública empresarial local ou a través de sociedade mercantil cuxo capital social pertenza integramente á entidade local. Son modos de xestión indirecta os que se prestan a través das distintas modalidades previstas no art. 156 do TRLCAP, é dicir, mediante concesión, xestión interesada, concerto ou sociedade de economía mixta.

Sen prexuízo da denominada xestión municipal con órgano especial de administración, o que caracteriza as restantes modalidades de xestión directa é a existencia dun ente instrumental ou de cobertura creado pola propia administración municipal que goza de personalidade xurídica propia e polo tanto dunha certa potestade de auto-organización e unha certa autonomía patrimonial. Non obstante a característica común dos modos de xestión directa radica no feito de que o risco económico da xestión do servizo é asumido pola Administración Municipal ou polos entes instrumentais por ela creados.

Nas modalidades de xestión indirecta o risco económico da explotación e xestión do servizo é asumido total ou parcialmente polos particulares, polos adxudicatarios do contrato, pois debe entenderse que nos denominados “xestión interesada” ou “sociedade de economía mixta” o risco é compartido.

Na elección dunha ou outra forma de xestión as Administracións Públicas gozan dunha gran discrecionalidade en virtude da súa potestade de auto-organización, art. 4.1.a) LBRL. En efecto, as leis tan só limitan esa discrecionalidade nos servizos que implican exercicio de autoridade que, en todo caso, tal e como determina “*in fine*” o art. 85.2 da LBRL, deben prestarse a través dunha forma de xestión directa indiferenciada e por medio de persoal suxeito ao estatuto funcional. Por outra banda os servizos asistenciais tan só poden ser prestados mediante xestión directa ou concerto, tal e como determina o art. 43.2 do Regulamento de Servizos de 1955.

O que caracteriza ao servizo público que se pretende levar a cabo é que este non só consiste na mera xestión ou explotación do mesmo, é dicir, no control e vixilancia da actividade e no mantemento das instalacións nas que se presta, feito que o fai susceptible de explotación económica, senón que así mesmo implica a construción doutras instalacións, en definitiva, “execución de obras”, circunstancia que por si soa condiciona a discrecionalidade da Administración Municipal na súa opción de determinar a forma de xestión, pois a ausencia de consignacións orzamentarias adecuadas e suficientes para facer fronte aos presumibles elevados gastos previstos e a inconveniencia, ou quizais imposibilidade financeira (teito de gasto), de acudir ao crédito en aras ao mantemento dun equilibrio orzamentario e

unha estabilidade financeira, obriga de modo indubitado a buscar financiamento privado para a realización das dotacións previstas, o que de por si implica a necesidade e conveniencia dunha forma de xestión indirecta que neste caso só pode ser de “concesión de xestión de servizos públicos con execución de obra” que se caracteriza polo risco (perdas) e ventura (beneficios) que asume o concesionario, tanto na fase de execución como na súa posterior explotación. Risco e ventura que se compensa e se xera mediante unha contraprestación, “tarifa”, que satisfarán os usuarios do servizo. Tal xestión, como sabemos, non implica a perda de potestades administrativas necesarias para asegurar a boa marcha do servizo nin os poderes de control e policía sobre o mesmo (art. 279.2 TRLCSP).

IV.- O art. 132 da última norma citada advirte que antes de proceder a contratación dun servizo público establecerase o seu réxime xurídico, feito que obriga á aprobación dunha regulamentación especial do mesmo que atribúa as competencias administrativas; que determine o alcance das prestacións a favor dos administrados e regule os aspectos de carácter económico, xurídico e administrativo. Pois ben, sen prexuízo de que será o prego de prescricións técnicas do contrato o documento que concrete e particularice no “*Novo Centro Deportivo de Navia*” o alcance e condicións das prestacións á realizar, resulta conveniente que con anterioridade se aprobe polo Pleno do Concello unhas sinxelas normas xerais do uso nos centros deportivos e pavillóns municipais, determinando os dereitos e obrigas dos usuarios con indicacións referidas ao acceso e outras circunstancias análogas. Pola súa parte o artigo 133.2 do TRLCSP sinala: “Nos contratos [de xestión de servizos públicos] que comprendan a execución de obras, a tramitación do expediente irá precedida da elaboración e aprobación administrativa do anteproxecto de explotación e das obras precisas, con especificación das prescricións técnicas relativas á súa realización”. Así mesmo indica que nestes supostos serán de aplicación os preceptos establecidos en tal norma para o contrato de concesión de obras públicas, o que determina que o órgano de contratación, a Xunta de Goberno Local, antes de aprobar o expediente de contratación, deberá someter a información pública durante un mes os anteproxectos mencionados.

V.- Co obxecto de determinar o réxime xurídico aplicable á contratación a realizar pode debaterse se estamos ante un contrato de “concesión de xestión de servizos públicos con execución de obra” ou ante un “contrato de concesión de obra pública”, a este o art.7.1 do TRLCSP defíneo como “(...) *contrato que tiene por objeto la realización por el concesionario de algunas de las prestaciones a que se refiere el artículo 6 [contrato de obras] incluidas las de restauración y reparación de construcciones existentes, así como la conservación y mantenimiento de los elementos construidos, y en el que la contraprestación a favor de aquél consiste, o bien únicamente en el derecho a explotar la obra, o bien en dicho derecho acompañado del de percibir un precio (...)*”.

Da definición transcrita se deduce que o esencial no “contrato de obra pública” é a explotación da obra, agora ben, cabe unha pregunta, se en tal obra se presta e se explota un servizo público, ¿estamos ante un “contrato de obra pública” ou ante un “contrato de concesión de xestión de servizos públicos con execución de obra”?

A resposta non é sinxela máxime cando a xurisprudencia, no día de hoxe, non se ten pronunciado. Unha solución ven apuntada na propia regulación que, do “contrato de obra pública” realiza o TRLCSP. En efecto, os arts. 240 a 274 do TR (Capítulo II do Título II) efectúan unha regulación pormenorizada do contrato de concesión de obra pública no que se refire ás obras obxecto de concesión, dereitos e obrigas do concesionario, réxime económico-financeiro, extinción da concesión, execución de obras por terceiros... etc. Pois ben, en ningún dos artigos do Capítulo II do Título II se menciona o concepto “servizo público” polo que desde unha visión contextual da norma se desprende que o lexislador, consciente o inconscientemente, está excluindo desta tipoloxía contractual a aquelas obras que resultan necesarias para a prestación de servizos públicos debéndose rexer estas contratacións mediante o réxime dos “contratos de concesión de xestión de servizos públicos con execución de obra”.

Así as cousas, a problemática no momento da cualificación/tipificación do contrato pode reducirse a unha soa cuestión: a de saber se na obra a executar se vai, ou non, prestar un servizo público (servizo público en sentido estrito). Neste sentido, compartimos a reflexión da mais recente doutrina, en concreto a que realiza José María Gimeno Feliú no libro *“El contrato de concesión de obras públicas y otras técnicas paraconcesionales”*. Editorial Thomson Reuters, Pamplona 2010, pax 215: *“(...) si la finalidad del contrato no se alcanza con la mera provisión de una obra, sino que exige además una actividad de prestación de un servicio que tenga la consideración de público, el contrato no podrá ser calificado como contrato de ... concesión de obras públicas, aunque incluya la ejecución de algunas de esa clase, incluso cuando tal prestación [la de obras] presente una importancia económica superior a la que suponga la prestación servicial, sino que deberá calificarse como contrato de gestión de servicios públicos. Podemos afirmar, por tanto, que la existencia de una prestación consistente en la ejecución de una obra no altera la calificación del contrato como de gestión de servicios públicos, cuando las necesidades a que obedece la licitación del mismo no se satisfacen con la sola construcción de la obra (...)”*.

En definitiva, para o autor citado a obra a executar, aínda no suposto que sexa importante, é un elemento mais dunha actividade de prestación de servizos públicos que en todo caso tense que satisfacer polo que debe primar na cualificación a realizar a funcionalidade do servizo como causa do contrato.

En similar sentido se pronuncia o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo en sentenza nº 151/2012 de 30.03.2012. A resolución xudicial refírese a uns aparcadoiros públicos nun proceso no que o demandante discutía a natureza/tipoloxía determinada polo Concello (“xestión de servizos públicos”) e defendía a tese de “concesión de obra pública” do contrato. Pois ben, a sentenza despois de manifestar a dificultade e o terreo de confusión existente, sinala: *“(...) el elemento diferenciador se encuentra en el hecho de que el objeto lo constituya la construcción de la obra o la explotación del servicio. En aquellos casos en que la explotación del servicio requiera la ejecución de obras de instalación, estas tendrán carácter accesorio y una entidad económica menos respecto de la explotación del servicio”*

En apoio desta conclusión se encontra o artigo 278 do TRLCSP que cualifica expresamente como “contrato de xestión de servizo público con execución de obra” aos que comprendan a construción e explotación de “mercados ou lonxas minoristas”. Pois ben, se os contratos para xestionar a actividade que se leva a cabo en inmobles de dominio público adscritos ó servizo público de “abastecemento de alimentos” teñen esta indubidable cualificación legal, nada impide que os que se refiran á construción e explotación duns inmobles de dominio público adscritos ao servizo público de “instalacións deportivas” teñan idéntica cualificación.

Non obstante o exposto determinada doutrina especializada, Embid Irujo, indica: “ (...) *No hay en la Ley elementos suficientes para discernir en todos los casos en que supuestos deberá utilizarse la figura del contrato de concesión de obras públicas o cuando deberá acudir al contrato de gestión de servicios públicos... Eso en última instancia, será decidido caso por caso por la Administración competente operando dentro de un marco de amplísima discrecionalidad. Es evidente que ello crea inseguridad jurídica y puede ser fuente con bastante probabilidad, de una sustantiva litigiosidad según y como tenga lugar el trabajo interpretativo o dispositivo (...)*”.

En similar sentido outros autores (Ballesteros Fernández. Gestión de Servicios Públicos Locales. La Ley. Madrid 2005) sinalan: “...*partiendo de que el legislador ha introducido en la LCAP una nueva modalidad de contrato (el contrato de concesión de obra pública) pero sin alterar la regulación que la propia Ley efectúa del contrato de concesión de servicios públicos y considerando que inclusive se han modificado expresamente los arts. 156 y 157 de la norma, nos inclinamos por entender que la Ley ha dejado a la discrecionalidad administrativa utilizar una u otra modalidad contractual.*”

VI.- Pois ben, aínda no suposto que o futuro expediente de contratación a incoar puidese cualificarse, e en uso da discrecionalidade citada, dun ou outro xeito convén precisar que tipo de contrato é o máis idóneo para os intereses públicos municipais en virtude das características e réxime xurídico de ambos.

Polo que se refire os actos preparatorios, as diferencias son mínimas. En efecto, nos contratos de concesión de obra pública resulta preceptiva a aprobación, trala súa información pública, dun estudo de viabilidade sendo potestativo o anteproxecto de obra e explotación. En cambio no contrato de concesión de xestión de servizos públicos con execución de obra, resulta preceptivo, previa a súa información pública, a aprobación dun anteproxecto de obra e explotación que en todo caso debe conter, (art 129 TRLCSP por remisión do 133.2 da mesma norma), unha memoria na que se expoñan as necesidades a satisfacer e os factores sociais, técnicos, económicos, medioambientais e administrativos considerados para atender o obxectivo fixado e a xustificación da solución que se propón; planos de situación xerais y de conxunto necesarios para a definición da obra; un orzamento que comprenda os gastos de execución da obra, partindo das correspondentes medicións aproximadas e valoracións e un estudo relativo ao réxime de utilización e explotación do servizo, con indicación da súa forma de financiamento e do réxime de tarifas que rexerá na concesión. Poderíamos mesmo dicir que o anteproxecto de obra e explotación é, dado o seu amplo contido, un estudo de viabilidade máis



profundo.

En canto á publicidade, licitación, adxudicación, duración, execución, réxime económico-financieiro, cumprimento e extinción dos contratos e das súas concesións, as diferencias son algo máis substanciais. En efecto, polo que se refire á publicidade a normativa vixente considera innecesaria no contrato de xestión de servizos públicos, a publicación dos anuncios de licitación no DOCE, calquera que sexan os importes do investimento a realizar. Non obstante a ausencia deste requisito non impedirá que o órgano de contratación a leve a cabo se así o considera conveniente, é mais, co fin de evitar litixiosidade debe facelo no suposto que o importe da obra supere a cantidade de 5.000.000 € que é o límite fixado no TRLCSP para a publicidade comunitaria. En canto ao financiamento privado non existe impedimento legal no contrato de concesión de xestión de servizos públicos para hipotecar a concesión administrativa outorgada previa, autorización do órgano de contratación e de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria (art. 107.6ª Lei Hipotecaria). En efecto, a concesión administrativa constitúe por si mesma unha entidade hipotecaria de carácter independente do terreo ou finca sobre a que se proxecta.

A duración máxima que pode determinar o prego nun ou outro contrato defire. No contrato de concesión de obra pública tal prazo non pode exceder de 40 anos computados dende a formalización da acta de comprobación de replanteo da obra (art. 268.1 TRLCSP). No de concesión de servizos públicos o prazo máximo elévase a 50 anos (art. 132.a) podendo computarse dende a data de posta en funcionamento do servizo. Esta diferenza substancial nos prazos implica maiores facilidades no financiamento e amortización do investimento no contrato de xestión de servizos públicos, circunstancia que ten incidencia na fixación das tarifas a satisfacer polos usuarios, polos cidadáns.

Aínda sendo importante a previsión anterior, non o é menos o concepto do mantemento do equilibrio financeiro nun e outro contrato. Certo que ambos deberán executarse a risco e ventura do adxudicatario, agora ben, a normativa vixente contempla no de concesión de obra pública excesivas cautelas que garanten ao concesionario a rendibilidade. Neste sentido o art. 258.2.c) do TRLCSP, en relación co 131.1.d) da mesma norma, sinala que a administración contratante deberá restablecer o equilibrio económico do contrato en beneficio do concesionario incrementando as tarifas, o prazo concesional ou outras variables da concesión (financiamento público) cando os rendementos da demanda de utilización da obra non acaden o nivel mínimo previsto na oferta do concesionario.

A garantía exposta (que se contrarresta coa participación da Administración nos beneficios derivados da explotación da zona comercial cando superen o nivel máximo previsto na oferta) implica unha volta substancial na teoría do equilibrio económico-financieiro dos contratos pois esvaece a idea do risco do concesionario na explotación do servizo. Certo é que o mantemento do equilibrio citado é un dereito do concesionario e un deber da Administración e que este equilibrio debe respectarse dado que o que debe primar é o interese público de manter a continuidade na prestación do servizo.

Agora ben, sendo isto así, entendemos que a previsión legal transcrita é excesiva pois despraza o risco normal da empresa adxudicataria á Administración concedente, impondo a esta, a favor do concesionario, un auténtico seguro de beneficios que, ao noso xuízo, constituirá unha inesgotable fonte de litixiosidade pois cando o desequilibrio sexa solicitado haberá que afondar nas razóns polas cales a demanda de utilización da obra non acada o mínimo previsto na oferta, feito que pode ser consecuencia dunha incorrecta xestión ou mesmo dunha oferta pouco realista.

No contrato de xestión de servizo público non existe a garantía mencionada neste o adxudicatario ten dereito ás contraprestacións económicas previstas no contrato e á revisión das mesmas, no seu caso, nos termos que o propio contrato (prego) estableza (art. 281.2 TRLCSP). Por suposto que aquí tamén o mantemento do equilibrio económico-financieiro é un dereito do concesionario e un deber da Administración (arts. 126.2.b); 127.2.2º; 128.3.2º e 152.2.3 Regulamento de Servizos 1955). Non obstante este equilibrio móvese dentro dos supostos normais do "*ius variandi*", "*factum principis*", "forza maior" e do "risco imprevisible", todo isto sen prexuízo das revisións periódicas -actualizacións- das tarifas polo transcurso do tempo.

#### CONCLUSIÓNS.

As instalacións deportivas de uso público son servizos públicos de competencia municipal e de carácter obrigatorio, arts 25.2.m) e 26.1.c) LBRL.

O art. 85.2 da LBRL indica que os servizos públicos de competencia local poderán xestionarse directa ou indirectamente.

Na elección dunha ou outra forma de xestión as Administracións Públicas gozan de discrecionalidade en virtude da súa potestade de auto-organización, art 4.1.a) LBRL.

A necesaria execución de obras no "*Novo Complexo Deportivo de Navia*" condiciona a discrecionalidade da Administración Municipal pois a ausencia de consignacións orzamentarias adecuadas para facer fronte aos elevados gastos obriga a buscar financiamento privado para a realización das dotacións previstas, iso implica a determinación dunha forma de xestión indirecta.

Entre as diferentes modalidades de xestión indirecta de servizos públicos citadas no art. 277 do TRLCSP (concesión, xestión interesada, concerto e sociedade de economía mixta) a concesión e o concerto non contemplan un risco compartido da Administración coma consecuencia dunha participación no financiamento. Por outra banda a concesión, a diferenza do concerto, non limita a concorrencia na licitación (capacidade de obrar) a operadores que veñan realizando prestacións análogas, así mesmo nesta modalidade a propia Lei entende que a xestión do servizo debe desenvolverse a risco e ventura do concesionario.

A existencia dunha prestación consistente na execución de obra non altera a cualificación do futuro contrato como "contrato de xestión de servizos públicos"

pois a necesidade funcional á que obedece a licitación, a causa e o obxecto do contrato, non se satisfai coa construción da obra.

Aínda entendendo que, segundo determinada doutrina, pode existir discrecionalidade para cualificar o futuro contrato como xestión de servizos públicos ou como concesión de obra, o maior número de anos polos que se pode efectuar a concesión e a maior claridade no equilibrio das prestacións recomenda para o interese público municipal, ao xuízo desta Secretaría Xeral, que o contrato en cuestión sexa cualificado de xestión de servizos públicos con execución de obra.

En virtude do exposto infórmase favorablemente a proposta de acordo que consta no expediente.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 19 de novembro, por maioría, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. ALONSO PÉREZ: Como todo o mundo sabe, a parroquia de Navia veu aumentada a súa poboación de forma exponencial e por iso precisa servizos.

Para o BNG sempre o servizo deportivo é un servizo básico que garante unha sociedade máis sá e por iso no mandato anterior, aproveitando os recursos do Plan E, tivemos a iniciativa de construír un pavillón e un campo de fútbol en Navia e o terreo anexo a estas instalacións reservábase á posibilidade de continuar cun proxecto dun centro de auga.

Aplaudimos polo tanto que se continúe coa iniciativa de rematar a parte deportiva do resto da parcela e ademais pensamos que se debe aproveitar para instalacións deportivas abertas para uso dos veciños e para resolver os problemas do aparcadoiro, como se contemplaba no proxecto anterior.

Pero na proposta de acordo que se somete ao Pleno, no seu terceiro punto, apuntaban os compañeiros do Partido Popular que vían unha interpretación pouco clara. Falando entre os voceiros vimos que hai unha posibilidade de solución para que quede claro a que se refire o punto terceiro.

A proposta que facemos dende o BNG é que punto terceiro diga: “Instar á Concellería-delegada de Deportes á realización das actuacións previas ao obxecto de establecer o réxime xurídico básico dos servizos públicos municipais que se desenvolvan no novo complexo deportivo de Navia”. Con isto queda claro que se refire ao novo complexo deportivo de Navia e non a outras instalacións.

A PRESIDENCIA: Como esta é unha proposta do goberno, é o goberno quen pechará o debate. Lémbrolle, Sr. Figueroa, que nunha proposta do goberno intervén este, interveñen os grupos e pecha o goberno. O goberno non utilizou a súa primeira intervención e utilizará a última.

SR. FIGUEROA VILA: Como de continuo se despreza ao meu grupo, doce compañeiros e máis eu, coido que nos temos que felicitar porque o que trae agora aquí o goberno socialista, ese goberno que se decata e sabe de todo, que son “os máis mellores”, hai que lles dicir que levan seis anos de atraso nunha fórmula de xestión que o Partido Popular puxo en marcha brillantemente coa construción de dous complexos deportivos en Barreiro e na Florida, cun investimento de quince millóns de euros e cun custe para as arcas municipais de cero euros a través dunha concesión por unha xestión de servizo público que no seu momento boicoteou o Partido Socialista.

Quérolles lembrar a todos, vaian ás hemerotecas e verano, que o Partido Socialista estivo en contra desta fórmula de xestión pero que malia os continuos atrancos que puxo o Partido Socialista en todo momento, eses complexos deportivos dan servizo a máis de oito mil persoas da cidade de Vigo, son catro mil os usuarios en cada un dos complexos deportivos e de lecer.

Agora tráennos unha proposta que di: “O criterio mantido polo Concello para a construción e xestión desta clase de instalacións é a fórmula do contrato de xestión de servizo público na modalidade indirecta de concesión, como así se xustificou no expediente 6078/33, relativo á construción e explotación das piscinas de Barreiro e Florida”. Miren vostedes o que fixeron: durante un ano e medio de goberno do Partido Popular opuxéronse, estiveron en contra, dixeron que non eramos capaces de xestionar o expediente, de sacalo adiante, que era ilegal, etc. Os dous complexos de piscina están funcionando en Barreiro e na Florida con custe cero e un investimento de quince millóns de euros.

Isto non sería grave se nós non propuxéramos unha alternativa, pero en xuño do ano 2008 o Partido Popular dende a Deputación de Pontevedra propuxo construír un complexo deportivo e de lecer no polígono de Navia en Vigo onde iría un complexo de 40.000 m<sup>2</sup> cun pavillón de deportes, unha piscina olímpica (que agardo que se faga), unha área de lecer e deporte, etc., é dicir, un complexo de

auga, de lecer e deporte por un importe de trinta millóns de euros ao que o goberno socialista da cidade de Vigo e o Sr. Caballero se opuxeron e rexeitaron. Significaría un custe cero para as arcas municipais cun investimento de trinta millóns de euros da Deputación que rexeitaron, non o quixeron levar a cabo.

Esta é a conclusión dos fenómenos, dos grandes xestores desta cidade que, iso si, investiron seis millóns de euros do Plan E para construír un pavillón e un campo de fútbol cando seguramente eses cartos se poderían destinar a garderías, vivendas protexidas ou a outras cuestións prioritarias na nosa cidade. Isto é o que este goberno está a facer.

Creo que para copiar este expediente non farían falta seis anos e para que a Deputación de Pontevedra investise tres millóns de euros non faría falta agardar seis anos.

Este marabilloso goberno, o goberno dos premios Nobel, ten que copiar expedientes despois de seis anos. Cidadáns de Vigo e medios de comunicación, é o que ten que facer porque o proxecto xa estaba listo e ao final copiaron a fórmula de xestión.

Polo tanto, compañeiros do Partido Popular, temos que seguir traballando por esta cidade porque estes señores non saben, quedáronse coas humanizacións e con respecto ao demais non saben xestionar ningún tipo de fórmulas distintas porque poderían copiar as dos aparcadoiros, do mobiliario urbano, do Casco Vello e da xestión de moitos outros investimentos que se fixeron na cidade.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: O goberno da cidade pretende optimizar todos os seus recursos, traballa por garantir os dereitos de todos os cidadáns en todas as súas áreas de goberno e traballa arreo para responder ás necesidades que ten a cidadanía.

Hoxe presentamos este expediente para determinar a forma de xestión do servizo público para un novo complexo deportivo en Navia que leva de seu o desenvolvemento dos centros de auga, das actividades físicas, de zonas deportivas exteriores e o aparcadoiro. Pretendemos con isto optimizar e desenvolver o conxunto das instalacións e os novos centros deportivos que dean resposta ás necesidades deportivas, ás necesidades da actividade física e tamén ás de saúde que precisa a cidadanía.

Todos vostedes son conscientes da ampla rede de instalacións deportivas que ten a nosa cidade, pero non é suficiente porque sempre se precisa máis; hai que ser ambicioso e responder ás novas necesidades. Hai unha ampla demanda do conxunto dos cidadáns dunha zona de Vigo que medra, que ten unha poboación nova e moza e o goberno trata de responder ás súas necesidades. De aí este novo centro de auga actual, moderno e funcional que se insire no conxunto das instalacións deportivas da cidade e que dea resposta ás demandas que hoxe ten a cidadanía.

Este é un proxecto novo, ambicioso e xa veremos o seu desenvolvemento técnico, pero non teñan vostedes dúbidas de que responderemos con toda a nosa capacidade a esas necesidades. O mundo do deporte é moi fluído e dinámico; o de onte vale pero o de hoxe e o de mañá necesita novas respostas e a iso pretende responder precisamente o proxecto que nós presentamos.

Xa lle dixen nunha ocasión, Sr. Figueroa, que o pasado foise. Vostedes están aquí para traballar e aínda que o fan bastante pouco, no único no que traballan é en engadirse e apoiar as políticas de recorte da administración central do goberno de Rajoy do Partido Popular e do goberno do Sr. Núñez Feijóo.

A conclusión é: Sr. Alcalde, ánimo, adiante e a gozar dos proxectos que o goberno municipal vai aprobar.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

Emenda formulada "in voce" durante o curso do debate polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez:

En el apartado terceiro da proposta, onde di "...que se desenvolven e prestan en piscinas, pavillóns e outras instalacións deportivas", que diga "...que se desenvolvan no novo complexo deportivo de Navia".

*Coa conformidade dos grupos municipais, a Alcaldía-Presidencia somete a votación a proposta formulada coa inclusión da emenda anteriormente transcrita.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Declarar expresamente que as actividades das instalacións deportivas dentro do “Novo complexo deportivo de Navia” é asumida pola administración municipal do Concello de Vigo como servizo público municipal.

Segundo.- Determinar que a forma de xestión do servizo público denominado “Novo complexo deportivo de Navia”, integrado por actuacións de nova construción consistentes nun centro de auga con piscina, ximnasios, zonas deportivas exteriores e aparcadoiro, realizarase mediante xestión indirecta a través dun contrato administrativo de xestión de servizos públicos e baixo a modalidade de concesión de servizos públicos con execución de obra.

Terceiro.- Instar á concellería-delegada de Deportes á realización das actuacións previas ao obxecto de establecer o réxime xurídico básico dos servizos públicos municipais que se desenvolvan no novo complexo deportivo de Navia.

Cuarto.- Instar á concellería-delegada de Deportes a elaboración dun anteproxecto de explotación co contido indicado no artigo 129.2 do TRLCSP e outro correspondente ás obras precisas, con especificación das prescricións técnicas relativas á súa realización.

3.4.-(239).- AUTORIZACIÓN DA IMPLEMENTACIÓN DA PARTIDA “PRODUTIVIDADE” AO OBXECTO DE QUE POLO ORGANISMO AUTÓNOMO ESCOLA DE ARTES E OFICIOS SE PROCEDA Á INSTRUMENTACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIO. EXPTE. 1069/13

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 7 de novembro o director da Escola Municipal de Artes e Oficios, coa conformidade da concelleira delegada, presidenta do organismo autónomo, formula o seguinte informe-proposta:

“A cantidade existente na partida 3241.1500000 (produtividade) é insuficiente para retribuír a actividade extraordinaria, o especial rendemento, a iniciativa e o interese con que determinado persoal da Escola desenvolve as funcións inherentes ao posto de traballo que desenvolve, especialmente no que se refire á súa adaptación funcional ao novo Plan de Normalización Curricular iniciado no ano 2008 e que actualmente está vixente coa aprobación consecutiva de modificacións ao mesmo nos anos 2009, 2010 e 2012.

Na disposición final segunda do “Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal municipal, aprobado para o período 1995–1997”, prevíase o compromiso de efectuar durante o ano 1997 unha recualificación dos postos de traballo do cadro municipal e a súa correspondente avaliación económica, co obxecto de ser aplicado o 1º de xaneiro de 1998.

Por diferentes motivos dita adecuación non se comezou ata o ano 2005, iniciándose un proceso gradual de adecuación das retribucións do persoal municipal á demanda de servizos, dirixido a impulsar a modernización e mellora da prestación do servizo público e incrementar a produtividade, procedéndose ao reaxuste e ordenación das funcións a desempeñar polos postos dado o cambio significativo que se ven producindo nos mesmos e modificándose consecuentemente as contías de determinados complementos retributivos. Dito proceso a aplicar ao longo de tres exercicios económicos non tivo continuidade nos anos 2006 e 2007 ao se prorrogar o orzamento aprobado para o ano 2005.

Nos anos 2008 e 2009 continuouse no Concello de Vigo coa adecuación de postos, e en setembro de 2010 finalizouse o proceso de adaptación retributiva dos postos encadrados nos grupos A1 e A2 de titulación.

No organismo autónomo iniciouse este proceso de xeito específico ás características da Escola Municipal de Artes e Oficios, coa contratación no ano 2008 á empresa “EOSA Estrategia y Organización S.A.” da “Análise, descrición e valoración de postos de traballo”, que, unha vez entregado, atópase pendente, tralos informes oportunos, de tramitación para a súa aprobación se procede.

Neste estudo recóllese a adecuación retributiva dos postos existentes na EMAO ás novas condicións e funcións derivadas do proceso de reorganización administrativa e funcional derivada do Plan de Normalización Curricular (PNC) aprobado pola Xunta Reitora do organismo no ano 2008, xa que ditos postos foron obxecto de transformación nos seus contidos, tanto en termos cuantitativos como cualitativos, como consecuencia da implementación do PNC e os novos modelos de xestión e de docencia, sen que as súas retribucións se adecuaran ás funcións desempeñadas ata a data.

Sen embargo, no que respecta aos postos de ordenanza, auxiliar administrativo e de técnico medio de bibliotecas, xa foron equiparados no ano 2009 igualando as súas retribucións ás vixentes no Concello daquela. Con posterioridade a este ano, realizouse no Concello de Vigo a valoración dos postos do grupo A-2, resultando que o posto de técnico medio de bibliotecas ten -coas mesmas características e funcións- unha retribución do complemento específico maior no Concello que no organismo autónomo.

No que respecta ao resto dos postos actualmente ocupados fixos ou interinos (mestre de formación, mestre de oficios, técnico do conservatorio de música tradicional e profesor de linguas), non se ten realizado aínda a adaptación retributiva correspondente ás novas circunstancias, cuestión que terá lugar, se así finalmente se aproba, no momento en que se acorde a aprobación da valoración



mencionada.

Estas circunstancias excepcionais xustifican a asignación dun complemento de produtividade pola adicación coa que veñenn desempeñando as súas funcións que permiten sentar as bases para a reorganización e actualización dos servizos de cara a un maior aproveitamento dos recursos humanos e materiais, xa que os empregados propostos cumpriron coas encomendas realizadas dentro dos plans de actuación e as instrucións recibidas pola presidenta do organismo autónomo, en canto á implantación e execución dos novos procesos e funcións derivadas do PNC, como son impartir algunha das asignaturas complementarias, a realización de titorías e actividades de seminario, departamento e biblioteca.

Asemade, debe considerarse -con independencia do proceso de equiparación- un complemento de produtividade polo especial traballo e rendemento dos dous auxiliares administrativos adscritos á Unidade Administrativa da EMAO, no desenvolvemento dos novos aspectos de xestión e informáticos derivados da reorganización (elaboración de expedientes informatizados, sistemas electrónicos de matrícula e xestión do alumnado, xestión de provedores e subministros, apoio na xestión de persoal...). Esta nova especial adicación xa se recolle na proposta de valoración, pendente de trámite e aprobación, ao propoñer a amortización deste posto de auxiliar polo superior de administrativo, máis acorde coas funcións efectivamente desenvolvidas por estes traballadores. Mesmo os postos de administrativo están previstos, e vacantes actualmente, no vixente cadro de persoal da EMAO.

Como consecuencia do anteriormente exposto, na Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios, na sesión ordinaria do 18 de maio de 2011, por unanimidade, adoptouse o acordo de aprobar o aboamento dun complemento de produtividade aos auxiliares administrativos da EMAO polo primeiro cuadrimestre do ano 2011 por un importe de 504,88 € a cada un deles. Da mesma maneira, aprobouse na Xunta Reitora do organismo da 22.12.2012, un complemento de 1.262,20 € para cada un, correspondente aos dous cuadrimestres restantes dese ano (o cálculo do complemento é o resultante da suma das diferencias entre os complementos específicos e de destino entre o posto de auxiliar e o de administrativo, segundo as retribucións que constan no cadro de persoal para ambos postos).

O complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ao sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ao responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRFP), presupostos aos que o art. 21.1e) da Lei 31/1990, do 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a produtividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente haxa de recoñecerse o dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futuro de non se manter os presupostos legais, é dicir, o especial rendemento, a

actividade ou dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

Polo que ás administracións locais se refire o art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ao art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que a contía do complemento de produtividade se reflicte para cada exercicio no orzamento de cada administración local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ao Pleno de cada Corporación a través do orzamento determinar a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade.

Legislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- Lei 3/1982, do agosto, de Reforma da Función Pública (LRFP)
- RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Réxime retributivo dos Funcionarios da Administracións Locais (RD 861/1986), modificado por RD 168/96 do 2 de febreiro.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título sexto da Lei 39/1988 (RD 500/1990).
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL).

Estímase a necesidade de completar a partida 3241.1500000 (produtividade) ata un máximo de 40.964,67 €.

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos, a materialización da implementación da partida de produtividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e mediante maioría simple, se autorice, na contía global que se indica no informe conformado pola presidenta do organismo autónomo da Escola Municipal de Artes e Oficios, o incremento do crédito existente ao obxecto de que, con posterioridade, se instrúa o correspondente expediente de modificación de crédito.”

Polo anteriormente exposto o director de la Escola Municipal de Artes e Oficios emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figura informe favorable do interventor xeral, emitido con data 13 de novembro.

A Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios, na súa sesión do día 16 de novembro, por maioría, propón ao Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 19 de novembro, por maioría, ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Autorizar a implementación da partida 3241.1500000 (produtividade) por unha contía máxima de 40.964,67 euros.

Segundo.- Instar ao órgano competente do organismo autónomo Escola Municipal de Artes e oficios para a instrumentación da modificación presupostaria correspondente.

3.5.-(240).- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 7 DO PXOM, PARA EXECUCIÓN DE SENTENZA DO TSX DE GALICIA NÚM. 25/21011, RELATIVA AO TRAZADO DE ALIÑACIÓNS NO CAMIÑO DE Balsa, Matamá, e DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓN. EXPTE. 13312/411 (436/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 3 de outubro, a técnica de administración xeral de Planeamento e Xestión e máis o xefe do Servizo de Desenvolvemento da Xerencia Municipal de Urbanismo, coa conformidade da xerente, emiten o seguinte informe:

“O PXOM-08 foi aprobado definitivamente de forma parcial mediante Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do día 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e a súa normativa foi integramente publicada no BOP o día 06.08.2008 (BOP nº 151-suplemento). O 13.07.2009 o Conselleiro da CMATI aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG nº 144, do 24.07.2009), publicándose a normativa no BOP nº 175, do día 10.09.2009.

Con data 13.01.2011 o TSX de Galicia ditou sentenza nº 25/2011 no P.O.4653/2008 pola que falla: *“Que debemos estimar y estimamos el recurso contencioso-administrativo interpuesto por JOSE LUIS ABALDE GONZÁLEZ contra la Orden de la CPTOPT de 16 de mayo de 2008, sobre aprobación definitiva del PXOM del Concello de Vigo, refiriéndose exclusivamente la impugnación a la cuestión sobre omisión del trazado con alineaciones y retranqueos, del vial con inicio en el Ramal 4 del Camiño de Balsa y final en la finca particular nº 48 y en consecuencia anulamos parcialmente dicha Orden en el único y concreto extremo relativo a la denunciada omisión de alineaciones del vial al que se refiere el presente litigio, debiéndose proceder por la Administración competente a trazar dichas alineaciones; sin hacer especial condena en costas”*.

O día 21.02.2011 o director da Área de Planeamento e Xestión emitiu informe, a petición da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, sobre as actuacións necesarias para a execución da nomeada sentenza do TSX de Galicia nº 25/2011.

Con data 30.05.2011 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 110079161) escrito de D. José Luis Abalde González solicitando a execución voluntaria da referida sentenza sobre a base do disciplinado no artigo 103 da LXCA.

En data 15.09.2011 a Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos ditou resolución de inicio da Modificación puntual nº 7 do PXOM, en cumprimento da nomeada sentenza, relativa á definición das aliñacións no camiño de Balsa, pola que, así mesmo, encomenda aos servizos técnicos e xurídicos da XMU a redacción da documentación técnica e a tramitación administrativa desta modificación. Dita resolución do 15.09.2011 notificouse a D. José Luis Abalde González o día 04.11.2011.

O anteproxecto de planeamento (redactado pola Oficina de Planeamento e Xestión en novembro de 2011) foi remitido, xunto co informe do día 08.11.2011 da técnica de Medio Ambiente, á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI, ditándose resolución do día 13.01.2012 sobre a innecesiedade de sometemento da modificación puntual nº 7 do PXOM-08 ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (DOG nº 27, do día 08.02.2012) e achegando informe de Augas de Galicia do día 28.11.2011 e alegacións (sen sinatura nin data) da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

O día 17.02.2012 o enxeñeiro técnico de Obras Públicas emitiu informe que obra no expediente.

O día 28.02.2012 emitiuse o *Informe de legalidade e calidade técnica da*

*ordenación proposta pola modificación puntual nº 7 do PXOM relativa á definición de aliñacións no Camiño de Balsa, en cumprimento do esixido no artigo 85.1 da LOUGA por remisión expresa do seu artigo 93.4.*

Con data 13.03.2012 o secretario do Pleno emitiu informe favorable.

En sesión ordinaria do 26.03.2012, o Pleno do Concello acordou aprobar inicialmente a modificación puntual nº 7 do Plan Xeral de Vigo, así como abrir un trámite de información pública polo prazo de dous meses mediante inserción de anuncios no DOG e en dous dos xornais de maior difusión da provincia, dar audiencia simultaneamente polo mesmo prazo aos municipios limítrofes, recabar os informes sectoriais que procedan e trasladar o acordo ao TSX de Galicia (notificado o 26.04.2012). Así mesmo, aos efectos do artigo 77.2 da LOUGA, determinou expresamente que a área afectada por dita modificación comprende exclusivamente as parcelas lindeiras co vial do Camiño de Balsa do que se trazan as aliñacións, correspondentes coas seguintes parcelas catastrais: 54057A088003480000AI, 54057A088003520000AJ, 1320801NG2712S0001OD e 1320819NG2712S0001YD.

Mediante oficios da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos do día 17.04.2012 notificouse aos Concellos de Nigrán, Gondomar, Mos, O Porriño e Redondela o referido trámite de audiencia.

O anuncio do acordo plenario do día 26.03.2012 de aprobación inicial da modificación puntual nº 7 do PXOM-08, foi publicado o día 27.04.2012 nos xornais *Atlántico* e *Faro de Vigo* e o día 22.05.2012 no DOG nº.96.

Con data 03.08.2012 o xefe de Asesoramento Xurídico da XMU, por delegación do secretario titular, certificou que durante o período de exposición ao público do expediente de referencia, presentouse unha única alegación con entrada no Rexistro o día 04.07.2012 (doc.120081478).

Con datas 17.09.2012 e 28.09.2012 emitíronse informes da Asesoría Xurídica e do xefe do Servizo de Patrimonio, respectivamente, que obran no expediente.

O día 02.10.2012 o xefe de Desenvolvemento Urbanístico emitiu informe da alegación única presentada o día 04.07.2012 durante o trámite de exposición pública.

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- RDLex 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo.
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- RD 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de

Planeamento.

- Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da paisaxe de Galicia.
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local (LRBRL).
- RDLex. 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 22/1973, do 21 de xullo, de Minas.
- Lei 3/2008, do 23 de maio, de Ordenación da minería de Galicia.
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia.
- Directrices de ordenación do territorio, aprobadas definitivamente por Decreto 19/2011, do 10 de febreiro.
- Plan de Ordenación do litoral, aprobado definitivamente por decreto 20/2011, do 10 de febreiro.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de ordenación municipal de Vigo; AD parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).
- Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo (AD Pleno 31.05.2010, BOP 17.09.2010) (ROP).

## II.- CONTIDO E OBXECTIVOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº. 7 DO PXOM-08

A Modificación puntual nº 7 do PXOM-08 formúlase de oficio polo Concello de Vigo en cumprimento da sentenza nº.25/2011 de data 13.01.2011 do TSX de Galicia ditada no PO 4653/2008 cos seguintes obxectivos específicos:

- Trazar as aliñacións do vial “con inicio no Ramal 4 do Camiño de Balsa e final na finca particular nº.48”, de acordo coa meritada sentenza de data 13.01.2011.
- Respectar, na definición da aliñación proposta, os criterios xerais e a normativa que sobre o trazado de viarios se contén no vixente PXOM.

. Definir as condicións para a obtención dos terreos de cesión obrigatoria e para acadar a urbanización completa deste vial localizado en solo urbano consolidado.

A modificación puntual proposta límitase á definición de tal aliñación sen alterar nin a clasificación nin a cualificación do solo, nin ningunha outra determinación normativa que lle poida afectar ás parcelas lindeiras. Polo demais, trátase dun ramal que, segundo informa o xefe de Servizo de Patrimonio en data 28.09.2012, consta incluído na relación de vías públicas do Inventario municipal de bens e

dereitos como Camiño *Balsa ramal 4-1 con inicio no camiño Balsa e remate na finca particular nº 48*, correspondendo ao planeamento xeral o sinalamento das aliñacións na clase de solo que nos ocupa (ex.54 f) da LOUGA).

A modificación opera sobre os planos 16-I e 16-J da serie 2 do vixente PXOM onde se reflectirán as aliñacións da alternativa xustificadamente elixida no documento para aprobación inicial V1, redactado pola Oficina de Planeamento e Xestión en febreiro de 2012. Dita alternativa, que recolle a proposta formulada polos Servizos Técnicos en data 15.02.2012, pode ser desenvolta sen necesidade de delimitar ningunha actuación illada ou dotacional no Solo Urbano Consolidado, xa que os propietarios das parcelas lindeiras poden, un a un, completar a cesión dos terreos necesarios e, así mesmo, posibilitar a incorporación dos servizos urbanísticos ata que estas parcelas acaden a condición de soar, mediante un sinxelo proxecto de obras ordinarias, con motivo da solicitude de licenza de edificación.

Finalmente, o ámbito territorial afectado, circunscríbese ao nomeado Ramal nº 4 do Camiño de Balsa e final da finca de titularidade particular nº 48 da Estrada de Balsa, constando no acordo plenario de aprobación inicial do día 26.03.2012, que as parcelas afectadas correspóndense coas seguintes referencias catastrais:

54057A088003480000AI,54057A088003520000AJ,1320801NG2712S00010De1320819NG2712S0001YD.

### III.- CUMPRIMENTO DA TRAMITACIÓN PROCEDEMENTAL

De conformidade co disposto no artigo 93.4 da LOUGA, na súa relación co artigo 85.2, e atendida a resolución do día 13.01.2012 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI sobre a innecesariedade de sometemento da Modificación puntual nº 7 do PXOM-08 ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, unha vez acadada a súa aprobación inicial, deberá someterse ao trámite de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos xornais de maior difusión na provincia, non sendo necesaria a notificación deste trámite ás persoas propietarias de terreos afectados. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos municipios limítrofes. Ao mesmo tempo co trámite de información pública, deberán recabarse das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que deberán emitirse no prazo dun mes agás que a lexislación sectorial sinale outro prazo.

#### III.1. Resultado do trámite de audiencia aos municipios limítrofes.

Por oficios do día 17.04.2012 da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, notificouse o trámite de audiencia previsto no artigo 85.2 da LOUGA aos Concellos de Nigrán, Gondomar, Mos, O Porriño e Redondela (notificados todos eles o día 25.04.2012), recibíndose unicamente resposta do Concello de Redondela o día 15.06.2012 (doc. 120074117) consistente na comunicación do informe do día 05.06.2012 do arquitecto municipal sobre a non incidencia da Modificación puntual inicialmente aprobada polo Concello de Vigo sobre os intereses municipais redondeláns.

### III.2. Resultado dos informes sectoriais solicitados.

En cumprimento do disposto no apartado Terceiro do acordo plenario do día 26.03.2012, por oficio do 18.04.2012 da Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos (notificado o 25.04.2012) solicitouse informe á Consellería de Economía e Industria tocante aos datos reflectidos no Rexistro Mineiro de Galicia, sen que fora remitida resposta ningunha.

### III.3. Resultado do trámite de exposición pública.

O anuncio do acordo plenario do día 26.03.2012 de aprobación inicial da Modificación puntual nº 7 do PXOM-08 foi publicado o día 27.04.2012 nos xornais *Atlántico* e *Faro de Vigo* e o día 22.05.2012 no DOG nº 96.

III.3.1. ALEGACIÓNS PRESENTADAS: Segundo consta na certificación asinada o 03.08.2012 polo xefe do Asesoramento Xurídico da XMU, por delegación do secretario titular, durante o período de exposición ao público do expediente de referencia, presentouse unha única alegación con entrada no Rexistro o día 04.07.2012 (doc.120081478).

III.3.2. INFORME ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS: Con data 02.10.2012 o xefe de Desenvolvemento Urbanístico emitiu o seguinte informe:

#### “INFORME DE ALEGACIÓNS:

Durante o período de exposición pública do expediente núm. 13312/411, da “Modificación puntual número 7 do Plan Xeral de ordenación municipal relativo ao trazado de aliñacións no camiño de Balsa (Matamá) ”, aberto polo prazo de dous meses mediante a publicación de anuncios no Faro de Vigo e no Atlántico Diario, do 27 de abril de 2012, así como no Diario Oficial de Galicia, núm. 96, do 22 de maio de 2012 , presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

#### 1.- Irene Alonso Freire, doc. nº 120081478

Na alegación expónse que o camiño público que se cita no expediente e na sentenza é da súa propiedade, tratándose dunha servidume de paso .Por esta razón solicitouse recentemente unha modificación do inventario para a desafectación de dito camiño. Manifesta tamén que a modificación puntual que se propón parte da consideración de que o camiño é público, o que non é certo, e como proba achega escritura e un recibo de pagamento de unha gabia para construción dos servizos de que dispón (pavimentación e saneamento). Finalmente solicita que se deixen sen efecto as actuacións, en tanto que parten da consideración como camiño público, cando é da súa propiedade.

En primeiro lugar remitiuse copia de dita alegación aos servizos municipais de Patrimonio e de Asesoría Xurídica, para que informaran os aspectos da súa competencia (posible incidencia na execución da sentenza e titularidade municipal do camiño).



O 17.09.2012 o letrado de Asesoría Xurídica informou co informe que figura no expediente no que se afirma, entre outras cousas:

- a) Que o inventario municipal pode modificarse de oficio ou a instancia dos interesados.
- b) Que sendo un elemento de xuízo relevante, non é determinante.
- c) Que mentres a declaración da natureza pública ou privada dun camiño é de natureza civil, a previsión e inclusión no planeamento é de natureza urbanística-administrativa-pública: pode preverse un vial no PX sobre terreos privados (que haberá de xestionar) e pode eliminarse un vial no PX aínda existindo e tendo natureza pública (o que implica a súa desafectación) sempre con motivación axeitada e acorde ao interese público.

- A sentenza ditada no caso ten que executarse nos seus termos, calquera incidencia relevante pode ser sometida a incidente xurisdiccional executorio..."

O 28.09.2012 o xefe de Servizo de Patrimonio do Concello de Vigo, no informe que tamén figura neste expediente informou:

*"En resposta á súa solicitude de información sobre reclamación formulada por D<sup>a</sup> Irene Alonso Freire sobre o ramal 4 do Camiño Balsa, cumpre informar que dito ramal consta incluído na relación de vías públicas do Inventario municipal de bens e dereitos como Camiño Balsa ramal 4-1 con inicio no camiño Balsa e remate na finca particular nº 48.*

*Na actualidade atópase en tramite a reclamación presentada sobre a consideración de vía pública do ramal (exp. 19566-240)".*

Desde o punto de vista de planeamento urbanístico débese informar que a necesidade de fixación de aliñacións neste caso non se deriva unicamente, nin é consecuencia da condición ou natureza pública do camiño, como erroneamente se manifesta na alegación, senón que procede da clasificación e categoría do solo outorgada polo PXOM (solo urbano consolidado), que por definición do artigo 12 da LOUGA debe estar integrado por solares ou parcelas que poden adquirir a condición de solar con pequenas obras accesorias de escasa entidade

O artigo 54 f) da LOUGA obriga a que o Plan Xeral conteña, nesta clase e categoría de solo, do trazado e características da rede viaria pública, con sinalamento de aliñacións e rasantes. Neste caso, e como moi acertadamente informa o letrado da Asesoría Xurídica, con independencia da natureza actual pública ou privada do camiño o planeamento, como actividade de índole urbanística-administrativa-pública, pode fixar aliñacións por razóns de interese público, como ocorre neste caso. De non existir estas aliñacións que agora se completan, algunhas parcelas interiores á bolsa do solo lindeiras á da alegante quedaríanse sen poder adquirir a condición de solar, e requirirían como mínimo dalgunha operación de reorganización da propiedade como as previstas no artigo 122 da LOUGA.

En canto á pertenza do camiño ao Inventario municipal a data de hoxe, débese ter

en conta a confirmación por parte do xefe de servizo municipal de Patrimonio o 28/09/2012, e, xa que logo, a presunción de que se trata dun ben público municipal.

Unha vez fixadas as aliñacións ao actual camiño, a única consecuencia que se podería derivar da constatación posterior en vía civil da súa natureza privada e dun hipotético expediente de desafectación de dito camiño, sería a necesidade de obter a súa titularidade pública, ben por cesión do propietario para completar a urbanización e adquirir a condición de solar (art.19 a) da LOUGA), ben por expropiación, convenio ou permuta forzosa, mediante a delimitación dunha actuación illada en solo urbano consolidado (arts.124 e 167.1 da LOUGA).

Polo tanto, as pretensións da alegante de deixar sen efecto a modificación de planeamento xeral non poden ser atendidas, xa que a fixación de aliñacións por parte do planeamento, requirida en execución da sentenza, e necesaria por razóns de ordenación urbanística, non teñen que ver coa propiedade pública ou privada do camiño, que na actualidade debe presumirse pública pola súa inclusión no Inventario municipal. Todo isto independentemente do resultado do expediente de investigación patrimonial que se poida tramitar no seu caso polos servizos municipais de Patrimonio.

*Proponse a DESESTIMACIÓN da alegación”.*

III.3.3. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS: considerados os informes da Asesoría Xurídica de data 17.09.2012 e do xefe do Servizo de Patrimonio de data 28.09.2012, proponse, sobre a base do informado polo xefe de Desenvolvemento Urbanístico o día 02.10.2012, a desestimación da alegación presentada por D<sup>a</sup>. Irene Alonso Freire con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 04.07.2012 (doc. 120081478).

III.4.- Aprobación provisional.

Verificados os trámites de audiencia e exposición pública, sinalase que a documentación referente á Modificación puntual nº 7 do vixente PXOM que resultou inicialmente aprobada polo órgano plenario o día 26.03.2012, non ten sufrido modificación ningunha de cara a súa aprobación provisional.

Xa que logo, cumpridos os trámites sinalados no artigo 85.1 a 7 da LOUGA (a excepción dos referentes á tramitación da avaliación ambiental estratéxica dada a súa innecesariedade), corresponderá ao Pleno do Concello a súa aprobación provisional, previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local en cumprimento do artigo 127.1c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU ex. artigo 10º.1.a) dos Estatutos da XMU. O acordo de aprobación provisional é un mero acto de trámite non susceptible de recurso administrativo (STS 05.06.1998 e 10.10.1998). Con anterioridade a súa adopción deberá emitir informe xurídico a Secretaría do Pleno (artigos 54.1.b) TRRL e 122.5.e).2º e 123.2 LRBRL) e a Intervención municipal (artigos 54.1.b TRRL e 123.2 LRBRL).

Por aplicación do establecido no artigo 85.8 da LOUGA *“en caso de que pretendan*

*introducirse, no momento da aprobación provisional polo pleno municipal, modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto á clasificación e cualificación do solo, ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrirase un novo trámite de información pública con anterioridade ao referido acordo do Pleno municipal e da remisión da documentación oportuna á consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva”.*

III.5.- Presupostos da executividade da Modificación puntual: aprobación definitiva e publicación da normativa.

Adoptado o acordo de aprobación provisional, o expediente completo, debidamente dilixenciado, someterase ao órgano autonómico competente para a súa aprobación definitiva, debendo a CMATI, recibido este e no prazo dun mes, proceder ao exame da súa integridade documental e das actuacións administrativas realizadas e, de apreciar a omisión ou defectuosa realización dalgún trámite ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación, requirirá a súa subsanación, fixando prazo ao efecto. Ata o cumprimento efectivo, de ser o caso, deste requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva nin procederá resolver sobre esta.

En consecuencia, de acordo co artigo 85.7 da LOUGA, completado o expediente, o órgano competente para aprobar definitivamente a Modificación puntual adoptará a decisión que proceda, se ben por aplicación do artigo 85.10 da LOUGA esta entenderase aprobada definitivamente se transcorreran tres meses dende a entrada do expediente completo no Rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución.

De conformidade co establecido no artigo 89 da LOUGA, a competencia para a aprobación definitiva da Modificación puntual nº 7 do PXOM-08 reside no titular da CMATI e será inmediatamente executiva trala súa entrada en vigor, por mandato do artigo 92 da LOUGA, polo que, o acordo de aprobación definitiva que, no seu caso, se adopte polo titular da CMATI, deberá publicarse no DOG no prazo dun mes dende a súa adopción e os contidos normativos no BOP.

A súa entrada en vigor producirase nos termos sinalados nos artigos 70.2 e 65.2 da LRBRL.

#### IV.- ÓRGANO COMPETENTE.

É competente para aprobar provisionalmente a Modificación puntual nº 4 do PXOM-08 o Pleno do Concello co voto favorable da maioría absoluta da maioría legal de membros da Corporación (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) do Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP).”

Polo anteriormente exposto os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 15 de outubro, acordou aprobar a citada proposta.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do día 16 de outubro, por maioría, propón ao Pleno da Corporación a aprobación do acordo que se contén na parte dispositiva.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada por D<sup>a</sup> Irene Alonso Freire, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 04.07.2012 (doc.120081478), durante o trámite de exposición pública, sobre a base do informe do xefe de Desenvolvemento Urbanístico do día 02.10.2012.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a “Modificación puntual nº 7 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, relativa á definición de aliñacións no Camiño de Balsa (Matamá), redactada pola Oficina de Planeamento e Xestión da XMU en xaneiro de 2012 (documento V1).

Terceiro.- Remitir o expediente completo debidamente dilixenciado ao titular da CMATI coma órgano competente para a súa aprobación definitiva, que se entenderá producida se transcorreran tres meses dende a entrada do expediente completo no correspondente rexistro autonómico sen que fose comunicada a resolución que proceda.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Asesoría Xurídica do Concello de Vigo para o seu coñecemento e remisión ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2<sup>a</sup>).

3.6.-(241).- DECLARACIÓN DE “ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO GRUPO DE CASAS SANTA CLARA” NA PARROQUIA DE CABRAL. EXPTE. 585/431

(559/1101)

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 7 de novembro de 2012, a directora da oficina de Rehabilitación, coa conformidade da xefa do Servizo de Rehabilitación e Cascos Históricos, informa do que segue:

“Antecedentes xerais.

As vivendas sociais da Barriada Álvarez en Santa Clara, foron adquiridas polo Grupo de Empresas Álvarez, S.A. (GEA) mediante escritura pública subscrita o 26 de febreiro de 1985 perante notario. O vendedor era o IPPV que transmitiu as 96 unidades destinadas á GEA pola contía de 3.875.406 ptas.

As vivendas construídas en 1944 forman 16 bloques de tres andares e obtiveron a súa cualificación definitiva de Vivendas Protexidas pola resolución da Dirección Xeneral do IPPV en 1951.

En novembro de 2010 realizouse unha poxa pública das 96 vivendas propiedade da empresa que finalmente foron adquiridas polos propietarios actuais.

O perímetro desta área recolle, como xa se dixo anteriormente, un total de 96 vivendas, inferior ás fixadas no artigo 46 do RD 2066/2008 polo que require do acordo de aceptación da excepcionalidade do cumprimento do número mínimo de vivendas dentro da ARI nunha Comisión Bilateral de seguimento entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia, quedando suficientemente xustificada a delimitación deste ámbito ao non ter ningunha relación co contorno máis próximo e ser en si mesmas un conxunto delimitado no PXOM de Vigo como área de ordenanza específica de edificios singulares, cuxo perímetro está perfectamente definido e pechado. É ademais unha zona que se atopa cunhas patoloxías importantes, que fai necesaria a súa intervención e rehabilitación urgente.

Antecedentes relativos ó planeamento urbanístico.

O ámbito delimitado de acordo coa delimitación xa reflectida no PXOM de Vigo, definido para a elaboración desta memoria, ocupa unha superficie de 8.795,76 m<sup>2</sup>, e espállase polas rúas Ramón Nieto e Barriada Santa Clara.

O ámbito descrito coincide coa delimitación establecida no PXOM regulado pola ordenanza 8 CONXUNTOS REFORMABLES en vigor (PXOM 2007) para o Concello de Vigo, e recolle unha área urbana con tipoloxía de edificación propia das vivendas de promoción pública ou, como neste caso, de vivendas construídas por unha empresa para acoller aos seus traballadores.

O ámbito así determinado denomínase Grupo de Casas de Santa Clara, pero no PXOM non se establecen polo de agora medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía de edificación por ser un grupo de vivendas

concebido como conxunto e cun proxecto técnico específico conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

O ámbito é, polo tanto, un continuo ordenado, escasamente integrado no seu contorno.

Encóntrase a unha altitude aproximada de 99.20 m sobre o nivel do mar e está localizado dentro da delimitación do código postal 36205.

## SITUACIÓN ACTUAL

A zona dispón dunha superficie de solo de 7.711 m<sup>2</sup> construídos segundo as fichas catastrais en 1965, aínda que os datos recollidos as recoñecen de 1944, para 96 vivendas de distintas medidas, cunha superficie de 57, 62, 72, 76, 77 e 81 m<sup>2</sup> destinados a vivenda e 3, 4 ou 5 m<sup>2</sup> da súa proporción dos elementos comúns para cada vivenda.

As edificacións agrúpanse dun xeito ordenado dentro dun único cuarteirón 69.519 e unha única parcela '01' que acolle ás 96 vivendas dentro do ámbito.

Derivado da ausencia de actuacións urbanísticas integradoras, o espazo ten unha pavimentación que carece de toda humanización por estar ocupado ou á disposición maioritaria dos coches.

Neste intre estase a realizar unha actuación de pavimentación da beirarrúa de Ramón Nieto con substitución dos servizos urbanísticos.

O bordo do ámbito carece de integración no contorno e carece das correctas continuidades de vías ou de perspectivas das súas rúas. Trátase, xa que logo, dunha actuación en si mesma sen diálogo co seu contorno.

O espazo público do ámbito de estudo supón o 25,21% do total do ámbito delimitado, e está composto pola trama formada polo espazo libre que queda dentro do cuarteirón e o bordo norte e leste do mesmo, formando rúas e espazos urbanos. Estes últimos en realidade como ensanchamentos e dilatacións transversais da vía central. A trama está formada por dúas rúas ou parte delas, das que unha é perimetral ao ámbito, con escasas variacións nas seccións e nas interseccións entre elas, o que dá un aspecto ordenado á mesma.

Ten na súa meirande parte acabados de pavimentos en asfalto e baldosas de formigón coloreado en verde ou branco e bordo de formigón na súa cor natural.

As edificacións teñen uso de vivenda colectiva, de orixe sinxelo cun encadre moderno e desprovisto de decoración superflua.

Os edificios están dispostos en fileiras pechando un espazo interior e adaptándose á pendente da topografía.

As edificacións foron construídas en conxunto por volta de 1944 presupondo, xa

que logo, que o 100% da edificación ten a mesma antigüidade.

Exteriormente as edificacións presentan un estado aceptable por seren obxecto dunha intervención conxunta do tratamento superficial das súas fachadas con incorporación de cor de baseamento en gris e superiormente en cor vermella escura marcando a situación das xanelas en branco.

Interior e estruturalmente, o estado da edificación é dun deterioro xeneralizado que provoca a necesidade de intervención en todo o conxunto en especial para adaptalo ás necesidades de programa e habitabilidade actuais.

A superficie media das vivendas, estímase en 72,58 m<sup>2</sup>.

Non existe vivenda baleira dentro deste conxunto.

A poboación é de idade media elevada e o nivel de renda ou os seus recursos son escasos, o que leva aparellada unha problemática para a rehabilitación necesaria dos inmobles cuxa tendencia é preciso reconducir, quedando garantido, iso si, o seu uso como domicilios habituais e permanentes dos inmobles.

#### ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que, por abranguer zonas ou barrios en procesos de degradación, sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuadrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuadrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuadrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 do 1 de xullo, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 do 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servizos e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación construtiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espacio urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

#### PLAN CUADRIENAL DE VIVENDA E VIVENDA 2009-2012

O Plan Cuadrienal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, aprobado por RD 2066/2008, do 12 de decembro, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de vivenda e solo para o período considerado.

O RD 2066/2008 inclúe entre as súas actuacións de protección a rehabilitación de áreas urbanas en proceso de degradación e, en concreto e para as denominadas "Áreas de rehabilitación" (nas que se inclúen as ARIs) establece que nas mesmas poderán seren protexidas as operacións de rehabilitación de edificios e vivendas, incluíndo, de ser necesario, a execución da urbanización ou reurbanización do ámbito de que se trate e as obras de demolición.

O financiamento cualificado específico das áreas de rehabilitación consistirá en préstamos conveniados sen subsidiación, e subvencións destas actuacións con cargo aos orzamentos do Ministerio de Fomento destinadas ao promotor e que se aboará a través da Comunidade Autónoma. A contía máxima da subvención será a seguinte:

- a) Até un 40% do presuposto protexido, cunha contía media máxima por vivenda rehabilitada de 5.000€.
- b) Até un 20% do presuposto de ditas horas, co limite do 20 por cento da subvención establecida para a ARI.

Para acceder a estes financiamentos deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

Os acordos poderán estar referidos a unha ARI completa ou, dentro desta, a unha fase ou cifra adicional de obxectivos a rehabilitar e financiar, sen que poida superarse a cifra global de obxectivos convidados para cada Comunidade Autónoma e cidades de Ceuta e Melilla. En ditos acordos, concretarase ademais o número de obxectivos, o sistema de financiamento adoptado, a achega financeira de cada unha das partes e a forma de pagamento, así como os compromisos das Administracións intervenientes e as fórmulas de seguimento para a liquidación efectiva da subvención.

Previo ao acordo da Comisión Bilateral de seguimento, o Ministerio de Fomento deberá recibir a delimitación xeográfica precisa do perímetro da ARI sobre o plano parcelario a escala axeitada, e a documentación gráfica e complementaria que recolla as determinacións estruturais pormenorizadas do planeamento vixente, así como todos os parámetros urbanos que afecten á área delimitada, e unha memoria-programa composta por varios documentos que coincidan cos incluídos coa memoria que se xunta para aprobación neste documento.

As operacións de rehabilitación subvencionables deberanse axustar estritamente ao planeamento urbanístico, debéndose garantir a diversidade social e de usos e en particular, o realoxamento da poboación residente se fora o caso.



En relación co anterior, resulta necesario solicitar da CA a concesión da exención do cumprimento do número mínimo de vivendas de acordo co artigo 46 do RD 2066/2008.

#### PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ARI

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a declaración de ARI para o Grupo de Casas de Santa Clara, de tal feito que estea de acordo coas características do Plan de vivenda e rehabilitación para este tipo de barrios degradados.”

Polo anteriormente exposto, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do día 16 de novembro, por maioría, propón ao Pleno da Corporación a aprobación da citada proposta.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, a declaración de Área de Rehabilitación Integral do Grupo de Casas de Santa Clara (Cabral), segundo a delimitación que da devandita área de establece nos planos anexos á memoria-programa.

Segundo.- Solicitar acollerse ás axudas previstas para Áreas de Rehabilitación Integral no RD 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012 e D 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia que o desenvolve.

Terceiro.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) da Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento, para a realización e urbanización na devandita área; convenio marco que se materializará segundo convenios específicos e anualidades.

Cuarto.- Autorizar ao Alcalde-Presidente para que solicite a devandita declaración

de Área e para asinar ditos acordos.

- 4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.  
Non se presentaron.

*Neste intre e por cumprimento de acordo plenario, a Corporación Municipal e máis todas as persoas presentes no salón de sesións, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.*

- 5.- MOCIÓNS:

- 5.1.-(242).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á XUNTA E DEPUTACIÓN QUE CONTEMPLÉN NOS SEUS ORZAMENTOS PARTIDAS DE IGUAL CONTÍA ÁS DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O PLAN DE EMPREGO DE VIGO. EXPTE. 552/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de novembro, número 552/1101, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

“A situación da crise económica está provocando día tras día que milleiros de familias viguesas se atopen nun estado de auténtica necesidade, debido a que o desemprego está a aumentar na nosa comarca con cifras alarmantes e levan a que a nosa cidade se atope xa nun 24% de desempregados. Estes datos sitúan a Vigo como a cidade con máis taxa de desemprego de Galicia, con arredor de 34.000 persoas en paro.

Diante deste contexto, as administracións públicas deben ter como prioridade traballar a prol da creación de emprego. Defendemos que teñen que poñer todos os esforzos e actuacións necesarias enriba da mesa co obxectivo de incentivar a recuperación económica así como a aceleración de plans de emprego, que son unha boa ferramenta para que as persoas en paro acaden un posto de traballo.

O Concello de Vigo, a través do Plan de Emprego Municipal impulsado polo Bloque Nacionalista Galego, achegou máis de seis millóns de euros en distintas actuacións con colectivos da cidade, así como potenciando a contratación de desempregados

e desempregadas.

Aínda que as competencias en materia de emprego residen fundamentalmente no goberno central e na Xunta de Galicia, asistimos nos últimos anos a que tanto o goberno do señor Feijóo no goberno galego, como o do señor Louzán na Deputación de Pontevedra, non teñen realizado ningunha actuación encamiñada a potenciar a creación de emprego nin a complementar o Plan de Emprego Municipal de Vigo.

Esta decisión deixa a nosa cidade na máis total discriminación, cando estamos a falar da cidade máis industrial de Galicia e a que está a sufrir en maior medida as consecuencias desta crise económica. Esta crise agrávase día tras día pola inoperancia e as medidas regresivas dos gobernos do Estado, Xunta e Deputación, como pon de manifesto o dato de que a Xunta deixou sen executar 160 millóns dos orzamentos de 2011 para a promoción de emprego.

Nas vindeiras semanas vanse discutir os novos orzamentos da Xunta de Galicia e da Deputación provincial. Os nacionalistas consideramos que estaremos diante dunha boa oportunidade para que estas dúas administracións se involucren decididamente coa creación de emprego na nosa cidade.

Por todo isto, o Bloque Nacionalista Galego propón a seguinte resolución:

A Corporación municipal de Vigo insta á Xunta de Galicia e á Deputación provincial a que contemplan nos seus vindeiros orzamentos sendas partidas de igual contía como mínimo como as que se destinaron nos orzamentos municipais de 2012, para engadir e complementar o vindeiro Plan de Emprego Municipal de Vigo.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 19 de novembro, por maioría, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Por desgracia a crise económica segue azoutando a Vigo e a toda a súa comarca.

Hai un 24% de desempregados e desempregadas e é a cidade con máis taxa de desemprego de todas as cidades de Galicia onde máis de 34.000 persoas atópanse hoxe no paro.

Dende esta situación de extrema gravidade á que nos abocaron as medidas do Partido Popular, nós seguimos e seguiremos reclamando de calquera tipo de administración que a súa maior prioridade nestes momentos á hora de facer política, ten que ser sen ningunha dúbida a loita contra o desemprego e a atención aos servizos sociais. É este o momento oportuno de reclamar de todas e de cada unha das administracións estas prioridades porque é agora cando en todas as administracións, sobre todo neste Concello, na Xunta de Galicia e na Deputación,

estanse a discutir os vindeiros orzamentos.

O Bloque Nacionalista Galego é unha forza política que neste Concello está na oposición, está aí para controlar e criticar ao goberno desta cidade cando sexa necesario pero tamén para poñer enriba da mesa alternativas que lle sirvan á cidade e que melloren a capacidade de toda a cidadanía.

Por iso hai un ano o Bloque Nacionalista Galego fixo algo que algúns cualifican de “*paripé*”: esixiu e puxo enriba da mesa do goberno local a necesidade de elaborar un plan de emprego municipal, de poñer moitos máis cartos ao dispor da creación de emprego nesta cidade e tamén moitos máis cartos ao dispor de atender as demandas dos servizos sociais. Esta é a obriga de calquera forza política, estea no goberno ou na oposición, poñer enriba da mesa alternativas que melloren a calidade de vida dos cidadáns.

Polo que o Partido Popular veu dicindo estes días debeulle parecer ou cualifica de “*paripé*” que gracias a ese plan de emprego máis de seiscentas persoas nesta cidade puideran conseguir un traballo. Parece que o Partido Popular cualifica de “*paripé*” que estas persoas puideran gracias a este emprego ter cobertura sanitaria; parece que é un “*paripé*” que máis de 3.000 familias en Vigo se beneficiaran dun aumento nas bolsas de comedores escolares, nos libros gratuítos ou nos comedores sociais.

Diante diso o que temos que preguntar hoxe é que achegou o Partido Popular a esta cidade, que alternativas puxo enriba da mesa para cualificar o que outros facemos de “*paripé*”. A resposta é que en materia de emprego non presentou nin unha soa alternativa.

O que achegaron os representantes do Partido Popular a esta cidade foi ser os delegados do goberno do Sr. Rajoy, do Sr. Núñez Feijóo e os delegados do goberno do Sr. Louzán. Sen ningunha dúbida ser esas voces que defenden os recortes e estas políticas que están levando a milleiros de familias viguesas xa decididamente á pobreza ou á exclusión social.

Hoxe queremos brindarlle ao Partido Popular e aos seus representantes a oportunidade de achegar de verdade algo a esta cidade. O Bloque Nacionalista Galego ven de presentar emendas aos orzamentos do Estado, fará emendas aos orzamentos no Parlamento galego e por suposto tamén aos da Deputación e, sen ningún tipo de “*paripe*”, esixirá deste goberno local que siga aumentando as

prestacións para atender ao emprego e aos servizos sociais. Por iso hoxe lles brindamos aos señores do Partido Popular a oportunidade de facer algo por esta cidade.

Sr. Figueroa, vicepresidente da Deputación, eu supoño que cunha palabra de seu abondará para que o Sr. Louzán inclúa nos orzamentos da Deputación unha partida exactamente igual á que o goberno municipal, por esixencias do BNG, achegou no anterior orzamento; por seren vostede o presidente do Partido Popular en Vigo, unha palabra de seu debería abondar para que o Sr. Núñez Feijóo faga o mesmo nos orzamentos da Xunta e desa maneira poderíamos triplicar a contía que Vigo destina para a creación de emprego.

A nosa moción é que tanto a Xunta como a Deputación invistan en materia de emprego a mesma cantidade que investiu este Concello.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Esta moción é moi oportuna. O Grupo municipal Socialista veu trasladando a este Pleno de xeito reiterado mocións con similares solicitudes.

Digo que é oportuna esta moción porque agora se están confeccionando os orzamentos tanto da Deputación como da Xunta de Galicia e vemos que, de coincidiren co que veñen facendo nos últimos anos, nos orzamentosponse unha cousa pero logo se executa outra.

En primeiro lugar nin na Xunta de Galicia nin na Deputación hai unha soa partida para emprego destinada ao Concello de Vigo. En segundo lugar os orzamentos da Xunta para emprego son exiguos pero, aínda máis, logo non os executan nin en obradoiros de emprego nin en formación. En definitiva, nin sequera executan o orzamento para creación de emprego. A Deputación máis do mesmo porque ignora de xeito reiterado a esta cidade.

Vemos como para Vigo non hai orzamento fronte ao que tiñamos co bipartito na Xunta de Galicia que era en torno a 4,5 millóns de euros e agora non chegan nin a cen mil euros.

Con todo isto hai que lembrar que o Sr. Núñez Feijóo ten 60.000 parados máis dende que goberna e non fai políticas económicas que favorezan o emprego, ao igual que fai o Sr. Louzán.

O que si saben facer é o que estamos a escoitar e ver estes días na publicidade da Deputación de Pontevedra onde se di que na cidade se están investindo 2,5 millóns

de euros.

Diante disto eu véxome na obriga de que os cidadáns coñezan o que fan os governos cos seus impostos porque o que fan con eles o Sr. Louzán e o Sr. Figueroa na Deputación é anunciar que investiron 2,5 millóns de euros. Os cidadáns e nós, os socialistas, preguntámonos onde están eses cartos. Deberon quedar polo camiño porque aquí non chegaron. Onde están os investimentos da Deputación e da Xunta de Galicia en Vigo? Cero en investimentos.

Ademais lles teño que lembrar que marcharon da Fundación MARCO e da Fundación Provigo, que non pagan as súas cotas. Pola contra négannos que persoas maiores de vinte e cinco e de corenta e cinco anos que agora van Pontevedra á UNED poidan estudar en Vigo. Así vemos como unha vez tras outra para a UNED de Pontevedra van 300.000 euros, máis de 200.000 euros para a UNED de Lalín e para aquí 0.

Dicía antes que aproban uns orzamentos e logo executan outros porque na Deputación de Pontevedra acaban de facer unha modificación de crédito de dous millóns de euros e, saben os cidadáns para onde van eses cartos? Van para Pousadas. Saben os cidadáns que é iso? Dígoo eu: competencia desleal para a hostalaría do Sanlés. Pero para emprego e investimentos desta cidade hai cero euros.

Pola contra o noso alcalde, Sr. Caballero, está a desenvolver políticas keynesianas na nosa cidade, políticas directas de emprego, con plans de emprego, con investimentos e humanizacións, políticas que levan facer convenios con outras entidades. En definitiva, a preocuparse do principal problema que teñen agora mesmo os cidadáns neste país e en concreto na nosa cidade.

Creo que o Partido Popular debe responder positivamente a esta proposta do BNG porque o que están a facer a día de hoxe, xunto co Sr. Figueroa, é ser cómplices dunha política anti-Vigo, política que quere castigar a esta cidade non sabemos moi ben por que.

Pedímoslles, esixímoslles aos señores do Partido Popular que non sexan cómplices desta política anti-Vigo e que se poñan ao carón dos traballadores e traballadores que agora están en situación de desemprego e que polo tanto voten a favor desta moción para que concretamente existan e se executen esas partidas.

SR. FIGUEROA VILA: É vergoñento que un socialista faga un discurso dicindo que o principal problema é a xeración de emprego e botarlle a culpa aos demais.

Vostedes deixaron este país na ruína con máis de 900.000 millóns de euros de débeda na administración pública, cun déficit do 9%, con case cinco millóns e medio de parados e todo iso en sete anos. Deberíalle caer a cara de vergoña cando fai vostede esas afirmacións, primeiro como responsable deste Concello e segundo como sindicalista que é, polas políticas que fixo o seu partido en Madrid.

A Deputación de Pontevedra nos últimos cinco anos destinou 20 millóns de euros para máis de 3.000 persoas que obtiveron un posto de traballo.

Claro que son importantes as políticas de emprego, pero o é máis facer investimentos e intentar desbloquear temas importantes para esta cidade. Vostedes non quixeron un complexo de trinta millóns de euros que proxectou a Deputación de Pontevedra en Navia; non o quixeron porque non lles petou, porque politicamente era máis rendible o enfrontamento. Está nas hemerotecas a demostración de que a Deputación de Pontevedra quixo facer ese investimento na cidade de Vigo pero vostedes non quixeron e agora traen a mesma fórmula de xestión para facer o que hai seis anos nós destinábamos á cidade de Vigo. Iso é hipocrísía, cinismo e demagogía política. Non lles preocupan os cidadáns senón única e exclusivamente a súa rendibilidade electoral.

O grave desta cidade é que o alcalde prometeu pleno emprego pero os datos son estes: 17.791 parados cando el chegou á cidade de Vigo e agora hai 33.464 parados. As reformas, as obras, os cen millóns de euros do Plan E significarían 1.600 postos de traballo pero, onde están? Onde están eses guindastres que o Plan Xeral tería continuamente en Vigo? Así sucesivamente. Ata tiveron o descaro de dicir que tiñan investimentos para vivenda protexida.

Vostedes están intentando boicotear sectores estratéxicos na nosa cidade como o do sector naval. Que fixo o Sr. Almunia hai uns días obrigado pola presión dos gobernos de España e da Xunta de Galicia? Paralizar o Tax Lease. Onde están os apoios de seu ao naval? Porque o deixaron totalmente destruído nesta cidade, cando o Sr. Alcalde cun algún compañeiro que está ao seu carón encabezaban as manifestacións. Co naval non fixeron nada, tivo que vir un goberno do Partido Popular a intentar desbloquear e facer as contratacións e mesmo en campaña electoral quixeron desvirtuar ese acordo. É vergoñento que alguén poida estar

alegre porque non se poidan facer uns barcos.

Pero non só isto, na automoción acontece exactamente o mesmo. Están intentando paralizar o hospital de Vigo ao igual que fixeron co complexo de Navia porque non queren que se fagan investimentos na nosa cidade. A Cidade da Xustiza está totalmente paralizada por culpa de seu, por non ser capaces de xestionar terreos para ceder. En canto á biblioteca do Estado tívose o investimento durante tres legislaturas e non foron capaces de ceder os terreos para a construír.

E así sucesivamente. É a paralización permanente, o boicot e o enfrontamento que vostedes queren levar a cabo porque cren que é máis rendible.

Non o deben facer tan ben cando nas últimas eleccións só tiveron trinta e pico mil votos, algo lles está fallando cando o alcalde tendo o goberno, tendo a Alcaldía, sendo o único que fai boa xestión só saca trinta e pico mil de votos na cidade de Vigo. Nós tivemos quince mil máis ca vostedes: cincuenta mil votos, lles guste ou non. Os peores datos temos o Sr. Caballero con quince deputados en Santiago. Eses si que son os peores datos.

Iso é o que vostedes non son capaces de levar a cabo e agora falan de non sei que políticas. Onde están estes cinco millóns e medio de parados que deixaron neste país? Cinco millóns e medio de parados que vostedes xestionaron e agora teñen a cara de dicir que hai que xerar emprego.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A Corporación municipal de Vigo insta á Xunta de Galicia e á Deputación provincial a que contemplan nos seus vindeiros orzamentos partidas de igual contía, como mínimo, como as que se destinaron nos orzamentos municipais do ano 2012 para engadir e complementar o vindeiro Plan de emprego municipal de Vigo.

Leo a proposta da moción porque creo que se algunha das familias que a 26 de novembro seguramente non teñen arranxado como van comer os vindeiros días, se algún parado ou parada de longa duración que leva moito tempo sen poder levar ningún tipo de recurso económico para os seus fillos e a súas fillas escoitara este debate, a verdade é que tería que estar indignado ou indignada.

Pídolles a todos que non tratemos estes temas con frivolidade porque estamos falando do desemprego, de situacións moi graves, de nenos desta cidade que xa están pasando fame. Non se pode utilizar un debate sobre o paro unha vez máis



con frivolidade, falar de piscinas, de non sei que outras cousas e convertelo nunha batalla electoral. Non me estraña que a cidadanía nos diga que non ten ningún tipo de confianza na capacidade dos políticos.

Sr. Figueroa e señores do PSOE, estamos falando de emprego e, Sr. Figueroa, estamos falando de que con sinxelamente seis millóns da Deputación e da Xunta de Galicia triplicaríamos o número de traballadores e traballadoras que a través do Plan de emprego municipal poderían coller un traballo digno na nosa cidade. Non utilizemos unha vez máis unha moción coma esta, que o que pretende é que todos nos poñamos de acordo en solucionar ou intentar paliar o problema máis grave que ten hoxe Vigo, para unha batalla electoral.

Sr. Figueroa, vostede falou de todo menos para dicirnos se vai apoiar ou non, se lles vai esixir aos señores Louzán e Feijóo que invistan nesta cidade en materia de emprego. Falou de todo pero non nos dixo se vai esixir isto. Non nos dixo, en definitiva, se vai exercer de voceiro municipal de Vigo do Partido Popular ou vai seguir exercendo de delegado do Sr. Louzán, do Sr. Rajoy e do Sr. Feijóo.

Esta é a claridade que o noso grupo lles pide a vostedes, ao Partido Socialista e a todos os políticos: se realmente estamos aquí para traballar pola cidadanía e por solucionar o problema máis grave que hoxe ten a cidade que é o desemprego.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, instando á Xunta e Deputación que contemplan nos seus orzamentos partidas de igual contía ás do orzamento municipal para o Plan de Emprego de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.-(243).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E AO GOBERNO DE ESPAÑA A QUE DEAN MARCHA ATRÁS NAS MEDIDAS DE RECORTE EN EDUCACIÓN. EXPTE. 541/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de outubro, número 541/1101, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Díaz Vázquez, formula a seguinte moción:

“A educación española enfróntase a un recorte sen precedentes. O Goberno prevé que entre 2010 e 2015 o peso do investimento público en educación se reduza do 4,9% ao 3,9% do PIB, segundo o documento de axustes enviado a Bruxelas polo Executivo. E España xa estaba por baixo do PIB medio europeo. Esa baixada equivalería á perda duns 10.000 millóns de euros en cinco anos.

O Executivo comunitario recoñece que a UE podería incumprir os obxectivos de reducir ao 10% a taxa de abandono escolar e aumentar ao 40% a taxa de diplomados de aquí a 2020. Malta (36,9%), Portugal (28,7%) e España (28,4%) teñen as taxas de abandono escolar máis altas da UE, mentres que a media comunitaria sitúase no 14,1%.

A crise e a tesoirada nótanse na educación española: con milleiros de profesores menos, suspensión de programas de apoio escolar, apuros para pagar a luz ou a calefacción... E iso é só o principio.

Os datos dos recortes son brutais:

- 50 millóns de euros menos para bolsas (de 1.270 millóns de euros en 2012 pasarase a 1.222 millóns en 2013).
- 500.000 alumnos perden a axuda ao libro de texto, sobre todo en Galicia.
- As axudas baixan a niveis de hai 20 anos.
- Masificación nas aulas no ensino non-universitario.
- Subida ata o 17% do IVE en material escolar.
- Péchanse comedores escolares e a outros redúcenselles considerablemente as subvencións.
- Supresión de persoal educativos e aumento da súa carga lectiva.

- Endurecer os criterios das bolsas.
- Volver á escola dos 60, con reválida e dous itinerarios, un para os que valen e outro para que o resto quede expulsado do sistema con 15, 16 ou 17 anos.

É por iso, polo que o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a que dean marcha atrás nestas medidas, que son contraproducentes e teñen efectos perniciosos. Os gobernos deben manter un sistema educativo para sacar ao país da crise, que non se conseguirá con estas medidas como introducir mecanismos de mercado na educación que, non só non a melloran, senón que conducen directamente á segregación do resto de Europa.”

A comisión informativa de Economía e Facenda, Educación e Patrimonio, na súa sesión do 22 de outubro, por maioría, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis estamos neste Pleno para falar de educación e da súa defensa na nosa cidade, sobre todo da educación pública. Estamos falando dos nosos nenos e nenas que van aos colexios.

Nun ano este Grupo Socialista presentou neste Pleno un total de dez mocións para defender a educación dos nosos nenos e nenas, para defender a igualdade e contra o trato discriminatorio que están exercendo tanto a Xunta de Galicia como o goberno estatal sobre a nosa cidade.

Viñemos este Pleno para defender que a Xunta investise máis en Vigo, ao que o Partido Popular votou que non. Viñemos pedir máis financiamento por parte da Xunta de Galicia para mellorar as instalacións dos nosos colexios e o Partido Popular de Vigo volveu dicir que non. Viñemos para denunciar que diminuían as axudas para as garderías, para os pais que teñen nenos con necesidades educativas de 0 a 3 anos e novamente o Partido Popular de Vigo dixo que non. Denunciamos a suba do IVE no material escolar ata un 21%, declarándoo polo tanto o goberno de Rajoy coma un ben de luxo e o Partido Popular de novo volveu votar que non.

Pero tamén denunciamos a suba das taxas nas escolas infantís da Xunta de Galicia ata un 50%, a diminución de profesores nas escolas públicas que en dous anos xa levamos dous mil, denunciamos a eliminación de aulas como aconteceu en Vigo nas escolas infantís de Palencia e Nogal, a suba das taxas universitarias e que se

estean dando ciclos formativos a outras cidades e non se estean dedicando a Vigo. A todos estes pedimentos que o Grupo Socialista fixo neste Pleno o Partido Popular de Vigo dixo que non.

Polo tanto novamente se comproba que o Partido Popular de Vigo en ningún momento defendeu en materia educativa á cidade de Vigo e o único que defendeu foron as políticas de Feijóo na Xunta de Galicia ou as de Rajoy no goberno de España.

Dicía que hoxe unha vez máis temos que volver falar de educación porque unha vez máis temos que denunciar un trato discriminatorio cara á nosa cidade coa complicidade do Partido Popular de Vigo. Nun momento de aumento do paro, no que están aumentando as familias sen recursos, cando vemos que cada vez hai máis nenos e nenas que non teñen acceso a unha comida quente, a Xunta acaba de diminuír as axudas e as bolsas de comedores escolares. A última política practicada pola Xunta de Galicia foi a de diminuír as bolsas para os nenos e nenas que comen nos colexios públicos da nosa cidade.

Se antes a Xunta concedía unhas bolsas e unhas subvencións ás asociacións de pais e nais por 315.000 euros, a nova é que agora reduciu esa cantidade a 131.000 euros; estamos falando dunha baixada dun 60%, é dicir, agora só un terzo dos nenos van ter acceso a unha bolsa de comedor. Estamos falando de comidas de nenos e nenas e só un terzo deles poderá ter acceso a esa bolsa e dous terzos dos nenos van quedar fóra, sen posibilidade de axuda e polo tanto sen a posibilidade de acceder a un prato quente. Centos de nenos da nosa cidade non van poder comer nos nosos comedores escolares. Esta é a política do Partido Popular na cidade de Vigo no que se refire a educación.

O Partido Popular en Madrid acaba de aprobar uns orzamentos nos que de novo a educación volve ser a gran sacrificada e, aos recortes que xa viñamos denunciando, todos estes que acabo de relatar, agora novamente vanse engadir máis recortes e polo tanto máis complicacións e máis dificultades para os nenos e nenas que queiran acceder a unha educación digna, porque de novo imos falar de menos aulas, menos profesores, de que se pechan os colexios, de menos bolsas nun momento no que tanto a Xunta como o goberno central aumentan as taxas e falamos tamén de que en Galicia é onde os libros de texto son os máis caros de toda España. En Galicia págase máis e recíbense menos bolsas.

Lembremos que hai cinco anos, cando gobernaba o Partido Socialista na Xunta de Galicia, os libros eran gratis para todos os nenos e nenas que estudaban. Agora a todo isto lle engadimos a diminución das bolsas de comedor para os nosos nenos e nenas e de novo, unha vez máis, coa complicidade do Partido Popular de Vigo. Nós non aceptamos esta postura da Xunta de Galicia, estamos na contra da diminución de bolsas de comedor e por iso traemos o compromiso do alcalde de que onde non estea a Xunta, estará o alcalde de Vigo e onde a Xunta reduciu 200.000 euros, nos novos orzamentos municipais aparecerá esa partida incrementada en 200.000 euros para que ningún neno ou nena de Vigo quede sen bolsa de comedor.

SRA. VELOSO RÍOS: Os últimos anos foron absolutamente demoledores para o ensino público galego. Este curso comezou con mil profesores menos ca o ano pasado, aulas máis masificadas, carencia de especialistas, agrupamentos de alumnado de diferentes idades como se facía antes nas escolas unitarias e absoluta desatención á diversidade.

Aproveito que hoxe veu o Valedor do Cidadán presentarnos o seu informe sobre a discapacidade porque nel podemos ver que en España o abandono escolar é do 53,8% entre os nenos e nenas con discapacidade, a maioría deles, o 45%, atopábase en centros ordinarios en réxime de integración e recibindo supostamente apoios educativos e só o 19,1% en centros especializados. Se lles sacamos eses apoios educativos, se empeoramos de tal maneira as condicións do sistema público educativo galego, cal vai ser a cifra que nos atoparemos dentro duns anos?

No mandato anterior perdeuse un total de dous mil cincocentos profesores e profesoras pero aumentou o número de alumnos e alumnas e por iso así é imposible manter a calidade.

Eu estou farta de escoitar dicir a persoas do Partido Popular que cando nós eramos pequenos e iamos ao colexio eramos máis e non pasaba nada. Si que pasaba. Dende logo que hai trinta anos eramos moitos máis nas aulas pero si que pasaba, pasaba que o alumnado con mellores capacidades, con mellores situacións económicas ou familiares saía adiante e o resto non; o resto quedaba polo camiño, é dicir, dependía das súas circunstancias porque non había un goberno ou unhas

administracións que garantiran o dereito á educación que teñen todos e todas as nenas. Era sinxelamente unha carreira que gañaba o máis forte, era un “sálvese quen poida”. Pero isto, señores e señoras do Partido Popular, non é civilización, é sinxelamente un “sálvese quen poida”, unha carreira.

Se agora vemos a situación das persoas con máis dificultades, decatámonos de que tanto as medidas legislativas como as accións políticas teñen como resultado a súa expulsión directa do sistema educativo fronte á impotencia absoluta dos e das profesionais que non teñen ningún tipo de apoio nin de formación polos seus xefes e xefas, porque son traballadores e traballadoras públicas, e a impotencia absoluta das familias. Iso si, a menos que teñas recursos económicos e familiares que cho permita, por exemplo logo de que se aprobe o novo decreto de atención á diversidade de Galicia no Parlamento galego e logo de votar a súa aprobación, que quede publicado para que se lle aplique aos demais e ti ao teu fillo, sabendo os recortes que se van producir, sácalo do colexio público e lévalo cara un colexio privado pagando do teu peto unha coidadora a 1.500 euros ao mes.

Quen o pode facer e ademais ten os poucos escrúpulos de votar a favor dun decreto de atención á diversidade que deixa sen atención aos nenos e nenas con discapacidades, faino pero o resto que arree. Esa é a política do Partido Popular. Algúns cargos políticos do Partido Popular fano para salvar ao seu propio fillo ou filla porque teñen recursos para o facer, pero o resto dos nenos e nenas que arree que para eles non gobernan.

O que xa comezaron a sufrir as crianzas que teñen máis dificultades vaise estender ao resto de nenos e nenas segundo as súas circunstancias. Así vanse afondar as diferencias sociais e hipotecarse o futuro da nosa sociedade.

A verdade é que lles debería dar vergoña ás persoas do Partido Popular que están tomando decisións tanto no goberno do Estado como no goberno autonómico, propoñéndonos o futuro que nos propoñen para o sistema público educativo. Pero non, non lles dá vergoña porque ese é realmente o seu obxectivo. Agora que hai crise e que os recursos son escasos chámanlle facer máis con menos sinxelamente a aplicar o coñecido dito de que “quen reparte se leva a mellor parte”. Iso é o que están facendo.

Por suposto nós sempre seguiremos manifestándonos na contra destas políticas do Partido Popular que desmantelan o sistema público educativo galego e que o único

que fan é aumentar as diferencias e deixar sen oportunidades a unha parte inmensa da poboación.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Eu estiven a piques de presentar unha cuestión de orde porque, como ben recoñeceu a Sra. Díaz, presentaron dez veces a mesma moción. Trouxeron a última en abril e os contidos son exactamente os mesmos, ata o mesmo comezo; practicamente non hai variacións sobre o tema cando o Regulamento do Pleno di que unha mesma moción non se pode traer en menos dun ano, ten que cumprir 365 días. Pero eu xa nin me meto logo do bochornoso espectáculo e das mentiras que se dixeron.

É vergoñento que vostede, Sra. Díaz, veña falarnos da equiparación de nenos e nenas, se ría dos cidadáns de Vigo porque lle lembro o caso de Altamar; estes nenos e nenas para vostedes non son de Vigo, deben ser algo estraño.

Bórranse das actas da EMAO as intervencións do Grupo Popular, terxivérsanse, manipúlense, dinse cousas, constrúense; aproban mocións neste Pleno referentes a plans educativos de recuperación dentro da EMAO e quérese botar abaixo e facer desaparecer á EMAO. Esta é a educación que tanto lle importa ao PSOE e aínda teñen a cara dura de vir un Pleno pedir isto ao Partido Popular cando, por certo, son temas do Parlamento do Hórreo. Se están ofuscados ou frustrados por non ter conseguido máis ca uns poucos parlamentarios no Parlamento do Hórreo de Galicia, síntoo pero a culpa non a temos nós.

Mente en todo, Sra. Díaz, porque “Vigo por dentro” desapareceu cando era unha axuda para o alumnado. Ven e volve mentir sobre as garderías, sobre o 50%... Isto é unha total ignominia, unha mentira.

Alberto Núñez Feijóo veu á apertura da gardería “Gota de Leite” e había cativos de verdade que rían, xogaban, aprendíanlles e ata colleu un no colo. Lémbrolle que nas súas estaban de xornadas de portas abertas e o único que había eran bonecos de latex. Por amor de Deus, por favor, sexan máis rigorosos e máis serios. Aínda que me dá mágoa ter que deixar os refráns pero como a tradición é a tradición vou dicir un: “Só se ve a palla no ollo alleo”.

Lémbrolle ao Sr. Fernández Pérez que se demostrou que no crack do 29 as políticas keynesianas foron un fracaso. Tiña razón o Sr. Rodríguez Zapatero cando dicía que este señor, o alcalde, era unha volta ao pasado. Eu creo que é unha volta ao

Neolítico ou á Idade de Ferro, non o sei.

En efecto son medidas moi necesarias porque estamos nunha situación de crise moi grave.

Sra. Veloso, eu que son bastante maior ca vostede e estudei na pública e na privada, lémbrolle que as persoas que mellor preparadas saían, as que máis triunfaban, ás veces eran as máis desfavorecidas porque había unha cultura do esforzo que agora non se dá. Lémbrolle tamén que co goberno do bipartito do que vostedes formaban parte o fracaso e o abandono escolar foron realmente espectaculares. Fale con D<sup>a</sup> Laura e pregúntelle o por que dese fracaso na educación co bipartito.

España atópase nunha situación moi grave porque foron oito anos sen queren aceptar nin enfrontar unha crise económica sen precedentes. Agora a situación dalgunhas comunidades autónomas resulta insostible porque, como dixo o noso presidente da Xunta, Cataluña pide e Galicia paga. Para poder cambiar a situación en tempos de crise se teñen que tomar medidas, adoptar reformas, axustes para soste o sistema e que esas persoas que traballan, funcionarios, non se vaian á rúa. En educación o esforzo, a optimización de recursos, os novos plans son fundamentais.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Non sei por onde comezar porque por máis que se repitan as cousas non deixan de ser verdades ou mentiras, os feitos e as realidades están aí. Iso é o que lle doe ao Partido Popular porque non sabe rebater con feitos as realidades que están provocando tanto dende a Xunta de Galicia como dende o goberno de España.

O artigo 27, apartado un da Constitución di: “Todos teñen dereito á educación”. No apartado 5 dise: “Os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación mediante unha programación xeral do ensino, con participación efectiva de todos os sectores afectados e a creación de centros docentes”.

Isto é o que di a Constitución e é o que se está a pasar polo forro o Partido Popular porque dende que goberna tanto na Xunta de Galicia como no goberno de España, a realidade é que hai menos aulas, menos docentes, menos bolsas, máis taxas e máis dificultade de acceso.

Polo tanto hai unha política moi clara de restrinxir o acceso á educación para todas



e todos os nenos.

Vostede botaba as culpas de que se agora os nenos non saen adiante é porque non se esforzan. Por suposto discrepo. Son as palabras de seu e gustaríame que se retractara. O que hai detrás é a ideoloxía de que non todos os nenos e nenas teñan acceso á educación e por iso están masificando aulas. Voulle poñer o exemplo da profesora do meu fillo.

Na reunión que tivemos o outro día a profesora dicíame que ela antes podía revisar o cartafol dos nenos todos os días e sabía se ían ben ou mal e se avanzaban ou non, pero que agora non o pode facer porque ten máis nenos, máis docencia e polo tanto non dispón da cantidade de tempo suficiente para revisar. Así, por suposto, se lle van escapando os nenos que teñen menos capacidade e máis dificultades. Iso é o que está facendo a política de vostedes: distinguir entre nenos.

A educación é o que nos fai iguais, é o que lles permite ás persoas sen recursos acceder a un mundo mellor; é o que nos fai ter capacidade para decidir e para pensar.

Por certo as políticas Keynesianas foron as que sacaron da crise no 29.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

**ACORDO:**

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra.

Díaz Vázquez, instando á Xunta de Galicia e ao goberno de España a que dean marcha atrás nas medidas de recorte en educación, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3.-(244).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO O REXEITAMENTO DO PROXECTO DE LEI DE TAXAS XUDICIAIS. EXPTE. 561/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de novembro, número 561/1101, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“Como todos sabedes, estase a tramitar no Congreso dos Deputados, unha Lei de Taxas Xudiciais, cuxa entrada en vigor se pretende para primeiros de ano, ou xa para este mes de novembro.

Este Proxecto de Lei, tal e como o Goberno do PP pretende que se aprobe, supón excluír da administración de Xustiza aos cidadáns que non poidan pagar. Así, de se aprobar o proxecto en trámite, pasaremos dunha Xustiza para todos, a unha Xustiza na que o cidadán só será atendido se antes pasa por caixa.

O Proxecto de Lei de Taxas Xudiciais que se está a tramitar pola vía de urxencia, obtivo o rexeitamento xeneralizado de toda a oposición, ademais de todos os ámbitos da Xustiza, dende o funcionariado, pasando polos avogados, procuradores e Xuíces. Xa dende o Consello Xeral do Poder Xudicial, advertiuse da inconstitucionalidade da Lei que se pretende aprobar, por vulnerar un dereito fundamental como é o da Tutela Xudicial Efectiva e o principio de igualdade de todos ante a Lei.

Así, tanto os autónomos, coma os profesionais, *mileuristas* ou calquera persoa cuxo salario sexa de pouco máis de 1.000 € ao mes, terán que pagar para que un xuíz lles asista, ou terán pechadas as portas da Xustiza, para defender os seus intereses lexítimos.

Dende o Grupo Municipal Socialista, queremos poñer o acento na motivación que leva ao Goberno do PP, co seu ministro de Xustiza como paladín da reforma, que non é a autosuficiencia da Xustiza Gratuíta, cousa que se podería acadar doutros xeitos (xestionando máis eficientemente o servizo, evitando os abusos) senón que o que se pretende é expulsar da Administración de Xustiza ás clases medias. Con esta Lei, só poderán acudir á Xustiza as grandes corporacións, as clases acomodadas e os beneficiarios da xustiza gratuíta, que cos novos baremos introducidos son cada vez menos cidadáns.

A nova Lei de Taxas Xudiciais, non é unha medida recadatorio, que tamén; é, sobre todo, unha medida ideolóxica, pois para o Sr. Gallardón e o Goberno do PP, os dereitos fundamentais, son un luxo que os cidadáns deben pagar e ademais caro.

Por todo iso, o Grupo Socialista do Concello de Vigo presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal, os seguintes acordos:

Primeiro.- O rexeitamento do Proxecto de Lei de Taxas por vulnerar os dereitos fundamentais, da Tutela Xudicial Efectiva e o principio de igualdade dos cidadáns ante a Lei.

Segundo.- Dar traslado deste acordo para a súa toma en consideración ao Goberno de España e aos Grupos Políticos do Congreso e do Senado.”

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, na súa sesión do 19 de novembro, por maioría, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: A ver se conseguimos que os concelleiros do Grupo Popular volvan á realidade. Traemos unha moción que rexeita o proxecto de lei de taxas xudiciais.

Ata o de agora ao falaren de recortes se asociaban ao Partido Popular, agora tamén se lle reconece como o partido do “taxazo” por seren os que levaron ao Parlamento unha lei de taxas xudiciais abusivas, exorbitantes, non asumibles e sobre todo anti-sociais. Esta é unha lei presentada polo Partido Popular con trámite de urxencia e cos seus únicos votos, e non se aceptou ningunha das emendas porque para isto serven as súas maiorías absolutas.

Con esta lei de taxas o Partido Popular pretende crear unha xustiza para ricos e outra para pobres, que teña un efecto disuasorio para as persoas que teñen menos recursos e así se vexan privadas de poder acudir á xustiza.

Pero ten outra parte moi importante que é a guía política do Partido Popular que ataca aos servizos públicos e establece unha xustiza de dúas velocidades. En troques de dotar con máis medio á administración de xustiza, o Partido Popular opta por un sistema mercantilista pretendendo unicamente a destrución do estado do benestar. O Partido Popular vai fulminar todos os récords negativos neste país.

É a primeira vez na historia que se establecen unhas taxas ás persoas físicas e evidentemente as grandes empresas e corporacións débenlle estar moi agradecidas ao Partido Popular porque con esta lei se cargan totalmente o dereito á

tutela xudicial efectiva.

As taxas increméntase ata un 167% e esténdense a outras xurisdicións como a do Social que ata agora estaban exentas. Evidentemente atácase un aspecto tan importante coma é a conflictividade laboral.

A gran coartada do Partido Popular é como sempre falar de austeridade, de recortes e do financiamento da xustiza gratuíta. Vergoña deberíalles dar cando isto só supón o 6,5% do gasto total en xustiza.

A mensaxe política é evidente: parece que os cidadáns recorren á xustiza como se se tratase dun capricho ou privilexio e por iso se implantan estas taxas para conflitos en materia laboral.

Que todos os cidadáns saiban que mañá, cando queiran recorrer en segunda instancia algo tan básico como un despedimento, vailles custar polo menos oitocentos euros.

A vítima desta lei é a cidadanía e é evidente que o único obxectivo deste “taxazo” xudicial é afondar aínda máis na brecha social á que nos están levando as políticas do Partido Popular que o único que pretende é deixar fóra aos máis desfavorecidos. Pero é evidente que estas medidas, coma o resto das que está tomando o Partido Popular, non son para favorecer un futuro mediante a mal chamada austeridade, estas medidas teñen un nesgo claramente ideolóxico. Pretenden que ese estado do benestar que tantos anos e tanto sufrimento custou e que se materializa en sanidade, educación e xustiza, perdámolo por mor desas políticas.

Concelleiros do Partido Popular, sen xustiza non hai dereitos. Os cidadáns afectados polas preferentes, polos desafuzamentos, por temas tan sensibles como a violencia de xénero, por sinistros ou accidentes van ter que pagar coma nunca o tiveron que facer por unhas taxas xudiciais.

É difícil conseguir que todo o mundo estea en contra, pero onte o decano dos xuíces de Vigo dicía literalmente: “Se todos os profesionais de xustiza estamos sublevados contra o Ministerio, algo pasa”.

Concelleiros do Partido Popular, volvan á realidade. Vostedes gobernan pero o están facendo moi mal e aos únicos que prexudican son aos que menos teñen.

SR. ALONSO PÉREZ: Antes de entrar no contido da moción quería clarexar algo que non se axusta á realidade porque quedou no ar: A Deputación de Pontevedra

xamais tivo trinta millóns de euros para investir en Navia. Iso é falso. Era unha empresa privada que propoñía un centro comercial.

A PRESIDENCIA: Sr. Alonso, non volva ao debate anterior porque senón lle terei que dar a palabra ao Grupo Popular.

SR. ALONSO PÉREZ: Efectivamente o goberno do Estado acaba de aprobar un proxecto de lei coa pretendida xustificación de evitar a saturación dos xulgados pero o que implica en realidade é a posta en marcha dun sistema de taxas que na práctica dificulta, ou mesmo impide, o recurso aos tribunais das persoas e entidades con menos recursos económicos.

Este feito provoca unha mingua na tutela xudicial que constitúe un pilar fundamental do Estado de Dereito consagrado no artigo 24 do texto constitucional, Constitución que o Partido Popular se empeña en sacralizar noutras cuestións, ao tempo que a pon en cuestión cando se trata de garantir o dereito que lles asiste aos cidadáns ao accederen en igualdade de condicións á xustiza na defensa dos seus intereses.

Dende o BNG manifestamos a nosa rotunda oposición á aprobación deste proxecto de lei que imporá unhas taxas que limitarán no ámbito do Civil o acceso á xustiza, por non falar da xurisdición contencioso-administrativa na que se fará inviable o dereito da defensa da cidadanía diante de decisións da administración, fundamentalmente na súa función sancionadora.

Consideramos que a saturación da administración de xustiza se debe abordar dende as súas verdadeiras causas que son por unha banda a súa deficiente dotación de medios, froito de que no Estado español se destina á xustiza a metade da media dos recursos que destinan os estados da Unión Europea, e por outro a través da súa modernización impulsando unha xustiza máis eficaz e áxil.

Consideramos que as medidas deste tipo impoñen un modelo de xustiza na que só se lles garante o dereito de tutela efectiva dos xulgados e tribunais a aquelas persoas que teñen recursos dabondo para facer fronte aos gastos, ao tempo que fica excluída do exercicio deste dereito gran parte da sociedade.

Un modelo no que o exercicio dos dereitos dependa dos recursos cos que cada quen conte e que segregue á cidadanía no exercicio dun dereito fundamental: quen

ten cartos poderá ter a tutela dos tribunais e quen non, non.

Por iso imos votar a favor de esta moción. A aprobación deste proxecto de lei é claramente lesivo para os dereitos e intereses de gran parte da cidadanía galega e das súas clases medias. Ademais onte foi o día 25 de novembro e xa vimos que tamén as mulleres vítimas de violencia de xénero van ter que pagar por recorrer á xustiza.

Pero o colmo que xa nos parece unha broma de mal gusto é que, aínda por riba de castigar á cidadanía con este “taxazo” xudicial, veña o Sr. Feijóo facendo o “paripé” e diga que as taxas lle parecen excesivas. É unha broma de mal gusto.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. López Font, nós vivimos en Vigo e non na república independente de “abelandia”, fáltalles Alicia e xa teñen o país das marabillas.

O financiamento do noso sistema xudicial é un gran problema para a nosa economía, froito sobre todo das súas políticas socialistas, políticas que levaron este país á creba, políticas que replican no Concello de Vigo acumulando unha débeda de cen millóns de euros e aquí non pasa nada. Vostedes montan a festa e logo nós a limpar a casa como xa é habitual.

Esta medida ven provocada pola imposibilidade por parte das comunidades de seguir facendo fronte á tendencia ao incremento do orzamento anual dedicado a xustiza e ás tensións de tesourería que se sofren, provocando graves conflitos cos profesionais que prestan os seus servizos para posibilitar este dereito. É dicir, o habitual en vostedes: teñen un problema, négano e incrementan o problema.

Se trasladamos isto ao Concello de Vigo, ata onde van incrementar a débeda? Porque xa imos en cen millóns cando lles deixamos só corenta de débeda. Non me estraña que estean facendo os recortes sociais que fan e as subas de impostos coas que están estrangulando a débil economía das familias viguesas. Xa me gustaría que viñeran cunha moción para eliminar as abusivas taxas que impoñen dende este Concello ás familias viguesas.

O que ten que facer un goberno é recoñecer a dificultade económica do noso país, recoñecela, enfrontala e tomar decisións. Entendo que iso é o que fixo o ministro de Xustiza: tomar decisións.

Hai algunhas cuestións que nun futuro deberíamos meditar con maior intensidade e debate, pero o fondo desta medida é desconxestionar o noso sistema xudicial,

cuestión que non parece importarlles moito en Vigo debido ao colapso que sofren os nosos xulgados e o nulo interese que manifestan para o solventar. Digo nulo interese porque bloquearon e paralizaron un investimento de quince millóns de euros para a Cidade da Xustiza. Cal é o problema? Que nun puideron presentar unha das súas maquetas de tres ou catro millóns de euros de proxectos irrealizables aos que xa nos teñen acostumados? De verdade que por non poderen presentar unha das múltiples maquetas coas que adoitan enganar aos vigueses, paralizaron un investimento de quince millóns de euros? Esta vez que tocaba: a xustiza de Moneo, Calatrava, Foster ou Guerin?

As taxas constitúen un sistema de financiamento da xustiza dende 2002, Sr. López Font lea a lei, modificada no 2010 polo Partido Socialista. Si, Sr. Font, pero o novo marco regulador opta por unha revisión marcada polo propósito de solidariedade dotando a esta reforma dun profundo carácter social, xa que a recadación se vincula ao financiamento do beneficio de xustiza gratuíta, demandado por un número crecente de cidadáns diante do deterioro da situación económica. Ese incremento de demanda coincide nun momento no que as propias administracións se ven sometidas a uns orzamentos restritivos como consecuencia da perda de recursos e a necesidade de garantir o cumprimento da senda de estabilidade comprometida fronte Bruxelas.

O dito: vaise de festa, non limpan a casa e a conta que a pague outro. É o mesmo que van facer cos cen millóns de débeda do Concello.

O proxecto nace coa vocación de garantir o financiamento en todo o territorio nacional da xustiza gratuíta, asegurando o seu normal funcionamento en beneficio de todos aqueles cidadáns que, tal e como recolle o artigo 119 da Constitución, carezan de recursos. Ademais vaise elevar o albor de ingresos esixidos para que pase de dúas veces do SMI a 2,5 o IPREM, de xeito que un maior número de persoas que realmente o necesitan pasen seren titulares deste dereito, chegando aos 15.975 euros fronte aos 14.910 euros actuais. Por certo, os casos de violencia de xénero están exentos.

Lonxe de atrancar a tutela xudicial, as taxas permitirán garantila con maior amplitude nos termos previstos pola Constitución. A xustiza será gratuíta para os que de verdade carecen de recursos, impedindo que por motivos económicos ninguén vexa acernado o seu dereito de acceso á xustiza. As taxas servirán tamén

para racionalizar o uso do servizo público da administración de xustiza, evitando o uso abusivo sinxelamente ineficiente no que o recurso aos tribunais non ten outra finalidade que a mera dilación no cumprimento de diversas obrigas.

Fronte á crítica dalgúns grupos da oposición que consideran infundada esta argumentación, hai que lembrar que nove de cada dez recursos en segunda instancia confirman a primeira sentenza.

Por iso presentamos a seguinte emenda de substitución: Instar ás Cortes Xerais a que aproben unha lei de taxas xudiciais pola que estean exentos de pagamento das mesmas os procesos penais, a primeira instancia na orde social, os procesos de capacidade, filiación de menores, protección dos dereitos fundamentais, así como os beneficios da xustiza gratuíta. E tamén instar á Xunta de Galicia que non estableza ningunha taxa complementaria.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Álvarez, non se me ten que dirixir nin preguntarme, tense que dirixir a toda a sociedade que está en contra da Lei de taxas. Non se decataron aínda. A cidade de Vigo é moi digna e vostede é concelleiro dela. A cidade de Vigo non admite ningunha outra denominación porque os únicos que viven en “Disneylandia”, por poñer un exemplo, son vostedes.

Cando fala de débeda para desviar o debate, maxino que se referirá á débeda da Deputación. Pero o colmo do que acaba de dicir é que con estas taxas o único que se pretende é favorecer socialmente.

Póñolle algúns exemplos: Unha parella que se queira separar e teña que pagar 1.280 euros, isto é política social? Un traballador que teña que pagar 800 euros por unha reclamación polo seu despedimento, é unha política social? Cando temos unha débeda na comunidade e temos que pagar 920 euros, tamén é política social? Cando a vítima dun accidente de tráfico teña que recorrer e pagar 6.000 euros, isto é política social? Cando un dos afectados polas preferentes, aos que parece que vostedes tanto defenden, teña que pagar 675 euros, tamén é política social? Cando teñamos un preito por unha negligencia médica e teñamos que pagar 11.300 euros, tamén é política social? Todo isto é política social, Sr. Álvarez?

Recoñezo que vostede debe estar moi incómodo co que ten que defender, pero conseguiron o récord de que o Consello Xeral da Avogacía e os xuíces estean en contra. Xamais houbo neste país tal mobilización no mundo da xustiza contra unha



medida como a que acaban de adoptar vostedes; todo o mundo está en contra. Pero como vostedes non se decatan de nada é probable que iso lle dea a vostede pé para facer unha intervención deste tipo.

Sr. Álvarez, España é hoxe un país de arrependidos, todo o mundo pregúntase quen votou ao Partido Popular. Escóitanse conversas nos ascensores preguntándose quen o votou. Ninguén identifica aos que votaron ao Partido Popular. Vostedes están facendo unha política de privatización do sector público contra os máis desfavorecidos, están atacándoos.

Como falou de situacións anteriores, dígolle que de gobernaren vostedes os próximos catro anos deixarán España feita un soar. Pero o problema é que, como vostedes fan acotío, antes de irse do goberno a quererán vender.

A PRESIDENCIA: Sr. López Font, diga se acepta ou non a emenda do Partido Popular para seren votada.

Non se acepta a emenda e polo tanto non se somete a votación.

Emenda de substitución formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Álvarez Pérez, por escrito de data 26 de novembro:

Primeiro.- Instar ás Cortes Xerais a que aproben unha lei de taxas xudiciais na que estean exentos do pagamento das mesmas os procesos penais, a primeira instancia na orde social, os procesos de capacidade, filiación e menores, os de protección dos dereitos fundamentais, así como os beneficiarios da xustiza gratuíta.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a que non estableza ningunha taxa xudicial complementaria.

*A anterior emenda non se acepta polo relator da moción, Sr. López Font, polo que a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.*

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz,

Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte ACORDO:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, instando o rexeitamento do proxecto de Lei de taxas xudiciais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.-(245).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO MANIFESTAR AO MINISTERIO DE SANIDADE E SS O REXEITAMENTO POLA RETIRADA DO SERVIZO DE TELE-ASISTENCIA E DEMANDAR DA XUNTA E A DEPUTACIÓN O MANTEMENTO DO DITO SERVIZO. RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DESTA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA. EXPTE. 563/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de novembro, número 563/1101, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte moción:

“Recentemente asistimos atónitos a un novo recorte do Goberno de Mariano Rajoy ao estado do benestar e aos dereitos dos máis desprotexidos. O Partido Popular retira a partida de 32 millóns de euros do IMSERSO adicada ao servizo de Tele-asistencia en todo o Estado salvo nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

En todo o Estado, o servizo de tele-asistencia é usado por máis de 131.000 persoas e na provincia superan as mil cen persoas. A tele-asistencia é un servizo que permite ás persoas maiores, enfermas ou dependentes contar cun aviso de emerxencia e un seguimento das súas enfermidades, medicamentos ou citas sanitarias, fundamentais para garantir o seu benestar persoal. A súa eliminación suporá que estas persoas quedarán “tiradas” na súa casa dependendo dos seus veciños en caso de necesidade.

O Partido Socialista, consciente da necesidade de manter este servizo, presentou na tramitación dos orzamentos xerais do Estado no Congreso, unha serie de emendas para garantir que o IMSERSO conte con 66 millóns de euros para non ter que reducir as súas partidas xerais e doutra emenda por valor de 283 millóns para manter as prestacións da Lei de Dependencia. Todas as emendas foron rexeitadas polo Partido Popular.

Ante este empeño do Goberno de Rajoy de destruír todo o estado do benestar, que tantos anos custou conseguir, reducindo orzamentos das entidades sociais coa excusa da crise económica, o Partido Socialista sempre vai estar enfronte.

Por isto consideramos que a Deputación de Pontevedra, que ate o de agora ven firmando convenios cos concellos da provincia, para sufragar o 35% do custe do servizo, ten que asumir, xunto coa Xunta de Galicia, o mantemento deste servizo de Tele-asistencia na provincia de Pontevedra.

É por iso, polo que o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Pleno a dirixirse ao Ministerio de Sanidade e Servizos Sociais para mostrar o seu rexeitamento á eliminación da partida adicada á tele-asistencia en todo o estado español.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a manter este servizo de tele-asistencia, sufragando o seu custe e mantendo os convenios cos concellos na mesma proporción actual."

*Ao non estar ditaminada a presente moción por ningunha comisión informativa, a Presidencia, coa conformidade dos membros da Corporación presentes, dá por ratificada a súa inclusión na orde do día.*

DEBATE.- SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Acaba de dicir o Sr. Álvarez que nós facemos a festa e vostedes limpan a casa. Pois anda que a están limpando ben. Estanse empregando a fondo en limpar absolutamente todo o que temos acadado. Son vostedes uns irresponsables. Estamos asistindo ao desmantelamento do estado do benestar con premeditación, aleivosía e non con nocturnidade, senón coa cara dura dun presidente que se presenta ás eleccións mentindo.

Non vaian vostedes por aí porque van moi mal. Son vostedes os responsables do que está acontecendo, van contra a lóxica, contra o sentido común, contra o dereito e contra os principios básicos elementais do noso modelo social, un estado do benestar ao que nos custou moito chegar e que forma parte dun pacto social.

Destruén vostedes os piares do estado do benestar precisamente cando máis falta

fai, cando tiñamos que estar pensando en atender aos efectos colaterais desta crise da que non é responsable ningún socialista. Pregúntense vostedes que facía o seu ídolo sentado nunha cadeira cos pes enriba da mesa e falando en texano. Pregunten vostedes onde estaba o Sr. De Guindos. Non mintan máis, son vostedes absolutamente responsables do desmantelamento do estado do benestar, de acabar co sistema universal de sanidade ou senón pregúntenlles aos médicos, enfermeiras, auxiliares, bedeis, etc., que están hoxe en folga.

Tamén son vostedes absolutamente responsables do desmantelamento do sistema educativo. Sr. Relova, non somos todos iguais porque a algúns nos custou moito poder chegar onde estaban os que tiñan cartos e poder. Eu non quero para absolutamente ninguén que volva chegar esa situación, non a quero para ninguén. Pregúntense vostedes que acontece coa xustiza porque avogados, auxiliares, xuíces, etc., están protestando.

Contra quen gobernan? Señores do Partido Popular, son vostedes uns irresponsables políticos, están gobernando contra o pobo, contra os cidadáns que lles deron a súa confianza, están gobernando vostedes contra o sentido común.

Por todo isto traio esta moción, porque vostedes mesmo son capaces de eliminar de golpe a tele-asistencia. Agardo que reconsideren a súa postura e a voten a favor: “Instamos ao Pleno a dirixirse ao Ministerio de Sanidade e Servizos Sociais para mostrar o rexeitamento á eliminación da partida dedicada á tele-asistencia en todo o estado español. Instamos tamén á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a manter este servizo de tele-asistencia, sufragando o seu custe e mantendo os convenios cos concellos na mesma proporción actual”.

Son arredor de 600 as persoas que quedan sen atención en Vigo pola irresponsabilidade do Partido Popular que retira unha partida de trinta e dous millóns de euros dos orzamentos xerais do Estado. Ás veces a vida destas persoas depende da atención inmediata, poder recibir un medicamento con só pulsar un botón, e son vostedes capaces de deixalas sen atención. Falan vostedes de dereitos sociais, falan de cousas tan sumamente absurdas que non sei como son capaces de dicilas, de verbalizalas. Resulta imposible que poidan falar vostedes con semellante frialdade das necesidades dos demais.

O valedor do cidadán falaba do 9% da poboación con discapacidade e son esas as persoas que necesitan a súa atención. Voulles poñer un exemplo. Esta fin de

semana un matrimonio de Santa Mariña-Cabral ergueuse pola noite para ir ao baño. O señor maior de oitenta e cinco anos caeu na porta da súa habitación e a súa dona quixo axudar pero só lle deu tempo a chegaren á porta do domicilio. Foi a solidariedade dos veciños, preocupados porque pola mañá non abrían a porta, a que lles axudou. Tiveron que intervir os bombeiros para abrir, a policía para facer a asistencia e os servizos sociais para os atender e localizar a algún familiar. Fíxense o que evitaríamos de teren o servizo de tele-asistencia.

Non sexan vostedes cómplices, representan aos cidadáns de Vigo que lles votaron para que tamén defendan aos máis necesitados. Non gobernen en contra deles.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Por suposto anunciamos que o Bloque Nacionalista Galego vai votar a prol desta moción. Seguimos e seguiremos Pleno tras Pleno criticando e instando a eliminación das políticas de máis e máis recortes.

Efectivamente estase chegando a un desprezo total por parte dos distintos gobernos, tanto estatal coma autonómico, pola condición humana e pola propia dignidade. Aquí calquera cousa vale con tal de contentar á Sra. Merckel e aos grandes banqueiros, ou con tal de contentar a ese famoso déficit cero. Se hai que deixar que nenos pasen fame non pasa nada; se morren persoas vítimas de violencia machista non pasa nada e aínda por riba as gravamos tendo que pagar as súas lexítimas reclamacións; se nestes momentos milleiros de familias atópanse ao bordo da total desesperación non pasa absolutamente nada. Non pasa nada con tal de contentar a esas políticas que se nos marcan dende Alemaña e dende o gran poder financeiro e económico. Ese é sen ningunha dúbida o obxectivo e a ideoloxía que o Partido Popular transmite unha e outra vez: que non pasa absolutamente nada porque, evidentemente para os que nós gobernamos, están ben.

Agora, se os nosos maiores de sesenta e cinco anos que non teñen quen os atenda, que teñen que vivir sós nas súas casas, moitas veces con problemas de mobilidade e dependencia, tampouco pasa nada, fíxense que estamos dicindo que os deixamos sen o instrumento que lles garantía unha vida polo menos tranquila e digna e tamén os privamos dese instrumento e aquí non pasa nada.

A verdade é que cada día estamos traendo a este Pleno e aos dos distintos parlamentos situacións de distintos colectivos. Con estas políticas cada día aparece un novo colectivo cunha situación de extrema gravidade. Mesmo hai uns días

estabamos falando de persoas que se suicidan por non poder pagar a súa casa e por verse desaloxados da súa vivenda, un dereito tamén elemental e recoñecido na Constitución. Día tras día estamos vendo como milleiros de persoas maniféstanse pedindo algo tan elemental como poder subsistir, cunha vida digna, e non pasa nada pero si, os grandes bancos, os señores que teñen grandes capitais, a propia monarquía, o Sr. Rajoy, o Sr. Feijóo..., agás eses si cremos que aos poucos non debe quedar xa ningún colectivo por tocar, polos enviar directamente á exclusión social, aos límites da pobreza.

Xa levamos meses con estes temas e sempre que falamos de recortes e de austeridade, que casualidade que estes recortes e esta austeridade van sempre cara o mesmo lado.

Efectivamente son 560 os maiores que en Vigo van quedar sen este instrumento tan vital, un total de 1.143 en toda a provincia de Pontevedra. Pero, saben canto custa este servizo? Canto custaría asumir o servizo directamente pola Xunta ou pola Deputación? Exactamente un millón de euros, nin máis nin menos.

Señores do Partido Popular, señor vicepresidente da Deputación, só cun millón dos catorce millóns que o Sr. Louzán ten ao seu libre dispor neses plans de emprego ou mesmo infraestruturas, só cun deses millóns, 1.143 persoas en toda a provincia e 560 persoas na nosa cidade poderían ter algo tan elemental como poder vivir tranquilos e non estar pendentes, como o exemplo que puxo a Sra. Abelairas, de que un día caian no seu domicilio e non poidan ser atendidos por ninguén. Só cun deses catorce millóns.

SRA. CENDÓN IGLESIAS: No Partido Popular sempre apostamos pola permanencia dos maiores no fogar e por iso defendemos potenciar o servizo de tele-asistencia; sempre o fixemos, Sra. Abelairas, e como ben sabe a Xunta de Galicia presta o servizo de tele-asistencia aos dependentes. Hai un 56% máis de dispositivos dende o ano 2009 ata hoxe.

Pero todo iso xa está obsoleto. A Xunta de Galicia agora aposta pola modernización dos dispositivos. Estamos con dispositivos de segunda xeración, son os de xeolocalización, uns sistemas que lles permitiron as persoas con Alzheimer e con demencia saír da prisión dos seus domicilios. Un sistema moi novidoso é "Mi Avizor" que se anticipa ás demandas dos maiores. Vostede falaba de tocar un

botón pero iso xa non vai ser necesario porque este sistema se vai anticipar e vai dar solución ás demandas dos maiores que viven sós. Insisto en que a nosa aposta é que permanezan no seu contorno. A Xunta de Galicia investiu oitocentos mil euros neste sistema e hai un 73% máis de dispositivos dende o 2009 ata agora.

Se o que vostede pretende aquí é falarme dos sistemas de tele-asistencia para persoas non asistidas, os que financiaban o IMSERSO, as deputacións, os concellos e os usuarios, téñolle que dicir que se a Xunta de Galicia non participa é porque o Bloque Nacionalista e máis o PSOE no goberno bipartito decidiron retirarse do financiamento. Novamente invítoa a que lea o libro do Sr. Pérez Touriño que, por certo, ningún de vostedes estaba o outro día na presentación; estraña endemia autolimitada a que sufriron, para iso non hai vacina.

Sr. Domínguez Olveira, sabe vostede quen era Xosé Bieito Seara Formoso? Era o director xeral de Acción Social no goberno bipartito, un compañeiro de seu do Bloque que estaba co Sr. Quintana. Este señor foi quen escribiu unha carta aos concellos e ás deputacións na que se dicía que a Xunta deixaría de financiar a súa parte no convenio para tele-asistencia para se centrar no programa propio destinado aos dependentes. E agora pide vostede a volta atrás nas decisións que tomaron mentres gobernaban? A isto eu chámolle coherencia política. Ou cinismo, Sr. Domínguez.

No punto dous da súa moción piden vostedes o mantemento do servizo de tele-asistencia por parte da Xunta? Nós somos máis ambiciosos porque queremos que continúe na senda da modernización e por iso é polo que apostamos. Se se refire á tele-asistencia para persoas sen dependencia, esquecese dos concellos porque ata o de agora ese servizo estaba financiado polas deputacións, os concellos e os usuarios. Por que se esquecen dos concellos? A min preocúpame. Canto van dedicar a iso nos orzamentos? O Sr. Domínguez pódemo dicir, non sei se falaram o outro día na comida diso porque pasamos dos 40.000 euros do 2008 a 20.000 e agora estamos en 18.000 euros. Canto lle imos dedicar a este servizo no 2013? Porque a min o que me preocupa e o que esixo neste Pleno é que o Concello de Vigo continúe financiando a tele-asistencia.

A Deputación provincial vai continuar financiando este servizo. Por certo, as deputacións están moi deostadas pero máis da metade dos usuarios do servizo de tele-asistencia son de Vigo e os está a financiar a Deputación provincial que vai

continuar con esa tarefa. O que esixo eu é que o Concello de Vigo continúe e aumente a achega para a tele-asistencia. Niso é no que se ten que mollar o Concello de Vigo e non pedir sempre ás outras administracións que xa darán o que teñan que dar.

Dígame se acepta a emenda que eu presento porque é moi clara, é pedir que se continúe co servizo, que se aumente e que colaboren tanto a Deputación provincial como o Concello de Vigo. Que este servizo non sexa máis gravoso para os usuarios e que acheguen o mesmo ca o que están achegando nestes momentos.

Por certo, o que teñen que facer os usuarios é solicitar o servizo porque esa familia da que se falou antes non o solicitara.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Esa pobre familia aínda por riba é culpable por non o ter pedido, vaia por Deus!

O IMSERSO acaba de retirar vinte e dous millóns de euros dos orzamentos na contra da opinión de toda a Federación Española de Municipios e Provincias presidida por un alcalde do Partido Popular pero afortunadamente alí está tamén un alcalde socialista para lles dicir o que están facendo mal.

Sra. Cendón, parece que vostede é unha persoa “lida” pero coido que disto non ten nin idea ou non lle interesa porque, se están vostedes desmantelando a lei de dependencia, como ousa falar-me da tele-asistencia? Todo ese discurso que acaba de relatar vostede, vaia contar-llo a Aurora, unha señora de 75 anos que di textualmente: “Lémbreme a que horas me tocan as pastillas. Non son moitas pero a miña memoria non é a que era”. Vaia contar-llo e cóntelle tamén que vaia modernizar non sei que porque ela di: “Se me sento soa pulso o botón e deixo de estalo. Ademais os mozos que me atenden son moi amables”. Seguramente vostedes terán unha persoa que lles colla a man, que lles conte un conto ou de non a ter poderana pagar, pero vaian contar-llo a Aurora.

Sra. Cendón, eu non sabía que vostede era deputada pero non sei se sabe que a Deputación de Pontevedra si que coido que é unha das administracións que se vai retirar, ten asinado un convenio co Concello de Vigo e coa Xunta de Galicia para o servizo de tele-asistencia. Retírase o Estado e máis a Deputación cando esta ten recursos porque cos 136.000 euros que vai investir no programa “Coñece a túa a provincia”, polo que se vai en autobús para coñecer a provincia, que tamén me



parece moi importante fomentar o lecer e o coñecemento, pode financiar perfectamente o servizo de tele-asistencia e non deixar a 600 persoas de Vigo sen ese servizo.

Sra. Cendón, ata que chegue esa modernización, déixese de teorías e esíxanlle ao seu goberno que cumpra, que segan atendendo, que non deixen sen atender aos máis desfavorecidos, que non deixe a Aurora sen poder pulsar un botón aínda que só sexa para falar que tamén é importante.

Emenda de substitución formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Cendón Alonso, por escrito de data 24 de novembro:

Co fin de que o servizo de tele-asistencia a non dependentes non resulte máis gravoso para o usuario, que se realice un esforzo por parte das administracións implicadas e se articule un convenio entre Deputación e concellos para o financiamento do mesmo.

*Ao non se aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.*

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte ACORDO:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra.

Abelairas Rodríguez, instando manifestar ao Ministerio de Sanidade e SS o rexeitamento pola retirada do servizo de tele-asistencia e demandar da Xunta e a Deputación o mantemento do dito servizo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URGENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

Non se presentaron.

1.1.-(246).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ao correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 25 de outubro e 22 de novembro de 2012.

1.2.-(247).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ao correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 25 de outubro e 22 de novembro de 2012.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1.-(248).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Á ALCALDÍA O CUMPRIMENTO DA PROMESA DE CONSTRUCCIÓN DE 6.000 VIVENDAS PROTEXIDAS AO ABEIRO DO VIXENTE PXOM. EXPTE. 554/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro, número 554/1101, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Bernárdez de Dios, formula a seguinte moción:

“O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) foi aprobado polo goberno municipal e pola Xunta de Galicia no ano 2008. Dende entón, a actividade urbanística na cidade de Vigo ten caído de xeito moi importante. Tanto que a día de hoxe son escasas, por non dicir nulas, as licenzas outorgadas pola Xerencia de Urbanismo para uso residencial, agás as de vivendas unifamiliares.

Mentres, o alcalde de Vigo comprometeuse a construír 6.000 vivendas protexidas das que, ata o momento e transcorridos xa máis de catro anos, non hai nada.

Por ese motivo, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Instar ao alcalde de Vigo a que cumpra, no prazo máis breve posible, o seu compromiso de construír 6.000 vivendas protexidas en Vigo ao abeiro do vixente PXOM.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 19 de novembro, por maioría, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Estamos diante dun tema que nós consideramos de vital importancia para o desenvolvemento das políticas que se teñen que aplicar na nosa cidade.

Estamos a falar de moitos temas de contido social pero creo que este é un dos fundamentais, é o dereito á vivenda que temos todas as familias e por iso no ano 2007, nun compromiso electoral o alcalde da cidade dixo: “En Vigo faremos máis de 6.000 vivendas protexidas e dedicaremos o 40% do solo urbanizable a vivenda protexida”. Isto quedou moi ben nos medios de comunicación, cunha marabillosa fotografía e seguramente tivo repercusión mediática.

Pero a realidade é que estamos a falar de políticas sociais, de desafiuzamentos, de problemas importantes nesta cidade pero o goberno do Sr. Caballero deu cero licenzas de vivenda protexida nos case seis anos que leva ao fronte da cidade de Vigo. Isto é grave porque foi un compromiso electoral e persoalmente el tomou esa decisión. Non sería importante se o asinado e ratificado polo PSOE e polo Bloque Nacionalista Galego de ao redor de 6.000 vivendas protexidas non fose un compromiso electoral. Pero seguimos sen vivendas protexidas.

No resumo do primeiro ano de goberno tamén se falou de que estaban en marcha 63.000 vivendas de protección oficial. Díciase: “O 85% da poboación viguesa terá acceso a estas vivendas”. Creo que a todos vostedes lles soa isto pero foi mentira. Léolles novas dos medios de comunicación destes últimos anos: “Caballero anuncia que construírá 6.000 vivendas protexidas en Vigo”. Nun titular do ano 2008 dicíase: “Vivenda planea facerse cos terreos de GEA para construír mil pisos protexidos”. No ano 2008 tamén se dicía: “Urbanismo promove 11.600 vivendas sociais que comezará vender no 2011”; “Caballero sostén que o Concello ten xa en marcha 15.000 vivendas sociais”. No ano 2009: “Caballero cifra en 4.500 os pisos protexidos que están en marcha no novo Plan Xeral”. “O PXOM dobra ata 63.000 os pisos protexidos”. É dicir mentira tras mentira.

O grave é que estamos falando de vivendas protexidas, dun dereito que temos todas as familias e todos os cidadáns. Non se pode xogar con demagogia coa ilusión e coas expectativas desas persoas que seguramente confiaron nun compromiso político que agora non se ve cumprido. Iso é o que hai que poñer en valor.

O alcalde intenta menosprezar a este grupo permanentemente pero nós podemos dicirlles aos veciños e veciñas de Vigo que cando gobernamos na cidade durante tres anos e medio asinamos máis de tres mil licenzas de vivenda protexida, contra do compromiso de 6.000 pero cero licencias.

Polo menos esta moción serve para algo. Presentouse o 14 de novembro e é curioso que o 16 de novembro, dos días despois, os técnicos municipais asinaron un acordo para incoar o inicio do expediente.

Así se fan as verdadeiras, as auténticas políticas sociais e vese a mentira e a manipulación de trasladar á opinión pública unha ilusión e unhas expectativas de construción de vivenda protexida que podo dicir que a día de hoxe son cero as licenzas dadas nesta cidade polo alcalde, Sr. Caballero. Eu asinei 3.254 contra cero que deu el. Que rebatan isto e se alguén quere ver os datos pódeo facer porque están na Xerencia de Urbanismo.

Compañeiros de grupo municipal, síntome moi orgulloso de que cando o Partido Popular governa na cidade de Vigo, cumpre os seus compromisos.

SRA. VELOSO RÍOS: O Bloque Nacionalista Galego xa demostrou que cre na necesidade de vivenda protexida, precisamente para garantir ese dereito fundamental do que estamos falando constantemente. De feito nesta cidade temos o exemplo máis claro: as últimas vivendas protexidas de promoción pública que se fixeron son de cando gobernaba o Bloque Nacionalista Galego na Xunta, daquela dábanse licenzas nesta cidade para vivenda protexida, era cando as promovía a administración que ten as competencias para o facer que é a Xunta de Galicia. Cando o Bloque Nacionalista Galego tiña responsabilidades en vivenda neste país, fixéronse vivendas protexidas nesta cidade. Dende aquela non se fixo ningunha.

As competencias en vivenda son autonómicas, son da Xunta de Galicia e por iso nós propoñemos para esta moción unha emenda que se axusta máis á realidade. Propoñemos substituír o texto do acordo polo seguinte: "O Pleno da Corporación municipal insta ao goberno municipal e ao goberno galego a asinar un convenio para desenvolver con carácter de urxencia 6.000 vivendas de promoción pública ao abeiro do PXOM".

Esta é a nosa proposta porque nin o goberno local nin o autonómico poden facer a renuncia de funcións que están facendo e logo vir reclamar dende a Xunta ao

Concello algo. Máis forza terían nas súas demandas, Sr. Figueroa, se nos puidesen contar algo do que fixo a Xunta de Galicia en materia de vivenda, xa non nesta cidade senón no noso país.

Como falou vostede de proxección mediática imos poñer un exemplo. O exemplo máis claro e case que o único porque tampouco é que se fixera moito máis, é a creación da famosa bolsa de vivendas de prezo taxado no noso país que tiña o duplo obxectivo, segundo o presidente Feijóo, de facilitar o acceso a unha vivenda e máis activar o mercado dos inmobles baleiros. Destacou o Sr. Núñez Feijóo na presentación que permitiría ofrecer vivendas libres cun prezo moi semellante ao das vivendas protexidas para reducir o stock existente cifrado en máis de 32.000 vivendas en Galicia.

Pois dende febreiro de 2012 ate outubro, en oito meses só se incorporaron ao programa cincuenta e nove vivendas cando o obxectivo era incorporar 4.000, mobilizar 4.000 vivendas en tres anos; en oito meses levan cincuenta e catro. Se iso non é proxección mediática, xa me contará vostede. Tampouco era moito comparado con estas 6.000 vivendas de protección oficial que reclaman só para a nosa cidade. Hai que recoñecer que tampouco eran moitas as vivendas que pensaban mobilizar.

A explicación que dá a Xunta é botarlle a culpa ás entidades financeiras porque di que non conceden préstamos para estas vivendas porque só os conceden para os pisos da súa propiedade. Os bancos están dando hipotecas e están concedendo préstamos para que a xente lles compre os seus pisos. Evidentemente esta é unha realidade, iso é así e, por exemplo, Novagalicia Banco puxo á venda máis de 6.500 pisos, máis caros pero para os que ofrece o 100% do financiamento.

Por certo que en Vigo xa se sabía que o número de pisos baleiros non sería moi alto e non solucionarían en absoluto o problema de vivenda nunha cidade que ten a maior demanda de vivenda protexida de todo o país. No Rexistro galego de demandantes hai inscritas 8.654 persoas do total de 23.718 que están pendentes dun piso público. Por certo, é este un dato e un feito que negou moitas veces o Partido Popular cando o Bloque Nacionalista Galego gobernaba na Xunta e insistía na necesidade de construír vivenda protexida para a moi alta demanda que hai nesta cidade. Alegrámonos de que agora se decaten de que é así, mágoa que non fagan nada ao respecto.

Nós xa apuntamos unha solución para este problema da vivenda que está nas súas mans. Recóllana agora tanto dende o goberno estatal como dende o galego. Vaise crear un banco malo a través do que vai pasar ao Estado o stock de vivendas dos bancos. Todas as vivendas que estean en Galicia e que se van comprar con cartos públicos para logo especular con elas, en troques diso, que sexan entregadas á Xunta para apostar por unha auténtica política de vivenda pública. Nós apoiariamos esa decisión.

Por suposto que tamén insistimos na necesidade de vivenda de protección oficial, así que apoiamos a demanda de vivendas protexidas para a nosa cidade, pola que o actual goberno da Xunta non fixo absolutamente nada. Queremos que se asine un convenio para desenvolver con carácter de urxencia esas 6.000 vivendas de promoción pública ao abeiro do PXOM.

SR. LÓPEZ FONT: É moi bo que veñamos este Pleno para falaren de vivenda de protección oficial, o que ocorre é que o Partido Popular é o menos indicado, Sr. Figueroa, para falar deste tema.

Falan de compromisos de anos anteriores pero eu comprobo que non se decataron de que volveron perder as eleccións no ano 2011. Vexo que non se decataron de cales foron os compromisos electorais do Partido Socialista nas eleccións do 2011 e sobre todo que volveron vostedes perder. A súa candidata á Alcaldía volveu perder as eleccións e vostedes déronse certa presa en botala e en cambiala.

Todo o mundo sabe que dende 2007 ata 2011 os contextos cambiaron agás vostedes que ademais descoñecen claramente o noso programa.

É evidente que son vostedes os campións dos incumprimentos e, como dicía a Sra. Veloso, tamén o é o descoñecemento de a quen lle corresponde o tema que vostede trae hoxe na súa moción porque lle corresponde á administración autonómica. Pero a táctica de seu é que fagan os demais pero ningunha responsabilidade dos gobernos do Partido Popular. Por iso creo que se confunden.

Sr. Figueroa, o 29 de decembro de 2007 houbo un cambio histórico nesta cidade en canto ao urbanismo. Vostede como anterior concelleiro de Urbanismo representaba a especulación en favor da vivenda libre. O 29 de decembro de 2007 aquí se aprobou unha aposta por un Plan Xeral votado polo Bloque Nacionalista Galego e polo Partido Socialista en favor da vivenda de protección oficial e da legalidade.

Lembra que o seu proxecto de Plan Xeral contiña un 22% de vivenda de protección oficial? Lembra que o 29 de decembro de 2007 aquí se aprobou o 47% para vivenda de protección oficial e vostede, Sr. Figueroa, votou en contra? É esa a ilusión que di que teñen os cidadáns? Pregúntome se os cidadáns teñen motivo para se sentir contentos co que o Partido Popular votou neste Pleno. Creo que non porque vostedes votaron en contra, estiveron na contra dunha ampliación da porcentaxe de vivenda de protección oficial.

Sen irnos ao 2007, podemos falar de vivenda de protección oficial porque os seus gobernos, o do Sr. Rajoy e o do Sr. Núñez Feijóo, o que fixeron literalmente foi dar a "puntilla" á vivenda de protección oficial ou, é que vostede non sabe que desapareceu a desgravación ou a compensación? Serei eu quen lle teña que dicir a vostede que a partir do 1 de xaneiro de 2013 o IVE das vivendas de protección oficial pasou do 4 ao 10%? É esa a ilusión que vostedes queren crear nos cidadáns? É esa a aposta que o Partido Popular fai pola vivenda de protección oficial? A aposta do Partido Popular é enganar aos cidadáns de Navia que teñen unha subvención nas súas hipotecas e vostedes agardan a que se realicen as eleccións autonómicas para deseguido dicir que lles retiran unhas cantidades que son fundamentais? Evidentemente non.

Hai un refrán: "Pola boca morre o peixe". As 166 vivendas de protección oficial de Navia arrancaron co actual goberno. Sr. Figueroa, vostede sabe que houbo concesión de licenzas de vivendas de protección oficial e de iren vostede á Xerencia de Urbanismo posiblemente tería coñecemento de todo o que estamos facendo nesa materia. Mesmo recoñece que este goberno está facendo, como se materializou na última reunión do Consello da Xerencia, o alleamento de parcelas para poder construír vivendas de protección oficial.

O 29 de decembro de 2007 a miña compañeira, Sra. Silva, dicíalle no debate do Pleno que vostedes non saben de urbanismo. Eu reafírmoo hoxe e fago miñas esas palabras porque evidentemente descoñecen todo o relacionado co urbanismo. Pero tamén lles digo que cando vostedes fan propostas, ben en materia de urbanismo ben no resto das materias, é para favorecer aos que máis teñen e prexudicar aos que menos teñen.

SR. FIGUEROA VILA: Só lembrarlle que si gañamos as eleccións no ano 2011 con



12.000 votos máis: PP 62.000 votos; PSOE 50.000, e Bloque 16.000 votos. Vostedes están gobernando en minoría porque o Bloque lles prestou os votos de seu.

O 29 de decembro de 2007 si sucedeu algo nesta cidade: a gran mentira que se está demostrando dun Plan Xeral inviable, técnica e economicamente.

A concesión de licenzas de vivendas protexidas dende que governa o Sr. Caballero ata o día de hoxe: cero. Mentres gobernou o Partido Popular, dende decembro de 2003 ata maio de 2007, concedéronse 3.254 licenzas de vivenda protexida. Esa é a diferenza entre vostedes e nós.

De que vale un Plan Xeral se é inviable técnica e economicamente e non se pode desenvolver? Vostedes foron os que dixeron: “Vigo planea facerse cos terreos de GEA para construír mil vivendas protexidas”. É mentira. Tamén dixeron: “Urbanismo promove 11.600 vivendas sociais que comezará vender no 2011”, mentira. “Caballero sostén que o Concello ten xa en marcha 15.000 vivendas sociais”, mentira. “Caballero cifra en 4.500 os pisos protexidos que están en marcha no novo Plan Xeral”, mentira. Mentira tras mentira.

Esas son as políticas sociais que vostedes non son capaces de aplicar. Venden única e exclusivamente fume e non son capaces de xestionar. Que alguén poida dicir que foi o bipartito quen puxo en marcha as vivendas sociais, manda truco co buraco que deixaron en Xestur. O que si deixaron foi un parque inviable que houbo que corrixir cun buraco de oito millóns de euros. As últimas construcións de vivendas protexidas foron 384 que deixou a Xunta do Partido Popular no seu momento. Agora mesmo son incapaces de desenvolver as Fases 3-B, 4, 5, 6 e 7 que puxo en marcha a Xunta de Galicia con 1.500 vivendas protexidas en Navia. Non coñecen nin iso, teñen un total e absoluto descoñecemento.

Creo que as políticas de vivendas sociais están claras. Mentres hai un partido que iniciou o desenvolvemento de Navia e que pensa continualo e rematalo, neste proceso houbo un goberno na cidade de Vigo que deu licenzas para 3.254 vivendas e hai un alcalde que se chama Abel Caballero que deu cero licenzas. Son tan incapaces que teñen corenta pisos na zona de República Arxentina e non son capaces de poñelos en marcha nin xestionalos.

Inútiles, ineptos e ineficaces, así son os do goberno do Sr. Caballero.

Emenda de substitución formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr.

Domínguez Olveira, por escrito de data 26 de novembro:

O Pleno da Corporación Municipal insta ao Goberno municipal e ao Goberno galego a asinar un convenio para desenvolver, con carácter de urxencia, 6000 vivendas de promoción pública ao abeiro do PXOM.

*Ao non ser aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Bernárdez de Dios, a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.*

(No momento da votación está ausente o Alcalde-Presidente, Sr. Caballero Álvarez; preside o Pleno o Sr. López Font. Igualmente está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con doce abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Bernárdez de Dios, instando á Alcaldía ao cumprimento do compromiso de construír 6.000 vivendas protexidas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.-(249).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Á ALCALDÍA AO CUMPRIMENTO DE TODOS OS ACORDOS PLENARIOS. EXPTE. 555/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de

novembro, número 555/1101, a concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. Egerique Mosquera, formula a seguinte moción:

“Dende hai tempo o Grupo Municipal do Partido Popular ven denunciando os reiterados incumprimentos, por parte do alcalde e do grupo de goberno, dos acordos acadados polo Pleno municipal. Nin sequera se constituíu a comisión de seguimento da execución dos devanditos acordos.

Se iso é grave, son moito máis as manifestacións realizados polo alcalde de Vigo sobre proxectos e iniciativas do Pleno que nunca se chegan materializar e que crean expectativas nos cidadáns. Declaracións que só serven para propaganda persoal de Abel Caballero, pero, ao final, soamente se quedan en quimeras e nunha demostración evidente de falla de xestión por parte do alcalde.

O cambio da tarifa da auga, a apertura do pavillón deportivo da ETEA, a apertura da aula da UNED, son só tres exemplos recentes do que está a acontecer no Concello.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ao alcalde Vigo ao cumprimento de todos os acordos plenarios.”

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, na súa sesión do 19 de novembro, por maioría, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Hoxe temos sobre a mesa unha moción que de seguro aprobaremos por unanimidade, pero sería o mesmo aprobala que rexeitala xa que o caso deste Pleno en moitas ocasións é cubrir un expediente.

É esta unha moción pola que se esixe que se cumpran as mocións aprobadas por unanimidade ou por maioría. Non é trabalinguas, é o esperpento desta Alcaldía. Ademais vai quedar referendada porque xa non vai esixir nin propoñer nada en concreto ao goberno municipal, vai directamente ao alcalde e que non estea presente neste punto da orde do día, polos motivos que sexan, vai referendar esta moción.

Lembraremos primeiro algunha das mocións aprobadas como o cambio das tarifas da auga, a apertura do pavillón da ETEA, o colector de Colón, sinalización da cidade, plan cultural, etc. Hoxe e por vir moito a conto, a do equipamento do Auditorio “Mar de Vigo” cuxa dotación acústica consideramos imprescindible neste

Pleno e aprobamos por unanimidade. Polo seu incumprimento Vigo queda sen catro concertos da Filharmonía de Galicia e bastantes máis doutros artistas que non saen á luz. Agora di que son excusas pero aquí votan e levantan a man a favor.

O alcalde de Vigo, que presume e alardea de talante democrático, representa todo o contrario ao ignorar aos vinte e seis concelleiros deste Pleno que levantamos a man para aprobar ou rexeitar mocións representando aos vigueses e polo lado da nosa bancada, o Partido Popular, sempre con responsabilidade e non, como dixo antes o Sr. López Font, por un xesto simbólico. Tamén o alcalde levanta a man moitas veces pero probablemente non saiba nin o que vota.

O alcalde fai o que quere e cando quere e non podemos dicir que represente a esta cidade, unha cidade que lle acaba de dicir nas urnas que non está á altura. Só 35.000 vigueses votaron ao Partido Socialista, así que non estaría mal un pequeno toque de humildade.

O Sr. Alcalde é moi bo charlatán, poderíamos dicir, pero por respecto aos vigueses debería estar un par de días sen aparecer e metido no despacho revisando a cantidade de mocións e de compromisos que ten que sacar adiante e comezar a pensar como os desenvolver porque iso, Sr. Caballero, aínda que non estea aquí presente, é o que quere esta cidade; quere que vostede traballe. Eu creo que deixar a cámara e os micros un día e centrarse no traballo non estaría nada mal porque Abel Caballero ten case máis días de televisión que Matías Prat pai e fillo xuntos, se me descoido.

Agora xa, como debe deitarse tarde o xoves, que saiban todos que nin aparece nas reunións da Xerencia de Urbanismo que dende hai meses as preside o Sr. López Font. É dicir, el pasa de todo.

Fáltalle unha cousa moi importante para un político e sobre todo para ser alcalde de Vigo, dígoos como concelleira e como viguesa, fáltalle valentía. Si, a Caballero fáltalle valentía porque menospreza ata aos seus propios concelleiros. Presume de falar cos veciños pero o fai cun guión previo, cun micro ou cunha cámara por diante e iso é covardía.

Que dea a cara o Sr. Caballero, que reciba aos veciños, que tome decisións, decisións sobre proxectos que xa están desenvolvidos a maioría deles. Faga algo coherente, Sr. Caballero, leva vivindo de rendas os cinco anos e medio, primeiro do anterior goberno do Partido Popular, despois do Plan E e dos proxectos dos demais,

como se veu no punto 3.3 da orde do día de hoxe.

Nós necesitamos un gobernante á altura desta cidade e Caballero non o está, non hai máis ca ollar as súas axendas: unha foto, unha conferencia e un programa para que escoiten ben os veciños, para que lle escoiten dicir sandeces e insultar a todos os políticos desta cidade, porque iso é o que fai e é patético por parte dun alcalde. Aquí cala e pola noite na televisión contesta. Agardaremos a que diga que somos uns incultos, que non traballamos, que non sabemos sumar, pero nós temos máis dignidade, máis clase e temos a cabeza ben alta porque estamos aquí, no salón de Plenos, expoñendo as nosas propostas, cumprindo un compromiso tácito cos cidadáns e eu non sei onde está agora o Sr. Caballero.

Por moito que se nos desprece verbalmente acotío, nos cumprimos co noso traballo ata o final do seu mandato, Sr. Caballero, porque afortunadamente xa lle queda pouco. As súas verbas descualifícano a vostede e os seus insultos non van ter resposta pero os arquivos sonoros e audiovisuais da cidade están engordando, desafortunadamente as hemerotecas non lle fan xustizas porque leva toda a vida dicindo mentiras e sempre moi lonxe da realidade. Vémolo en varias ocasións neste Pleno, por exemplo coa paga extra dos funcionarios. É unha tras outra.

Alcalde, sega vostede de charlatán pola vida mentres esta cidade permanece illada, á deriva e crispada. É de vergoña o que fai. Moito asañouse vostede cos concellos limítrofes a Vigo pero os seus alcaldes demostran cada día ter bastante máis dignidade ca vostede.

Valentía e compromiso cos vigueses, Sr. Caballero, porque hoxe xa non sabemos se vostede é o alcalde ou é unha "super star", é máis doado velo na tele ca atopalo nos corredores ou despachos do Concello traballando.

Cumpra os acordos plenarios. O Partido Popular non vai ceder nin parar neste tema, insistiremos niso e senón sexan responsables e voten en contra das propostas que aquí presentamos se logo non as van cumprir.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: No Bloque Nacionalista Galego estamos totalmente de acordo con esta moción e por suposto que a apoiaremos por coherencia.

O Bloque Nacionalista Galego foi a primeira forza política, moito antes ca o Partido Popular, que nesta Corporación esixiu e reclamou precisamente que se tivese respecto polas decisións que se toman na Corporación municipal e fomos a

primeira forza política que reclamou do alcalde e do goberno local o cumprimento dos compromisos plenarios.

Quérolle lembrar á Sra. Egerique que foi o BNG quen apoiou a moción da retirada dos carteis da Alcaldía, quen propuxo que se asinaran os convenios tal e como se aprobaron aquí co Centro Cívico de Teis ou coa FAVEC, quen solicitou o cumprimento da volta dos coidadores de barrio, etc.

Tamén cremos que hai que cumprir os acordos plenarios porque evidentemente non se debe tomar nunca a broma o que significa o máximo órgano de representación dos cidadáns que é o Pleno municipal. Sempre dixemos que a democracia se ten que rexenerar día a día e que aqueles gobernos que están en minoría se deben caracterizar sempre por facer cumprir os acordos que se tomen, estean ou non a favor deles. Esa é a democracia, democracia que significa que a maioría da cidadanía representada polos concelleiros e concelleiras é a que ten que gobernar e intervir democraticamente.

Por iso apoiaremos esta moción e, aínda que poderíamos, non presentaremos ningún tipo de emenda. Para que quede claro e non se nos tache de ambiguos neste tema queremos ser moi claros: Sr. Alcalde e goberno local, teñen que cumprir os acordos. Dito isto, tamén digo que absolutamente todos os acordos que se toman por maioría nesta Corporación se deben respectar e asumir, e por suposto digo todos: os do sistema da tarifa da auga, os da UNED, os da ETEA e os que acaba de citar a Sra. Egerique.

Pero tamén teño que dicir que nesta Corporación se tomaron acordos, mesmo por unanimidade ou por maioría, que logo vostedes, señores do Partido Popular, non levan a cabo alí onde teñen competencias. Polo tanto a mesma esixencia que nós lle facemos ao goberno local tamén lle facemos ao Partido Popular.

Neste Pleno apoiouse e aprobouse, por exemplo, que a Deputación atendera á Rede de museos da nosa cidade por proposta tamén dunha emenda do Bloque Nacionalista Galego e a Deputación non fixo caso. Neste Concello aprobouse unha moción do BNG instando á Xunta a que modificara a súa política educativa, aprobouse por unanimidade e vostedes non lle reclamaron nunca ao Sr. Núñez Feijóo que fixera caso ao que a maioría da Corporación viguesa dixo. Tamén aquí se aprobou por maioría unha moción para que a Xunta derrogara o canon da auga existente e non lle escoitei a ningún representante do Partido Popular en Vigo

reclamar este acordo. Aquí tamén se aprobou que se instase á Xunta a compensar a perda de poder adquisitivo dos empregados públicos, a retirar ese decreto, pero non escoitei a ningún membro do Partido Popular defendendo este acordo. Nesta Corporación aprobouse por maioría a derogación da Lei de área metropolitana e non escoitei a ningún membro do Partido Popular reclamando este acordo.

Polo tanto non se pode pedir que se cumpran os acordos cando somos nós os que aprobamos e votamos a favor e non pedir que se cumpran eses mesmos acordos aínda que unha forza política vote en contra. Se respectamos a maioría da Corporación, temos que a respectar cando o Partido Popular consegue que se aprobe unha moción ou cando non o consegue se as demais forzas políticas a aproban.

Apoiaremos esta moción por coherencia, coherencia que neste caso si lle falta ao Partido Popular para poder esixir que nesta Corporación se cumpran os acordos.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Señores do Partido Popular, en cinco anos nós fixemos máis ca vostedes en oito anos. No tema da auga conxelamos o recibo, estamos a realizar un estudo serio e rigoroso de alternativas como así foi o noso compromiso co Pleno.

Cando vostedes gobernaban, Sr. Figueroa, dicían: “O goberno local proxecta cambiar os sistemas de tarifas da auga”. O Sr. Figueroa dicía: “É importante chegar atopar unha fórmula que sexa viable. Se non somos capaces de ofrecer á empresa unha fórmula que garanta ese equilibrio teremos que manter ese sistema”. Non foron capaces de facer nada. Non só mantiveron esa tarifa da auga senón que a incrementaron.

Mentres, nós conseguimos melloras nos investimentos de máis de cinco millóns de euros, que se incrementase a achega á cidade de Vigo en 80,8 millóns en nove anos, cando vostedes querían que pagásemos o IVE da depuradora, 45 millóns de euros, porque querían hipotecar á cidade de por vida.

As veciñas e os veciños dinos na rúa que agora se ve o que o alcalde fai cos impostos: bolsas, humanizacións, plan de emprego, política social. Tamén nos preguntan que facían os de antes co diñeiro público e teñen razón porque non facían nada de nada. Nós cumprimos co Pleno pero sobre todo cumprimos coas viguesas e cos vigueses. O PP non cumpre con Vigo.

Falaron da auga en Vigo cando a Xunta nos subiu o canon a todos os vigueses. Máis do 70% dos usuarios da auga nestes momentos ven como o seu recibo se incrementou en máis do 6%.

O PP tería que comezar por baixar os impostos onde goberna, en troques disto fai todo o contrario: soben o canon da auga, o IVE, a taxa xudicial, o IRPF, a electricidade e os medicamentos dos nosos maiores. Esas son as políticas do Partido Popular onde gobernan.

Tamén nos falaron da ETEA, unha ETEA que paralizaron vostedes ao paralizar o Plan económico-financeiro, que cando estaba aprobado por silencio administrativo aínda nos querían dicir que non. Seguen embargando os proxectos desta cidade.

Pero se vostedes viviran en Vigo, se pasearan polo barrio de Teis verían como nestes días se están executando as obras da rede eléctrica, obras que se están realizando porque a Xunta de Galicia tamén nos dixo que a instalación eléctrica anterior non valía e que a teríamos que cambiar.

A apertura da ETEA é inminente, nuns días poderemos ver como se abre ese pavillón. Os concelleiros do Partido Socialista deste goberno van estar na apertura dun pavillón en Vigo, mentres que os concelleiros, os delegados provinciais e os deputados provinciais do Partido Popular para inaugurar un pavillón teñen que ir a Mos porque o diñeiro da Deputación non o invisten en Vigo cando aquí temos aos deputados provinciais, Sra. Iglesias e Sr. Figueroa. Isto é o que fan o Partido Popular e a Deputación nesta cidade.

Falaron da UNED cando primeiro nos mandaron uns escritos dicíndonos que non cumpríamos coas condicións para a apertura e facéndonos uns requirimentos que cando se cumpren, fan unha visita e fanos outros. Van seguir requiríndonos e pedíndonos datos?

Dende este goberno non consentimos que nos falen de traballo e de dedicación porque máis traballo do que fai este alcalde pola cidade, non o fai ningún dos concelleiros do Partido Popular, todo o contrario. É moi fácil de ver porque neste Concello aparcamos o automóbil todos no mesmo sitio e, por media, o alcalde chega a este Concello unha hora antes ca vostedes. O alcalde traballa para esta cidade de día e de noite.

Non se poñan nerviosos. Eu poríame nervioso se fose do Partido Popular e só acadase o 33% dos votos nas últimas eleccións, mentres que o Partido Popular no



resto de Galicia acadou o 50%.

Vostedes comprométense a solucionar a UNED de Vigo? Digan si ou non porque está nas súas mans. Comprométense a traer a Sinfónica de Galicia? Comprométense a poñer menos atrancos e a apostar por un proxecto da cidade do mar na ETEA? Van aprobar, van dicir que si ao colector de Colón que aprobaron e aquí e que o tiña que facer a Xunta de Galicia? Digan si ou non porque está nas súas mans.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Teño que lembrar que esta moción é para que se cumpran as mocións que aquí se aproban e non para dar mitins.

Insistimos en que o Partido Popular en solitario non pode aprobar ningunha moción e por iso votamos sempre con responsabilidade. Calquera moción que se aproba aquí, tanto por maioría como por unanimidade, conta cos votes ou do Bloque Nacionalista Galego ou do Partido Socialista. Calquera moción aprobada neste Pleno municipal ten a man de seu alzada, co que vostedes teñen a responsabilidade con esta cidade e cos vigueses de cumprir as mocións.

Díxenlle antes que busque solucións. Nunca na historia nas corporacións democráticas de Vigo ocorreu o de agora. E tal a súa falla de talla política que despreza e insulta a todos, pero eses insultos non van ter resposta. Seguiremos traballando e non cesaremos neste empeño.

Iso que di o alcalde sobre que fala con Obama e cos premios Nobel, non se decata de que resulta absolutamente ridículo. O que ten que facer é cumprir os acordos plenarios que é polo que estamos aquí todos sentados. Somos concelleiros de Vigo. Son vostedes os que teñen a potestade de cumprir as mocións. Por que levantan a man cando facemos propostas e votan a favor por unanimidade? Din, prometen, falan e recollen pero non fan. Como xa dixen antes hai hemerotecas e por riba temos documentos novos gráficos e sonoros. É continua a mentira e o anuncio antes das eleccións pero se cambia despois delas.

Sr. Caballero, nesta cidade só falta o compromiso e a talla política, xa llo dixen antes pero vostede non estaba aquí. Ten que cumprir co que di, cumprir os acordos.

Non fai nada do que di e non respecta para nada aos políticos desta cidade porque tan concelleira son eu ou os trece que estamos aquí sentados, coma vostede. Non

fale co interventor mentres estamos falando e logo, como dicimos sempre, responda pola noite na televisión. Non é capaz nin de mirar á cara das persoas que están falando. Eu estou falándolle a el directamente porque esta é unha moción para o alcalde e non para o grupo municipal. Non ve que despreza ata aos seus propios concelleiros?

Vimos aquí para aprobar mocións e sacalas despois adiante, para votar propostas con responsabilidade. O alcalde fai o que quere e cando quero, pero iso non o pode facer porque está representando a unha cidade. Hai que facer, non o que diga eu senón o que diga o Pleno municipal que é o máximo órgano de representación. Democracia *versus* demagogia, Sr. López Font.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. Egerique Mosquera, instando á Alcaldía o cumprimento de todos os acordos plenarios, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3.-(250).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO UN PLAN DE AXEITADO E A REDACCIÓN DUN PLAN DIRECTOR DO CONTORNO DO MONTE DO CASTRO. EXPTE. 556/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de novembro, número 556/1101, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte moción:

“A fortaleza do monte do Castro está declarada como Ben de Interese Cultural dende hai máis de 40 anos. Non obstante, o seu estado actual mostra un abandono perfectamente constatable polos cidadáns, sen que o goberno municipal faga nada por axeitalo.

Xa no ano 2007, co goberno do Partido Popular presentouse o anteproxecto para

levar a cabo a reestruturación completa do recinto da fortaleza.

A chegada do bipartito provocou que a iniciativa quedase nun caixón e comezou a loita entre os dous socios do goberno sobre a necesidade ou non de derrubar o inmoble de El Castillo. Ata o extremo de que o Grupo Municipal do PP presentou una moción, en febreiro dese ano, para que se definise o futuro do edificio.

O estado de abandono do monte do Castro, enclave turístico por excelencia de Vigo, aumentou e o Concello non fixo nada por remedialo, pese as denuncias do PP e de colectivos cidadáns, como a Federación de Veciños e os Amigos dos Pazos. Isto levou a que o Partido Popular presentase una nova iniciativa, aprobada por unanimidade no Pleno da Corporación de setembro de 2010, para redactar e executar o plan director do Castro e a recuperación da fortaleza. Pese ao acordo unánime do Pleno, non se fixo nada. O goberno de Caballero xa en solitario segue sen acometer dito plan.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Instar ó Concello de Vigo a que de forma urxente leve a cabo un plan de axeitado de todo o recinto do monte do Castro.

Segundo.- Iniciar a redacción dun plan director do contorno, que inclúa a conservación e recuperación da Fortaleza do Castro, declarada como Ben de Interese Cultural.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 19 de novembro, por maioría, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RELOVA QUINTEIRO: Só quero lembrar que hai unha cidade chamada Roma que ten sete outeiros e que Vigo tamén tiña sete portas. Tamén o castelo de Barba Azul tiña sete portas onde se achaban os medos máis terribles para o ser humano, algo no que posiblemente se converta esta cidade.

Comprácame moito o escudo da miña cidade, desta cidade de Vigo que di: “A moi leal, fiel e valorosa”. Agora tristemente é iso: triste, apagada e derrotada.

Temos un alcalde que só ve a palla no ollo alleo, que despreza e ri de calquera persoa que veña levarlle a contraria. Acabamos de ver como intentaba despistar á miña compañeira, Sra. Egerique, diante de tremendas verdades.

Antes a técnica co asunto da UNED era que se a directora era de extrema dereita, agora a da Sinfónica de Galicia é que esta é da Coruña e resulta que tamén fala como voceira doutros intereses. É demencial como se vive esta depredación da

verdade. Son auténticos depredadores da verdade, por utilizar termos que teñen que ver coa licantrópía, por non nos meter con persoas nin seres humanos, non sexa que a Sra. Lago, como responsable do zoo, se enfade comigo.

Só lles quero lembrar e amosar esta reconstrución hipotética do que era Vigo na época barroca coas murallas. Como ven, era unha auténtica marabilla.

Fíxense que tamén que é moi curioso que antes se dicía que esta era unha cidade fermosa. Pero a min me parece que está moi triste, moi apagada, derrotada e deshumanizada.

De novo o Grupo municipal do Partido Popular presenta unha moción de grande interese para a cidadanía. Nos últimos anos ven transmitindo diante deste Pleno e da opinión pública a súa preocupación polo lamentable abandono do enclave do Monte do Castro. Lémbrolles as varias ocasións nas que a miña compañeira, Sra. Larriba Leira, comentou a súa problemática; lémbrolles tamén a división de opinións entre BNG e PSOE. Cremos que esta é unha oportunidade histórica para relanzar o proxecto e unir os nosos esforzos cos de todas as institucións para a gañar.

O Castro reúne todas as condicións para se converter nunha referencia e nun símbolo da grandeza histórica e patrimonial da nosa cidade. Como todo o mundo sabe, é un enclave natural situado nun lugar prodixioso con monumentos. Ten todas as referencias posibles para ser a gran referencia dun proxecto da cidade do século XXI, ou polo menos así o entende o Partido Popular. De feito un señor ao que vostedes tanto critican, o meu compañeiro Sr. Figueroa, si que traballa e estuda coma o facemos os trece concelleiros deste grupo. Traballamos cun anteprojecto do Monte do Castro moi interesante que non sei se coñece o alcalde, senón eu llo paso e tamén o traballo que fixo Elena Maure nel para rescatar o Monte do Castro e todo o que o rodea: historia, monumentos, ecoloxía, turismo, historia, educación, sanidade, urbanismo, xuventude...

O castro alberga edificios históricos, centros educativos, garderías e hospitais; é un auténtico pulmón para a nosa cidade e un miradoiro especial, pero todo iso con graves problemas que hai que solucionar é só lle hai que botar unha ollada ás tristes testemuñas gráficas que lles mostro nas que se ve a cidade.

Nesta moción que eu estudei e traballei atopeime con que hai unha historia na cidade, da que me sinto moi orgulloso e na que moitas persoas decidimos traballar,

estudar e vivir.

Por exemplo débese reforzar a importancia do enclave do Castro cara á opinión pública, engadindo que é un ben de interese cultural porque é un importante monumento da época barroca do século XVII, exemplo de arquitectura militar. Reforzar tamén todas posibilidades do parque: miradoiro sobre a cidade, un pulmón verde marabilloso, enclave dun importante depósito arqueolóxico e a fortaleza. Todos estes elementos deben integrarse para a súa posta en valor.

Outros problemas co Castro é que non se valora máis ca como parque, que non se sinalizan os monumentos. A mala imaxe dos edificios arruinados do miradoiro e do castelo que por certo, nin os "okupas" queren xa vivir neles. É unha auténtica mágoa. Ademais, como todos saben e o Sr. López Font máis ca ninguén, existe un tema arduo que se foi das mans: o tráfico.

A fortaleza do Monte do Castro está declarada como ben de interese cultural dende hai máis de corenta anos, non obstante o seu estado actual amosa un abandono que se constata perfectamente polos cidadáns sen que o goberno municipal faga nada por axeitala.

SR. ALONSO PÉREZ: No inicio do anterior mandato no grupo do BNG contabamos cunha compañeira, D<sup>a</sup> Elena Maure, que sempre defendeu con moito entusiasmo a necesidade de abordar unha intervención integral no Castro a través dun plan director.

A Sra. Maure transmitiunos este entusiasmo a todo o grupo municipal e de aí xurdiu unha serie de iniciativas. Unha foi a reconstrución das vivendas do poboado castrexo. E así se fixo porque o BNG propón e cando goberna fai as cousas efectivas. Foi unha iniciativa do BNG que se concretou a través da proposta da Sra. Maure que logo fixemos propia de todo o grupo.

Outras das cousas que fixemos foi solicitar a colaboración da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta para recuperar o espazo amurallado que efectivamente, hai máis de corenta anos está declarado como ben de interese cultural. Tamén solicitamos a derruba do restaurante O Castelo que ademais de non ter valor patrimonial, está asentado entre o primeiro e o segundo recinto amurallado.

Foi unha mágoa que, unha vez que dende o Concello contábamnos coa colaboración e cos informes favorables para esta derruba e posta en valor da muralla por parte

da Dirección Xeral, a Alcaldía non o compartise e de feito fixeron distintas propostas de uso para que o restaurante seguise funcionando.

Posteriormente tamén foi unha mágoa que a Dirección Xeral da Xunta ficase muda cando entrou nela o Partido Popular. A partir de aí non houbo ningún interese en que a proposta do Concello se fixese efectiva e así estamos hoxe.

Por iso dende o BNG seguimos defendendo como sempre a posta en valor de todo o que significa O Castro. Defendemos unha intervención integral no Monte do Castro pola que se poñan en valor todas as súas potencialidades: o seu valor botánico cun catálogo de conservación das especies arbóreas, recuperación de xardíns, recuperación de rotas poñendo en valor os monumentos que alí hai: monumento a Curros Enríquez, a Martín Códax, aos galeóns de Rande, o monumento de Camilo Nogueira de pulo da cidade; todos estes monumentos hainos que poñer en valor.

Ademais diso habería que eliminar a Cruz dos Caidos porque, en virtude do disposto no artigo 15.1 da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían os dereitos e establécense medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, coñecida coma Lei da memoria histórica, que obriga ás administracións públicas a tomar as medidas oportunas para a retirada de obxectos ou mencións conmemorativas da sublevación militar da guerra civil e da represión da ditadura. Débese proceder polo tanto e de maneira inmediata a retirar a Cruz dos Caidos por constituír un elemento de exaltación colectiva da sublevación militar, da guerra civil e da ditadura franquista.

Por iso e esperando contar co apoio dos partidos Socialista e Popular e estando a favor e de acordo en poñer en valor todo o que significa o Monte do Castro, propoñemos unha emenda de engadido que inclúa: “A retirada inmediata da Cruz dos Caidos”.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Sr. Relova, agradézolle a oportunidade que me dá para falar de algo tan emblemático como é O Castro. Relatou moi ben a cantidade de cousas que se atopan nel cando falaba de lecer, de descanso, deporte, hostalaría, panorámicas, vexetación, botánica, monumentos, patrimonio histórico, etc. O conxunto é un piar básico para esta cidade e sobre todo no aspecto cultural.

O goberno municipal entende que hai unha necesidade moi importante de

conservación e para a garantir o seu adecuado mantemento está permanentemente con continuos proxectos e actuacións.

Sr. Relova, semella que hai moito tempo que non visita O Castro. Recomendolle que en troques de utilizar Google vaia máis por alí porque nos cinco anos que levamos de goberno municipal fixéronse as seguintes actuacións: mellora do alumeadado, mellora dos terrados de acceso e do perímetro, plan de podas permanente, posta en valor das fontes, da parte botánica, da masa arbórea, así como a creación lúdica de novos parques infantís e, como non, a instalación dun novo parque bio-saudable; construción dunha área específica para estiramientos deportivos, reparación das escadas de acceso, asfaltado de vías, conservación das murallas do interior do castelo e, como dicía o Sr. Alonso, a recuperación do poboado castrexo. Toda unha serie de investimentos por máis dous millóns de euros, algo que é unha realidade deste goberno e non da pasividade do anterior goberno do Partido Popular que non foi quen de investir alí nin un só euro.

Sr. Relova, o parque do Castro, como se adoita dicir cando algo está ben, está niquelado, está en perfectas condicións. Recomendolle que o vaia mirar.

Ademais nestes momentos estamos traballando en algo moi importante que é un estanque que estamos poñendo en valor, tamén nesas pistas de seguridade vial polas que pasan tantos nenos e nenas por mor dun programa de información que se lles dá dende o departamento de Seguridade e Tráfico deste Concello. A maiores está previsto un investimento de máis de cen mil euros para a parte botánica e de monumentos.

Estas son as solucións que estamos a levar adiante, pero tamén as buscamos para as edificacións existentes que levarán a rematar e consolidar o innegable valor da paisaxe do Castro que todos queremos e respectamos, este Concello, co alcalde á cabeza que está moi involucrado nese parque.

Nestes momentos alí está traballando, ademais dos profesionais municipais, un grupo de dous equipos de traballadores que se incorporaron a través do plan "Vigo emprega" porque o que fai este goberno é investir no emprego e non como fan vostedes, que eliminan, reducen e recortan onde gobernan.

Sr. Relova, a Deputación e a Xunta de Galicia teñen unha serie de competencias na cidade. Para exemplo, móstrolle unha fotografía da vía da Ponte pola que lle recomendo que dea un paseo. Decátese de como está a masa arbórea. Xa non lle

digo nada das súas lousas das que ten aquí outra fotografía. Realmente non sabemos onde van parar todos eses cartos que din que invisten aquí a Deputación e a Xunta porque nas competencias que teñen non invisten nin un só euro. Non son capaces de humanizar a estrada provincial, hoxe Emilia Pardo Bazán, tampouco arranxar as vías de Valladares e todas as demais zonas que son competencia de seu.

Lémbrolle que en vías que son competencias das anteriores administracións, como o é a avenida de Ramón Nieto ou a avenida de Galicia, este Concello fixo as humanizacións.

Os veciños de Cabral, Lavadores e Sárdoma levan anos pedindo que fagan vostedes no río Lagares un paseo lineal para o recuperar e para o uso dos cidadáns. Móstrolle a fotografía para que vexa o mal que está.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Non veña aquí faltando á verdade porque non hai máis ca asomar á fiestra que temos aquí para ver a foto do Castro. A licantropía da verdade é tremenda.

O único que sei é que o Castro podería ser o emblema dunha cidade moderna, exemplar e limpa onde estivese a fabulosa historia da nosa cidade porque alberga practicamente todo, dende a época dos primitivos pobos, os asentamentos, o barroco, as invasións, guerras, batallas, etc. Cantas persoas saben en Vigo quen era Pablo Morillo cando estamos fartos de pasar por unha rúa con ese nome? Vostede é moi listo, moi intelixente e sabe contar, escribir e de todo pero insisto en que os do Partido Popular ademais diso estudamos e traballamos. Quen coñece a Cachamuíña ou o significado das sete portas que tiña esta cidade?

Mágoa que se teñan que poñer a facer manipulación ideolóxica da propia historia da cidade no seu propio beneficio, mentindo e enganando á cidadanía. É triste e penoso que me diga a min que O Castro e a xoia da coroa cando eu traballo alí, ou non sabe que o Conservatorio de Música está no Castro e eu ando de enriba para abaixo? Non hai que subir para ver como está.

Señores do BNG, con respecto ao tema da Cruz dos Caidos, eu creo que é un tema o bastante importante como para separar unha cousa da outra. O Sr. Alcalde comprometeuse co Bispado de Vigo para arranxar ese tema e nós non temos nada que dicir. Polo tanto non lles admitimos a emenda porque cremos que este tema



ten que ir nunha moción á parte.

Mágoa que O Castro non poida ser o faro da nosa cidade da cultura, do turismo... Decía o de Pablo Morillo porque os vigueses e as viguesas poderíamos aprender moitas cousas de todo o que significa a historia da cidade se, por dar ideas, cos nomes das rúas se puxese entre paréntese quen foi o persoeiro. Poderíanse facer moitas cousas.

Vigo podería ser unha cidade emerxente precisamente a través da súa cultura, do seu patrimonio arquitectónico, histórico, literario, paisaxístico, de museos, etc. Creo que este é o gran momento da nosa cidade.

Hai dous Plenos o Sr. Fidalgo dicía que construímos barcos, fabricamos automóbiles, lanzamos satélites ao espazo e rodeámonos dunha das paisaxes máis belas do mundo. Mágoa que nos quedemos nun “vicus”, nunha aldea.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, por escrito de data 26 de novembro:

Engadir ao final do primeiro punto da moción: “...que inclúa a retirada inmediata da Cruz dos Caidos”.

*O relator da moción, Sr. Relova Quinteiro, non acepta a anterior moción polo que a Presidencia non a somete a votación.*

(Están ausentes o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, as concelleiras do Grupo Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez e Sra. Silva Rego e a concelleira do Grupo do BNG, Sra. Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Relova Quinteiro, instando instando levar a cabo un plan de axeitado e plan director do Monte do Castro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non se presentaron.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

- \* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. CENDÓN ALONSO, SOBRE O FUNCIONAMENTO DO RELOXO DO MARCO.

SRA. CENDÓN ALONSO: En relación coa recuperación do noso patrimonio histórico, recibimos bastantes peticións da cidadanía para que se poña en funcionamento o son do reloxo do Museo MARCO.

Saben que se fixo un forte investimento para recuperar ese reloxo que ten un son de campás moi fermoso ao que se lle poden incorporar diferentes melodías; no Nadal se lle poderían incorporar panxoliñas nas tres horas que soa. Soa dende as dez da mañá ata as nove da noite e non sería incómodo para os cidadáns, pola contra gústalles. Estaba xa incorporada a “Alborada” galega, “Negra Sombra” e un “Ave María” de Schubert. Poderíase incorporar calquera outra canción porque se se traslada a Bélxica, alí o poderían facer.

A PRESIDENCIA: Prégolle que leve este rogo ao Padroado da Fundación MARCO que é o competente neste tema.

- \* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, RELATIVO A PETICIÓN DA ASOCIACIÓN VECIÑAL DE CABRAL-FEIRA.

SRA. EGERIQUE CENDÓN: É este un rogo referente á asociación veciñal de Cabral-Feira que considera que están un pouco abandonados por parte do concelleiro D. Angel Rivas.

Pregámoslle que pase por alí por veren o estado dos bancos, xardíns e alumeado porque din que non reciben a atención merecida.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: En Cabral están perfectamente atendidas as zonas que lle

corresponden. Se dalgún xeito queren facer partidismo poden, pero non veñan ao Pleno trasladalo porque nunca na historia da democracia desta cidade fixéronse tantos investimentos en Cabral como se están a facer.

## 6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

- \* PREGUNTA DO VOCEIRO DO GRUPO DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVA Á ENTREGA DAS TARXETAS AZUIS DE APARCADOIRO PARA PERSOAS DISCAPACITADAS.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Nas últimas semanas recollemos a preocupación e as queixas de máis de cen persoas que levan meses agardando para que se lles entreguen dunha vez por todas as tarxetas azuis que dan dereito aos aparcadoiros en zonas reservadas para persoas con discapacidade. De nada vale que pintemos e teñamos estes aparcadoiros se despois estas persoas non reciben estas tarxetas. O que nos din é que non se trata de semanas, senón mesmo de meses agardando. A pregunta é: Por que este atraso? O goberno local ten pensado solucionalo de xeito inmediato?

A PRESIDENCIA: Gracias. Tomamos nota e seguro que nos poñemos a iso.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e corenta e nove minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.